

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.deponevedra.es



albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



Norma RAE
Norma RAE

1. FICHA TÉCNICA

Director: Martin Ritt
Guión: Irving Ravetch, Harriet Frank Jr.
Producción: Tamara Assayev, Alex Rose
Duración: 110 min.
País: USA
Año de produción: 1979.
Elenco: Sally Field, Beau Bridges, Ron Leibman, Pat Hingle, Barbara Baxley, Gail Strickland.

RESUMO

Norma Rae Wilson é unha rapaza viúva, con dúas criaturas, que traballa na fábrica téxtil OP Henley no estado sureño de Arizona, na pequena cidade de Henleyville. Vive co seu pai e a súa nai, que tamén traballan na mesma fábrica. As condicións laborais das persoas que alí traballan son moi duras: é a única fábrica dos Estados Unidos cuxo persoal non está sindicado e os avances cara á mellora das condicións laborais non teñen chegado ata alí.

Un día aparece en Henleyville Reuben Bershovsky, un neioirquino xudeu que se instala alí coa única finalidade de conseguir que o persoal da fábrica se syndique. Reuben pídele axuda a Norma: a vida dela cambiará para sempre a partir deste momento.

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Barrio Alameda, 28 baixo
36282 - Vigo
T 986 213 787
www.ccoo.es



Avda. Oreste Ballea, 104-1
36201 - Vigo
T 986 429 411
www.cef.es



Calvo Sotelo, 47 - Barrio
36203 - Vigo
T 986 857 900
www.cig.es



Avda. Mestre Ros, 1/a
36001 - Pontevedra
T 986 854 188
www.deponevedra.es



Pedro Sarri, 24-26
36201 - Vigo
T 986 130 071
www.fundaciongalanovs.es



Barrio Ballea, 2
36201 - Vigo
T 986 423 225
www.sogitextil.org



Viceministro de Industria
Barrio Ballea
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 892
www.vigo.es

2. CUESTIONARIO

1) Cal é na túa opinión o tema máis importante que a película trata?

- O racismo imperante nalgunhas sociedades.
- Como a decisión e o esforzo dalgunhas persoas consegue acabar con situacións de inxustiza ou discriminación, a pesar das dificultades.
- A discriminación que sofren as mulleres no seu lugar de traballo.

2) Cres que a situación que se vive na fábrica da película se pode vivir hoxe en día en España? E noutros sitios do mundo?

3) Cita un ou varios sindicatos que coñezas. Sabes se hai sindicatos só de mulleres?

4) Cres que ser home ou muller pode ser un condicionante á hora de ocupar un posto de traballo? Cal é o caso que se presenta na película? Coñeces moitas mulleres que ocupen postos directivos en gobernos, partidos políticos, sindicatos ou empresas? E homes? Por que cres que non hai máis mulleres neses postos?



CUESTIONARIO . 2

5) Que opinas do feito de que se utilice información sobre a vida sentimental ou sexual dunha persoa para desprestixiala? Cres que este feito se dá mais no caso dos homes ou das mulleres?


6) Que se pensa dun rapaz que sae con moitas rapazas? E dunha rapaza que fai o mesmo e sae con moitos rapaces?

7) Que opinas da reacción do home de Norma Rae cando se queixa de que as tarefas da casa están sen facer porque ela pasa demasiado tempo ocupada cos temas do sindicato? De quen son responsabilidade os traballos da casa?

8) Cres que as mulleres non deben traballar cando casan ou cando teñen fillos/as? Quen debe atender á familia?

9) Cal pensas que foi o futuro de Norma Rae na empresa? Cres que houbo represalias pola súa acción?

10) Por último, nunha frase, explica cal cres que é a mensaxe que quere enviar esta película a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

A presentación a cargo da moderadora / moderador debe xirar proceso de transformación que sofre unha muller, unha persoa pero capaz de observar e analizar as inxustizas que sofre, cando tenta cambiar aquilo que non lle gusta, converténdose nunha líder, organizando a compañeiros e compañeiras na loita pola mellora das súas condicións de vida.

O debate debe xirar arredor dese tema, e cales son as características que se deben dar para acadar ese proceso de empoderamento das mulleres. Tamén para falar das características do liderado autoritario e agresivo, máis orientado relacións interpersoais, pero igualmente reflexión sobre cal é aínda o sexo do nosa no ámbito

as
e laboral e

transformación
inxustizas
líder

arredor do
normal,

liderazgo ou
debe
feminino:
ao grupo de
efectivo.
poder na
personalidades
homes, pode ser un bo
debate sobre esta película.

Existe a posibilidade ademais de tratar outros temas: o emprego e a súa importancia nas vidas das persoas, a discriminación laboral e a segregación laboral que sofren mulleres, o racismo, a conciliación da vida familiar, persoal a discriminación que sofren as mulleres en relación coa desigual distribución de tarefas no fogar.

TEMA PRINCIPAL

proceso de transformación da muller
empoderamento
emprego

TEMAS SECUNDARIOS

discriminación laboral
segregación das mulleres
racismo
conciliación

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Terre Alameda, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Avda. García Barbón, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entresó
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galicia.cig.es



Avda. Herrera Rúa s/n
36201 - Pontevedra
T 986 804 100
www.deputacionpontevedra.es



Polvoroso Bar, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.fundacioncabanova.es



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.iagegalicia.org



Vicepresidencia de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 292
www.univigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputacionpontevedra.es



Fondo Social Europeo



Norma RAE

Norma RAE

1. FICHA TÉCNICA

Director: Martín Ritt

Guión: Irving Ravetch, Harriet Frank Jr.

Producción: Tamara Assayev, Alex Rose

Duración: 110 min.

País: USA

Ano de produción: 1979.

Elenco: Sally Field, Beau Bridges, Ron Leibman, Pat Hingle, Barbara Baxley, Gail Strickland.

RESUMO

Norma Rae Wilson é unha rapaza viúva, con dúas criaturas, que traballa na fábrica téxtil OP Henley no estado aureño de Arizona, na pequena cidade de Henleyville. Vive co seu pai e a súa nai, que tamén traballan na mesma fábrica. As condicións laborais das persoas que alí traballan son moi duras: é a única fábrica dos Estados Unidos cuxo persoal non está sindicado e os avances cara á mellora das condicións laborais non teñen chegado ata alí.

Un día aparece en Henleyville Reuben Barshovsky, un neociurquino xudeu que se instala alí coa única finalidade de conseguir que o persoal da fábrica se syndique. Reuben pídele axuda a Norma: a vida dela cambiará para sempre a partir deste momento.

2. CONTEXTOS

nos que se move a peioúle, vinculados á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL

Norma Rae é unha rapaza nova, pero que xa ten vivido durando como para saber que son as mulleres as que soñan maioritariamente as desigualdades na sociedade. Cun fillo e unha filla pequena, e sen parella, pretende mellorar as súas condicións de vida traballando arreo. Por esa razón, acepta a oferta de ocupar o cargo de inspectora na fábrica Mafli, aínda que pouco despois se decatará de que facer cumprir unhas normas que lle parecen enormemente inxustas e inhumanas non se adapta ao seu carácter, sincero, emprendedor e decidido. Aínda que son competencias específicas no súa labor, Norma Rae ten as cualidades que fan dela unha destacada líder sindical na procura de melloras nas condicións laborais da fábrica onde traballa.

CONTEXTO FAMILIAR

O contexto familiar, de cara á diversificación profesional, é negativo. A familia de Norma, ao igual que a maioría das familias do pobo, non coñece outra forma de emprego máis ó traballo na fábrica Mafli. Non sabe outra enrique na vida de case ningunha persoa. A situación persoal e familiar de Norma ao principio da peioúle-viúva, cunha filla dese matrimonio e outro dunha relación posterior- preocupa ao seu pai e á súa nai, que non queren que se implique en ningunha acción contra a empresa que pode levar ao seu despedimento. Porén, coa axuda dunha persoa vinda de fora, o sindicalista Rauben, Norma será capaz de sacar de alí mesmo aquilo que antes non vía, a vontade de liberado, de traballo en equipo, determinación, valentía e teoón, nun verdadeiro proceso de empoderamento que a converterá na líder sindical da fábrica.

CONTEXTO SOCIAL

A peioúle, baseada en feitos reais, trata a situación e as condicións de traballo, case inhumanas, da derradeira fábrica que se adheriu ao sindicato de traballadores/as do idili nos Estados Unidos. Trátase dunha fábrica nunha pequena localidade de maioría baptista –a Convención do Baptistas dos Estados do sur de Estados Unidos é unha das Igrexas máis conservadoras do país- no estado de Arizona. A fábrica ten oito-centos empregados e empregadas. Os salarios do persoal son moi baixos, as condicións de traballo son moi malas –mulleres e homes pasan de pé todo o tempo de traballo, o ruído das máquinas é infernal, polo que soñan problemas de audición, o aire está contaminado polas máquinas de algodón e provoca enfermidades pulmonares e mesmo cancro-. Non existe política de prevención de riscos, e o trato dos xefes –todos homes- cara ás persoas empregadas é incorrecto, prepotente, rozando mesmo o acoso sexual no caso de Norma.

Aínda que traballadores e traballadoras se distribúen as tarefas, as xefaturas están ocupadas exclusivamente por homes. Norma será unha excepción, tanto cando se converte en inspectora como cando quere organizar o sindicato na fábrica.




3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre os estereotipos de tipo sexista que na nosa sociedade inflúen de maneira poderosa sobre os mozos e mozas á hora de tomaren decisións sobre a súa vida profesional e persoal.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para as mulleres e os homes, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre de que maneira o traballo realizado no seo da familia (traballo reprodutivo) inflúe na capacidade das rapazas e mulleres para desenvolver unha actividade profesional.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material utilizado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación.



3b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre como o ser home ou muller determina as nosas vidas, incluso as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que están establecidas para homes e mulleres, e as que non están establecidas.
- Analizar o proceso de empoderamento e liderado na persoa de Norma Rae, que dunha traballadora máis da fábrica, a través de esforzo, entusiasmo, capacidade de traballo, análise persoal e unha axeitada capacitación, consegue converterse na líder dos traballadores e traballadoras da fábrica, obtendo unha vitoria para o sindicato.
- Debater a importancia do traballo na nosa sociedade e de que maneira ese traballo ten que desenvolverse nunhas condicións dignas, permitindo ademais a compatibilización da vida persoal, familiar e profesional.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO FAMILIAR

recente matrimonio
sindicato na fábrica
detida, posta en liberdade

Norma Rae é viúva, ten un fillo e unha filla, e vive co seu pai e a súa nai na casa destes. Os tres traballan na fábrica textil Henley no momento no que se desenvolven os feitos, no verán de 1978.

A situación de Norma, unha muller soa, nova, con dúas criaturas, preocupa á familia, principalmente ao pai, que tenta controlar a vida privada de Norma, inquirindo sobre o seu tempo de lecer, as súas amizades, as súas relacións sentimentais. Está claro que existe certo temor a que quede embarazada de novo sen ter un home ao seu carón. Ao principio da película, Norma racha unha relación cun viaxante, un home casado ao que ve cando el vén á cidade, por non sentirse ben nun romance que non ten futuro.

É unha mostra da súa determinación de cambiar as cousas cando non está de acordo con elas. Pouco tempo despois coñecerá a un compañeiro de traballo, Sonny Webster, divorciado, cunha filla, e casará con el. Ao mesmo tempo coñecerá a Reuben, o sindicalista neioirquino que non só lle abrirá os ollos sobre as inhumanas condicións laborais nas que se desenvolve a súa vida e a dos seus compañeiros e compañeiras, senón tamén sobre as posibilidades de cambiar aquilo que non lle gusta desa situación, a través da súa propia determinación e o seu traballo.

O absorbente esforzo que Norma desenvolverá para apoiar a instalación do sindicato na fábrica traerá problemas ao seu recente matrimonio: o marido queixarase da pouca atención que Norma presta ás tarefas domésticas, ao coidado das criaturas, á cociña e á prancha.

O home de Norma Rae considera que a muller, ademais de realizar a súa xornada laboral no seu posto de traballo, ten que cumprir a "dobre xornada" que supón encargarse en exclusiva do traballo do fogar. A concentración de Norma na tarefa do sindicato leva á parella a unha situación de crise.

Os acontecementos na fábrica precipítanse e Norma acaba na cadea.

É detida, aínda que rapidamente posta en liberdade despois do pago da fianza, e decátase de que os patróns non se van deter para acabar con ela e van usar calquera arma que estea nas súas mans, entre elas a difamación: van utilizar a información que posúen sobre a vida privada de Norma, a paternidade das súas criaturas, para lanzar unha campaña contra ela.

Nunha famosa escena, Norma ergue ás criaturas da cama e cóntalles a verdade sobre os seus pais, quen foron e cal fora a relación que tiveran con ela. Anúncialles que no colexio os compañeiros e compañeiras vanlles falar mal da súa nai, e que deben estar alerta.

Norma medra como persoa e como profesional neste proceso: desprega unha actividade incesante, toma importantes decisións como a de abandonar a práctica relixiosa na igrexa que frecuentaba —ante a negativa do crego de deixarlle organizar unha das xuntanzas do sindicato no templo— sofre terribles momentos de dor como a morte do seu pai, debida a un ataque que ten lugar durante o horario laboral e que se agrava ante a negativa que recibe do inspector á súa solicitude de parar para descansar un pouco, e mesmo interérase por cousas ata entón descoñecidas para ela, como a poesía —chega a comprar un libro de Dylan Thomas que lle recomenda Reuben—.

Experimenta na súa propia persoa as dificultades que as mulleres teñen para conciliar a súa vida familiar e profesional e a falla de axuda da parella nesta etapa tan importante da súa vida persoal. Ao mesmo tempo que as súas capacidades profesionais se desenvolven, verá como van xurdindo dificultades, unha tras outra, desde a familia, desde o grupo de compañeiros e compañeiras de traballo, desde a xefatura da fábrica. Esas son as dificultades que a maioría das mulleres en posicións de liderado teñen que ser capaces de vencer.

CONTEXTO SOCIAL, ÉTNICO E CULTURAL

Alabama, 1978 revoltas

tensión racial, desigualdade, pobreza

fábrica téxtil
insubordinación
condicións laborais
falla de oportunidades

Alabama, 1978. Os acontecementos desenvólvense nun Estado remiso aos cambios, de todo tipo, políticos, sociais, culturais. Alabama é un dos estados nos que en 1960 tiveron lugar revoltas en contra da reforma dos dereitos civís, que pretendía acabar co sistema de segregación da poboación de cor. Non é un sitio no que Reuben Barshovsky vaia ser ben recibido. Non é de cor, pero é xudeu, é de esquerdas, é neiorquino, moitas cousas que non gustan á xente do Sur dos Estados Unidos. Trátase dun Estado no que subsisten vestixios de tensión racial, desigualdade e pobreza.

Crystal Lee Sutton, a verdadeira Norma Rae, traballaba nunha fábrica téxtil, J.P.Stevens, en Roanoke Rapids, Carolina do Norte, e foi despedida por "insubordinación" despois de ter tomado a iniciativa e provocado unha parada das máquinas da fábrica a favor da sindicación dos obreiros e obreiras. O nome da fábrica cambiou, o Estado tamén, o nome da nosa heroína igual, pero os feitos que a película presenta son basicamente os mesmos. Crystal Lee foi readmitida grazas á sentenza xudicial contra a empresa, por despedimento improcedente e a empresa tivo que indemnizala con 13.436 \$ en concepto de salarios impagados.

As condicións laborais na fábrica son moi malas, os riscos laborais grandes. Non existe política de prevención de riscos, o trato dos xefes —todos homes— cara ás persoas empregadas é incorrecto, rozando mesmo o acoso sexual no caso de Norma. A falla de oportunidades formativas e laborais actúa como un freo á posibilidade de cambio. Estes feitos afectan fundamentalmente ás mulleres, que sofren menores oportunidades laborais e de formación, a "dobre xornada de traballo", no emprego e na casa, e a discriminación no lugar de traballo, onde habitualmente se encargan de tarefas menos prestixiosas e peor pagadas.



O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

As cuestións esenciais son :

O tema máis importante da película é o EMPODERAMENTO e o LIDERADO na persoa de Norma Rae.

Sen estudos específicos, pero con intuición e cunha gran capacidade de traballo e entrega, é capaz de convencer a unha boa parte dos seus compañeiros e compañeiras de traballo para votar a favor da sindicación, co obxectivo de acadar melloras na súa situación laboral.



A súa capacidade de liderado, lonxe de autoritarios estereotipos masculinos, preséntase sobre todo como orientada á tarefa de animar ás persoas a que se identifiquen co obxectivo a conseguir: que a través da sindicación melloren as condicións laborais -salarios, horarios, hixiene e condicións dos postos de traballo- de todos e todas. Norma Rae é un bo exemplo de diversificación profesional: a maioría dos sindicatos teñen como líderes a homes, aínda que adoitan ter unha sección dedicada aos problemas específicos das mulleres.



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- "¿Que outro traballo hai neste pobo? Aquí non hai máis ca este", di o pai de Norma Rae ao principio da película.
- "¿Xudeu? Nunca tiña visto a ningún xudeu". -"Pois xa coñece a un". -"Dixéranme que tiñan cornos. Non parecen distintos de nós", é a conversa entre Norma Rae e Reuben. ¿Cal é a razón dos prexuízos contra persoas de diferente relixión?
- "¿Que quere agora? Xa lle dixen que non irei a cear con el", di Norma Rae cando lle din que a chama o supervisor. ¿Que sabes do acoso sexual no traballo? ¿Que opinas del?
- "¿Colliches unha pistola e apuntaches á túa muller?". -"la matalos aos dous, a ela e ao seu amante, pero non puiden", di Sonny a Norma Rae cando lle conta a historia do seu divorcio. ¿É iste un caso de violencia de xénero? ¿Cales son as razóns, segundo a túa opinión, para o uso da violencia dos homes contra as mulleres na relación de parella?
- "Se me inscribo na Unión, ¿perderei o meu emprego? Nunca pertencera a ningunha organización", dille Norma Rae a Reuben. ¿Por que ten medo Norma Rae das represalias da empresa?
- "Botaremos en falla a túa voz no coro, Norma", dille o sacerdote a Norma Rae cando ela lle pide que lle permita organizar unha xuntanza na igrexa. ¿Por que lle nega este permiso?



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- "No tes tempo de lavar nin de ir ao mercado nin de atender aos nenos nin a min...os nenos van por aí coa roupa sucia", estala Sonny cando Norma Rae chega tarde do seu traballo na Unión. ¿Quen debe encargarse destas tarefas no fogar? ¿Debe haber unha corresponsabilidade entre todos os membros da familia? ¿Por que Sonny non prancha, non cocíña, non frega?
- -"Fixo unha película pómo cun policía local. Ten un fillo ilexítimo. Déitase con varios". -"Se é lixeira de cascos, ¿que importa? Isto non é un mosteiro". Esta é a conversa entre os enviados do sindicato e Reuben, diante de Norma. ¿Quen cres que ten informado ao sindicato destes temas? ¿Son verdade? ¿Que pretenden quen propagan estas murmuracións?
- "Chegaches tí e cambiaches o seu modo de ser e pensar. É outra distinta. Non me gusta que se teña convertido en líder" dille Sonny a Reuben. ¿Por que Sonny prefería á antiga Norma Rae? ¿Que cambios se teñen operado nela? ¿Dálle medo o modelo independente, enérxico e poderoso, non estereotipado, de Norma Rae?



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputaciondepontevedra.es

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego de iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.deponevedra.es



A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



Osama
Osama

1. FICHA TÉCNICA

Director: Siddiq Barmak.
Guión: Siddiq Barmak.
Duración: 81 minutos.
País: Afganistán, Xapón, Irlanda, Holanda, Irán.
Ano de produción: 2003.
Reparto: Marina Golbahari, Arif Herati, Zubaida Zahar, Khwaja Nader.

RESUMO

Durante o goberno talibán de Afganistán, a vida do pobo afgano estivo completamente regulada desde a interpretación extremista do Corán desta facción, que impedía ás mulleres o desenvolvemento de calquera actividade profesional, estudo ou aparición pública, se non era debaixo da "burka", unha pesada capa que non deixa máis cunha pequena abertura para que os ollos poidan mirar.

Ante esta situación, unha muller viúva, médica, pero incapaz de exercer a súa profesión, sen parentes varóns, e responsable da súa nai e dunha filla de doce anos, viste á súa filla de rapaz e lle corta o pelo para que poida traballar como axudante na tenda dun amigo, e poder así aportar un salario á casa. Pero non conta cos extrema perigosidade que a situación terá para a nena se chega a ser descuberta, cousa que val ocorrer máis cedo ou máis tarde.



Torres Alcan, 20 baixo
36202 - Vigo
T 994 219 797
www.ccoo.es



Avda. Oreste Bideri, 104-1
36201 - Vigo
T 994 499 411
www.cep.es



Orzagoiz, 47 - Estrada
36205 - Vigo
T 994 627 960
www.cig.es



Avda. Mestre Est. s/n
36001 - Pontevedra
T 994 804 100
www.deponevedra.es



Palacio de la Paz, 24-26
36201 - Vigo
T 994 120 021
www.calceanova.es



Herbol, 2
36201 - Vigo
T 994 442 426
www.herbol.es



Vicerrectorado de Estudios Interdisciplinarios
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 994 819 212
www.vicestud.es

2. CUESTIONARIO

1) Cal é, na túa opinión, o tema fundamental da película?

- A rivalidade entre mulleres e homes no traballo.
- As consecuencias sociais e económicas das guerras e o empobrecemento dos países e as súas sociedades.
- A persistencia de discriminacións contra as mulleres en moitas sociedades do mundo, a través do caso de Afganistán durante o réxime talibán.

2) Cres que as mulleres son iguais en todo aos homes na nosa sociedade? Que teñen as mesmas oportunidades? Se non o cres así, podes pór algún exemplo da existencia de desigualdade? E de diferenzas?

3) Comenta a frase, atribuída a Nelson Mandela, coa que comeza a película: "Non podo esquecer, pero podo perdoar".

4) Por que cres que as nenas quedan fóra do sistema educativo en Afganistán? Que tipo de educación reciben os rapaces?

5) A que cres que se debe a prohibición, para as mulleres, de desenvolver ningunha actividade profesional? Que consecuencias puido ter unha decisión así?



CUESTIONARIO . 2

6) Por que os rapaces que asisten á madraza son tan crueis con Osama? Que rasgos da súa personalidade os incitan á crueldade? Coñeces algún caso similar? A que se debe?

7) Que pensas da utilización do castigo físico como sistema de "fortalecemento" dos rapaces? Cres que pode dar bos resultados?

8) Que pensas da poligamia? Por que cres que aínda continúa vixente nalgúns países, pero sempre como un sistema permitido exclusivamente aos homes?

9) Na película vese como a pena de morte é o castigo para varios delitos diferentes: unha muller francesa, doutora, "infiel", polo tanto, pois non é musulmana, é lapidada por "propagar a profanidade". Un xornalista estranxeiro, por ter fotografado aos talibán. Osama ía ser tamén condenada a morte, pero o xuíz mullah acepta a indicación doutro colega para deixala viva, unida en matrimonio a estoutro mullah. Cal é a túa opinión sobre a pena de morte?

10) Xa como final, explica nunha frase cal cres que é a mensaxe que a película quere enviar a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

A presentación a cargo da moderadora / moderador debe xirar mantemento, en moitos países e culturas, de sistemas patriarcais que oprimen e manteñen ás mulleres na máis serbia das discriminacións, pois o seu valor como persoas é menor co dos homes e está evidentemente determinado desde o seu nacemento polo seu sexo.

Ademais, deberá reflexionarse tamén sobre o mantemento de certos resabios desta cultura patriarcal na nosa sociedade, evolucionando nas últimas décadas cara a maneira se foi de rasgos similares aos descritos na película no

en torno ao

e de que á desaparición noso país.

TEMA PRINCIPAL

a desigualdade entre mulleres e homes

TEMAS SECUNDARIOS

política e relixión
conflictos bélicos

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Terre Alentejo, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.cc.oo.es



Anda, Garda Babilio, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entradón
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Anda, Herrera Rúa s/n
36001 - Pontevedra
T 986 904 100
www.deputaciondepontevedra.es



Polvoroso Barro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.cabanova.com



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.agepolicia.org



Viceconsellería de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 592
www.univigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputaciondepontevedra.es



Fondo Social Europeo





Osama
Osama

PROGECTO
+as
conta
GONeLas
AULA AREA METROPOLITANA DE VIGO

1. FICHA TÉCNICA

Director: Siddiq Barmak.

Guión: Siddiq Barmak.

Duración: 81 minutos.

País: Afganistán, Xapón, Irlanda, Holanda, Irán.

Ano de produción: 2003.

Reparto: Marina Golbahari, Arif Herati, Zubaida Zaher, Khwaja Nader.

RESUMO

Durante o goberno talibán de Afganistán, a vida do pobo afgano estivo completamente regulada desde a interpretación extremista do Corán desta facción, que impedía ás mulleres o desenvolvemento de calquera actividade profesional, estudo ou aparición pública, se non era debaixo da "burka", unha pesada capa que non deba máis cunha pequena abertura para que os ollos poidan mirar.

Ante esta situación, unha muller viúva, médica, pero incapaz de exercer a súa profesión, sen parentes varóns, e responsable da súa nai e dunha filla de doce anos, viste á súa filla de rapaz e lle corta o pelo para que poida traballar como axudante na tenda dun amigo, e poder así aportar un salario á casa. Pero non conta coa extrema perigosidade que a situación terá para a nena se chega a ser descuberta, cousa que vai ocorrer máis cedo ou máis tarde.

2. CONTEXTOS

nos que se move a película, vencellados á diversificación profesional:

CONTEXTU INDIVIDUAL E FAMILIAR

Nunha sociedade rixidamente segregada por sexos, son as mulleres as que soñan de maior maneira a desigualdade e a falta de oportunidades para desenvolver as súas vidas, tanto persoais como profesionais. O caso máis extremo que temos vivido nos últimos anos foi o do réxime talibán en Afganistán. A imaxe da "burka", pesada vestimenta que cobre completamente a unha muller, sen deixar nin un centímetro do seu corpo á vista, converteuse na imaxe dun réxime despótico e primitivo, discriminatorio coas mulleres, ás que non se lles permitía estudar, traballar ou realizar calquera actividade pública.

A situación agrávese naqueles casos en que na estrutura social básica, a familia, non hai personaxes varóns, algo frecuente xa que o réxime talibán se instaura despois dunha cruenta guerra afgano-soviética, na que moitos homes foron recrutados para o exército e morreron. Este é o caso das mulleres protagonistas da película. Están soas por causa da guerra. Non quedan maridos, pais ou irmáns varóns. Só tres mulleres soas, a aínda que a nai é médica, o goberno impide o exercicio de profesións ás mulleres. Non queda ningunha posibilidade de sobrevivir; a única maneira de saír da casa é acompañada dun home. Recorren algunhas ocasións a amizades, pero non se pode solicitar continuamente o favor dunha persoa que non pertence á familia. Por iso a nena converteuse en Osama, un nano, para realizar unha tarefa pola que lle pagueen e poder alimentar á familia.

CONTEXTU SOCIAL

A película é unha denuncia da terrible situación das mulleres afganas durante o goberno talibán, que estivo no poder de 1996 a 2001. Trátase, ademais, da primeira película rodada en Afganistán despois da caída deste réxime en 2001.

Os talibáns xurdiron de entre os estudantes das madrazas ou escolas islámicas de Afganistán. Trátase de fanáticos musulmáns que pretenderon impor a sharia ou lei islámica como único e completo precepto en todo o país, restaurando a paz durante tantos anos perdida. Na primeira semana despois da toma de capital do país, Kabul, os talibáns prohibiron ás nenas ir á escola, ás mulleres ir a traballar, e saír de casa sen o preceptivo burka. O caos estableceuse nos hospitais, nas escolas e nas oficinas, onde tantas mulleres traballaban durante o réxime anterior. As peor paradas, como a película amosa, foron as viúvas, nun número moi considerable –en torno a 25.000–, a maioría viúvas de guerra, sen ningún subsidio do estado e con fillos e filhas e persoas dependentes ao seu cargo. Moitas familias escaparon do réxime traspasando as fronteiras con Pakistán ou Irán, e moitas nenas estudaban clandestinamente, axudadas desde as súas familias.




3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre as desigualdades que afectan en diferentes sociedades do mundo ás mulleres e aos homes, e moi particularmente a aquelas, vencelladas a crenzas relixiosas ou culturais.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para as mulleres e os homes, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre de qué maneira a maternidade e as responsabilidades que conleva pode converterse na primeira causa de desigualdade para as mulleres en moitas sociedades.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material utilizado (películas) e o debate constructivo en grupo, a partir da moderación dun/unha adulto/a.



3b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre cómo o ser home ou muller pode chegar a determinar as nosas vidas, mesmo as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que deben realizar homes e mulleres, e as que non deben realizar.
- Analizar o machismo imperante en diferentes sociedades do mundo, profundamente enraizado desde hai séculos, e de que maneira se manifesta na vida persoal e laboral das mulleres.
- Debater as posibles maneiras de rachar estereotipos e de abrir novas expectativas a mulleres e homes.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO FAMILIAR

discriminación das
mulleres
sociedade patriarcal

Unha nena que vive coa súa nai e a súa aboa en Afganistán, durante o réxime talibán, é transformada, por vontade da súa familia, nun neno, co obxectivo de que poida traballar na tenda dun amigo e poida traer algunha aportación económica á casa, xa que a nai, médica, ten prohibido polo goberno, como todas as mulleres, exercer a súa profesión. O risco é extremo para a rapaza, pois pode levar a unha condena a morte. Pero ante o estado de extrema necesidade e a desesperación á que as leva o feito de non contar con ningún parente varón, consideran que se trata da única posibilidade de sobrevivir. A neníña, apenas doce anos, non se sente nada feliz na nova situación. Ten medo dos soldados. Apenas comezado o traballo na tenda, na que se encarga de remover constantemente o leite, posiblemente para convertelo en queixo, é recrutada polas autoridades para comezar a súa formación relixiosa e militar nunha madraza ou escola coránica.

Aí comezan unha serie de penalidades, entre as que se contan as burlas e a crueldade dos seus compañeiros, que a tachan de débil, de covarde, como tacharían igualmente a un neno máis sensible e menos forte ca eles; pero tamén as moitas ocasións nas que ten que aparentar que sabe como comportarse —na mesquita, xunto co resto dos homes, na hora de oración; cando na escola lle dan un pedazo de tela para facer un turbante, cando ten que subirse a unha árbore para amosar a súa masculinidade ou cando ten que espirse para participar na clase práctica na que o mullah ensina aos rapaces como realizar as ablucións para purificarse despois dun "soño húmido".

A súa infancia e inocencia vense turbadas con este cambio súpeto, que significa o abrupto remate da nenez para ela, tanto física como psicolóxicamente. A súa vida será perdoada, cando se descubra o engano, pero existen outras maneiras de torturar a unha muller, a unha nena, ademais da condena a morte: é entregada como esposa ao mullah que precisamente a considerara, durante a clase práctica de ablucións, como un rapaz moi fermoso, case que unha ninfa.

+as

CONTEXTO SOCIAL E CULTURAL

sexo xénero maternidade

Un país que acaba de saír dunha guerra cruenta e longa, dezmando na súa poboación masculina, cheo de familias rotas, sofre inmediatamente despois os rigores absurdos e inhumanos dun réxime de intolerantes iluminados que enfocan con rapidez o seu obxectivo inmediato: relegar ás mulleres ao mundo privado, á crianza dos fillos e fillas e á atención ás persoas da familia, impedíndolles todo aquilo que tiña sido conseguido aos poucos durante as décadas anteriores: a educación, o emprego, o desenvolvemento dunha profesión ou mesmo dunha vocación, a participación na vida pública.

Créase o Ministerio da Promoción da Virtude e Prevención do Vicio (PVPV), que impón regras sobre a aparencia externa, a vestimenta, os empregos, a educación, o servizo médico, a conducta, as prácticas relixiosas e a liberdade de expresión. Prohibe música, festas –pódese ver na cinta o que ocorre coa celebración da voda por parte das mulleres- vídeos e cintas de vídeo, cintas de música e antenas parabólicas, ou mesmo a práctica do xadrez, as monecas ou os animais de peluche.

A película presenta varias escenas nas que se pode ver o descontento que a nova situación provoca: en primeiro lugar, a manifestación de mulleres que, baixo o lema “temos dereito a traballar, queremos traballo”, se manifestan baixo as súas burkas, e que é violentamente disolta polas forzas do orde. Nai e filla van ao hospital e ante a grave situación que se vive, a nai, médica, atende a un paciente, cando de súpeto chegan os talibán. O fillo do home enfermo faise pasar polo marido da doutora para explicar a razón da presenza dela na sala, pero é amoestado violentamente por permitir que ela fale con estraños. O home ten que acompañalas a casa despois, xa que non sería posible que voltasen sen a compañía dun home a casa. Lévaas ás dúas na súa bici, e de novo recibe unha violenta reprimenda da policía pois, aparentemente, a visión dos pés da muller, calzados con sandalias debaixo da burka, excita aos homes.

A ONU, Organización de Nacións Unidas, esixiu do réxime talibán sete condicións en relación coas mulleres:

- 1) a derogación de todas as leis que supuxeran unha discriminación contra as mulleres e as nenas;
- 2) a efectiva participación das mulleres na vida cívica, cultural, económica, política e social ao longo de todo o país;
- 3) o respecto ao dereito da muller a traballar, incluíndo as axencias das Nacións Unidas e as organizacións humanitarias;
- 4) o dereito de mulleres e nenas á educación en igualdade de condicións cos homes;
- 5) a obriga de levar ante a xustiza a quen cometesen ataques e abusos físicos contra as mulleres e as nenas;
- 6) o dereito das mulleres a moverse libremente e
- 7) o respecto ao efectivo dereito das mulleres e nenas de accederen aos sistemas sanitarios para a súa saúde física e psíquica.

Sen embargo, non foron as continuas violacións aos dereitos das mulleres os que provocaron a intervención internacional en Afganistán: foi a negativa a entregar a Osama Bin Laden, o sospeitoso da traxedia do 11 de setembro en Nova Iorque, e o refuxio outorgado nos límites do país a unha perigosa organización terrorista, o que causou o respaldo unánime á actuación militar norteamericana e aliada que, finalmente, acabou cun goberno que, cincuenta anos despois, trouxo ás memorias imaxes que se crían esquecidas desde a época nazi.

O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

A película amosa perfectamente as dificultades na vida das mulleres en Afganistán, inmersas nunha sociedade que só as valora como responsables do coidado, educación e atención na familia. As mulleres non teñen outra misión ca esa, e a historia contada é particularmente sinxela e cruel, ao amosar a que situación se ven abocadas as mulleres polas decisións dun goberno de homes fanáticos, intolerantes e ignorantes.

As cuestións esenciais son :


-¿En que medida inflúe o noso sexo á hora de desenvolver a nosa vida? Na película amósase con claridade que o futuro que esperaba e continúa esperando a mulleres e homes en Afganistán é completamente diferente. Esa desigualdade ten que ver coa intolerancia, a cerrazón e o medo á diferenza. Ten que ver co mantemento dunha sociedade patriarcal na que as mulleres teñen un escaso papel, que viven ocultas, tristes e agobiadas. En que medida a nosa sociedade se parece aínda a esta reflectida na película?

-Debater sobre por qué as mulleres sofren discriminación e desigualdade en case todas as sociedades do mundo. Cáles poden ser as razóns para que se produza esta situación, e cáles son as diferentes manifestacións desta discriminación segundo as diferentes culturas e países.

51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.


- Comentar a frase, atribuída a Nelson Mandela, coa que comeza a película: "Non podo esquecer, pero podo perdoar".
- Por que o rapaz Osama non sabe realizar os ritos na oración? E por que non sabe recitar o Corán? Non é relixioso/a ou é que se trata dunha nova área na que a estricta separación de sexos funciona tamén?
- Que tipo de escola é unha madraza? Que se ensina nela?
- Por que está prohibido que as mulleres anden soas pola rúa en Afganistán? Imaxina cales poden ser as razóns.



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- A que cres que se debe a crueldade coa que o resto de rapaces que estudan na madraza tratan a Osama, tachándoa de "nena", "covarde"? Coñeces situacións similares?
- Que pensas da utilización do castigo físico como sistema de "fortalecemento" dos rapaces? Cres que pode dar bos resultados?
- Que pensas da poligamia? Por que cres que aínda continúa vixente nalgúns países, pero sempre como un sistema permitido exclusivamente aos homes?



O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.deputacionpontevedra.es



A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



Bread and Roses
Pan y Rosas

1. FICHA TÉCNICA

Director: Ken Loach.
Guión: Paul Laverty.
Duración: 110 minutos.
País: Italia, Francia, Alemaña, España, Suiza.
Ano de produción: 2000.
Reparto: Pilar Padilla, Adrien Brody, Elpidia Carrillo, Mónica Rivas, Jack McGee, Frank Dávila.

RESUMO

Maya, unha rapaza mexicana, entra clandestinamente nos Estados Unidos onde vive a súa irmá maior, Rosa, casada cun estadounidense. É unha "sen papeis", unha "espalda mollada". Quere conseguir unha vida mellor na cidade dos Ánxeles. A súa irmá conséguelle un posto de traballo na empresa de limpeza onde ela mesma traballa. A maioría dos empregados e empregadas son de orixe latina e en todo caso inmigrantes. O supervisor tamén é de orixe latina. Os abusos no seu traballo comezan coa solicitude, por parte do supervisor, do primeiro dos seus salarios para conseguirlle "os papeis" para legalizar a súa situación nos Estados Unidos. Un día,

casualmente, Maya axudará a Sam, un empregado dun sindicato, a saír ás agachadas do edificio, perseguido polos axentes de seguridade. De aí nacerá unha amizade que fará que Maya tome conciencia da explotación á que a empresa somete aos seus empregados e empregadas. E decidirán comezar a acción para conseguir mellores condicións de traballo e un aumento dos seus salarios. Esta decisión provocará consecuencias indesexadas: o enfrontamento entre o persoal e as propias irmás, as ameazas por parte da empresa, os despedidos, o adeus á inocencia na xuventude de Maya.



Irma Alvario, 28 local
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Avda. García Barbón, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entresón
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.cig.es



Avda. Herrera Rúa s/n
36001 - Pontevedra
T 986 904 100
www.deputacionpontevedra.es



Polígono Baro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.cabanova.com



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.sagpolitica.org



Vicepresidencia de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 292
www.univigo.es

2. CUESTIONARIO

1) Cal é, na túa opinión, o tema fundamental da película?

- As dificultades da poboación inmigrante para integrarse laboral e socialmente no país de acollida.
- A desigualdade que as mulleres sufriron e aínda sofren na nosa sociedade, e a necesidade continuada de amosar que son igualmente intelixentes e capaces que os homes.
- O esforzo, o tesón e a ilusión no traballo, que conseguen vencer todas as dificultades na nosa sociedade.

2) Que sabes das mafias que se dedican a facer entrar ilegalmente nun país a nacionais doutros países? Pon algúns exemplos. Pensas que o que lle ocorre a Maya coa banda de coiotos que a axudan a entrar nos Estados Unidos lle tería ocorrido tamén, de ser un rapaz?

3) Cando empeza a traballar, por que cres que quere cambiar de traballo tan rapidamente?

4) Por que pensas que a maioría dos limpadores e limpadoras da empresa na que traballan Rosa e Maya son estranxeiros/as?

5) Como ves a protagonista? Que calidades persoais destacarías nela? Cales lle proporcionan posibilidades de cara ao seu desenvolvemento profesional?

6) Como cres que podería promocionarse profesionalmente?



CUESTIONARIO . 2

7) Como cualificarías a actitude do supervisor Pérez na entrevista que lle fai a Maya?

8) Cales son as razóns polas que algunhas persoas non queren participar na folga ou non queren sequera que se faga? Que farías ti no seu lugar?

9) Que pensas da existencia da prostitución? Pareceche unha profesión ou unha explotación dun ser humano por outro ser humano? Por que cres que a prostitución é maioritariamente feminina en todo o mundo?

10) Cres que o exercicio da prostitución é unha decisión libremente tomada ou que vén imposta por unha serie de circunstancias vencelladas á falla de oportunidades e ás graves dificultades económicas? Está Rosa satisfeita co rumbo que tomou a súa vida?

11) Que pensas da decisión que toma Maya para conseguir diñeiro co que axudar á súa irmá e a Rubén, o seu amigo que vai perder a posibilidade de matricularse na universidade?

12) Como cres que vai ser a vida de Maya despois do final da película? Que pode ocorrer?

13) Xa como final, explica nunha frase cal cres que é a mensaxe que a película quere enviar a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

A situación laboral da poboación inmigrante latinoamericana nos vese agravada no caso das mulleres: elas son sempre as máis cando se trata de grupos especialmente vulnerables. O acoso o acoso moral, a explotación sexual ou a prostitución son sempre factores próximos que se vencellan á discriminación por razón de xénero que sofren as mulleres en todas as sociedades.

Resulta particularmente interesante a atención que presta o sindicato á situación dos traballadores e traballadoras non sindicadas,

e o esforzo realizado para a súa coordinación e orientación mellorar a súa situación económica e social. É tamén feito de que propio Sam Shapiro, que do sindicato, xa que logo ameazado co despido polo alto prezo mesmo que as demandas acumuladas lle acarreen á As pódense características das condicións laborais

abuso,

moi especialmente no caso das mulleres.

Estados Unidos afectadas sexual,

de cara a chamativo o individual, do o rapaz vese económico organización.

deste grupo situación de moitos colectivos de inmigrantes no noso país: ecuatorianos e ecuatorianas, marroquís ou colombianos e colombianas sofren en España situacións similares ás presentadas na película. A entrada de persoas "sen papeis" no noso país é cada vez máis numerosa, e esa situación de ilegalidade fainas moi vulnerables a calquera tipo de

TEMA PRINCIPAL

a discriminación laboral da poboación inmigrante nas nosas sociedades occidentais

TEMAS SECUNDARIOS

a maior gravidade da discriminación no caso das mulleres o acoso sexual e o acoso moral por razón de xénero

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Tomás Alonso, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Avda. García Barbón, 104-1
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.ccp.es



Gregorio Espino, 47 - Entrecén
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galicia.cig



Avda. Montero Ríos s/n
36001 - Pontevedra
T 986 804 100
www.deputaciondepontevedra.es



Polígono Sante, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.calixanova.com



Heradio Balboa, 2
36201 - Vigo
T 986 443 428
www.ugtgalicia.org



Viceministerio de Relaciones
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 592
www.uvigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputaciondepontevedra.es



Fondo Social Europeo



Bread and Roses

Pan y Rosas

1. FICHA TÉCNICA

Director: Ken Loach.

Gulón: Paul Laverty.

Duración: 110 minutos.

País: Italia, Francia, Alemaña, España, Suíza.

Ano de produción: 2000.

Reparto: Pilar Padilla, Adrien Brody, Elpidia Carrillo, Mónica Rivas, Jack McGee, Frank Dávila.

RESUMO

Maya, unha rapaza mexicana, entra clandestinamente nos Estados Unidos onde vive a súa irmá maior, Rosa, casada cun estadounidense. É unha "sen papeis", unha "espalda mollada". Quere conseguir unha vida mellor na cidade dos Ánxeles. A súa irmá conséguelle un posto de traballo na empresa de limpeza onde ela mesma traballa. A maioría dos empregados e empregadas son de orixe latina e en todo caso inmigrantes. O supervisor tamén é de orixe latina. Os abusos no seu traballo comezan coa solicitude, por parte do supervisor, da primeira dos seus salarios para conseguirlle "os papeis" para legalizar a súa situación nos Estados Unidos. Un día,

casualmente, Maya axudará a Sam, un empregado dun sindicato, a saír ás agachadas do edificio, perseguido polos axentes de seguridade. De aí nacerá unha amizade que fará que Maya tome conciencia da explotación á que a empresa somete aos seus empregados e empregadas. E decidirán comezar a acción para conseguir mellores condicións de traballo e un aumento dos seus salarios. Esta decisión provocará consecuencias indesexadas: o enfrontamento entre o persoal e as propias irmás, as ameazas por parte da empresa, os despidos, o adeus á inocencia na xuventude de Maya.

nos que se move a película, vencellados á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL

Pouca cousa se nos di de Maya e da súa vida antes de chegar aos Ánxeles. Nada sabemos da súa infancia, da súa familia en México, dos seus estudos. Ela quere reunirse coa súa irmá maior, Rosa, que leva anos nos Estados Unidos e, como responsable da familia no estranxeiro, envía mensualmente diñeiro á casa, diñeiro que serve para que a familia se mantenga. Maya só quere ter un posto de traballo e mellores condicións de vida que as que soporta no seu país de orixe. Pero os problemas comezarán xa na propia viaxe aos Estados Unidos. Organizada por una mafia de "colotes" —así se chama ás mafias que organizan as viaxes dos e das emigrantes sen papeis a través da fronteira mexicana— que cobra dúas veces pola mesma actividade —cóbrralle a Maya en México e a Rosa nos Ánxeles—, a viaxe ten un perigoso final cando Rosa non é capaz de reunir todo o diñeiro necesario e os coitos se levan a Rosa. A rapaza, valente, intelixente e enxeñosa, é capaz de escapar dos seus raptores, que a rifan para ver quen queda con ela, coa intención de abusar sexualmente dela, e consegue chegar a casa da súa irmá. Veremos como eses rasgos de decisión, rapidez, valentía, intelixencia e capacidade continuarán desenvolvéndose todo ao longo da película, facendo dela o instrumento para que o grupo de traballadores e traballadoras de limpeza no gran edificio dos Ánxeles onde teñen a súa sé moitas grandes empresas, se animen a sindicarse e a levantarse fronte aos abusos da empresa contratadora.

CONTEXTO FAMILIAR

Maya é a segunda das irmás que abandona o entorno familiar en México para probar fortuna nos Estados Unidos. Pouco sabemos da familia que queda aínda en México, pero si sabemos que sobrevive grazas ao diñeiro enviado pola irmá maior, Rosa, que vive nos Anxeles. Cando Maya marcha tamén á terra das oportunidades, incorpórase á familia da súa irmá. Esta, aparentemente, ten tido éxito e tense integrado felizmente na vida norteamericana: casada cun americano, ten dúas fillas e traballa na empresa de limpeza. Desgraciadamente, non todo é o que parece: o marido de Rosa está enfermo, non traballa e precisa dunha operación para atallar a súa diabetes para a que non teñen nin seguro médico nin diñeiro suficiente para custeala. O salario de Rosa non dá para máis, unha parte vaíse todos os meses a axudar á familia que quedou en México, as dúas fillas precisan de atención e coidado médico. Antes de marchar aos Estados Unidos, alá en Tijuana, Rosa, mozo nova aínda, ten exercido a prostitución, posiblemente para conseguirlle afórro o diñeiro preciso para pagar á mafia que lle axudaría a entrar nos Estados Unidos. E despois, xa aquí, neste país de mellores oportunidades, ten voltado a exercerla para conseguirlle máis diñeiro, ou mesmo un posto de traballo para Maya na mesma empresa onde Rosa traballa. Cando Maya descobre esta situación, que ela non sospeitaba, e ve que hai tanto tempo que se ven producindo, entende que ten que facer algo para compensar a Rosa tanto sufrimento. Pero os acontecementos terán unha consecuencia inesperada: será expulsada dos Estados Unidos e enviada de novo ao seu país de orixe.

CONTEXTO SOCIAL

A situación de Maya e de Rosa é extrapolable á de tantas outras mulleres inmigrantes noutros países occidentais. Procedentes de nacións en crise e con moitas dificultades para sacar adiante ás súas familias, a cargo en solitario de fillos e fillas, un número importante de mulleres latinoamericanas embárcanse na aventura da inmigración cara a algún país occidental, co obxectivo de conseguir un emprego, gañar diñeiro, aforrar o máximo posible, enviar parte deses cartos á familia que queda no país de orixe e voltar, máis adiante, para abrir un pequeno negocio na terra que deixaron atrás, comprar unha casa; en definitiva, mellorar a súa situación. Pero as cousas non son tan fáciles para moitas delas neses países aos que emigran, onde con frecuencia as dificultades para as persoas en situación irregular son grandes e acaban realizando tarefas mal pagadas, sen contrato laboral e sen dereito a prestacións sociais, como as nosas protagonistas. Ás veces son tamén obxecto de acoso e chantaxe sexual, como é o caso de Rosa e de Maya, incluso por parte dos seus propios compatriotas.



3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre os estereotipos de tipo sexista que na nosa sociedade inflúen de maneira poderosa sobre os mozos e mozas á hora de tomaren decisións sobre a súa vida profesional e persoal.
- Debater sobre as diferenzas existentes entre mulleres e homes á hora de acceder en igualdade de oportunidades ao emprego, á formación ou a outras opcións na vida.
- Concienciar sobre a influencia que a situación social e económica das persoas, mulleres e homes, ten sobre a súa capacidade para levar adiante un proxecto persoal de vida.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material empregado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación.



3b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre cómo o ser home ou muller determina as nosas vidas, mesmo as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que están establecidas para homes e mulleres, así como as tarefas desenvolvidas polas persoas inmigrantes na nosa sociedade.
- Analizar como as responsabilidades familiares poden pesar de xeito diferente entre mulleres e homes, influíndo de maneira moi importante nas decisións que se poidan tomar no eido laboral.
- Reflexionar sobre a globalización económica e as diferenzas norte-sur, que crean grandes desigualdades sociais no mundo que vivimos, e que afectan de maneira moi especial ás mulleres.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO PESSOAL E FAMILIAR

inmigración
dereitos sociais
irregularidade

A valentía e determinación das mulleres que, procedentes de diferentes países de Latinoamérica, e non só de México, e maioritariamente soas, marchan en situación irregular a diferentes países occidentais, como poden ser os Estados Unidos ou España, é unha das claves da situación posta en evidencia na película. Desexosas de mellorar a súa situación económica e a da súa familia a través do esforzo e do traballo, enfróntanse a moi difíciles condicións laborais, explotacións e vexacións debido á súa situación de indefensión. Peores empregos e peores salarios, así como falla de dereitos, son as características habituais da súa situación no país de acollida.

Maya e Rosa teñen diferentes actitudes ante a apertura dun horizonte novo que ten lugar cando aparece Sam Shapiro, un empregado dun sindicato que traballa para conseguir convencer aos traballadores e traballadoras da empresa para que, co apoio da organización sindical, poidan mobilizarse e acadar mellores condicións laborais e sociais. Maya, xove e inocente, apóiao desde o primeiro momento, converténdose na traballadora que, desde dentro, facilita a conexión entre o grupo de traballadores e traballadoras e o sindicato. Rosa, pola contra, con máis anos e o escepticismo consecuencia dunha maior experiencia, non se fía dun branco universitario e lembra que ela só cre no diñeiro. Cando Rosa é nomeada supervisora, en pago ao seu servizo á dirección da empresa de limpeza, denunciando a aqueles compañeiros e compañeiras que deixaron pasar a persoas non autorizadas ao edificio, Maya decátase de que súa irmá ten sido a causante, coa súa actitude, de que varias persoas teñan sido despedidas e bóttalo en cara. Rosa pensa só no benestar da súa familia, na saúde do seu marido e na necesidade imperiosa de diñeiro para pagar a operación que o seu home precisa; Maya ten obxectivos menos inmediatos por diante e pensa máis ben na mellora das condicións de todo o colectivo traballador. As dúbidas, as vacilacións, as diferencias de postura que se evidencian nas persoas á hora de tomar a determinación de loitar polos seus dereitos exemplifícanse na toma de postura das dúas irmás.

+ds

CONTEXTO SOCIAL E CULTURAL

Os Ánxeles, USA, 2000 mobilización social prostitución diferenzas norte-sur

Nos Estados Unidos a inmigración de orixe latinoamericana constituía no ano 2000 un 11 % da poboación total, o que quere dicir, aproximadamente, que uns 28,4 millóns de persoas que viven nos EUA son de orixe hispana. Os Ánxeles, no estado de California, é unha das cidades cunha maior concentración de poboación hispana. Non hai cifras sobre o número de persoas que viven como inmigrantes ilegais nos Estados Unidos, pero algunhas axencias falan de arredor de doce millóns de persoas, maioritariamente de orixe latina. A poboación de orixe hispana atópase entre aquela con maiores dificultades no eido formativo e laboral.

As mulleres teñen ademais dificultades engadidas na súa incorporación á actividade laboral. Ademais dos problemas sufridos por todos os traballadores en situación irregular, están o acoso sexual e moral, que podemos evidenciar na película en varias ocasións: Maya é rifada entre os membros da mafia que a trasladaron ata os Estados Unidos co obxectivo de abusar dela sexualmente; no seu primeiro posto de traballo, como camareira nun café, é obxecto de abusos por parte de dous clientes guatemaltecos; cando asiste á primeira entrevista de traballo con Pérez, o supervisor da empresa de limpeza El Angel, este lle pide que se axuste a bata e que coloque o pelo, facendo ao mesmo tempo comentarios machistas en contra das mulleres maiores que traballan na empresa ("xa é hora de que entre alguén nova na empresa para desfacer nos destas bruxas inútiles", son as súas palabras). Logo, Maya entererárase de que, para aceptala como nova empregada na empresa, Pérez pediulle a Rosa que accedese aos seus requirimentos sexuais. Pérez, no seu trato cos empregados, e moi particularmente coas empregadas, amosa o desprezo que ten por elas e sométeas a abusos e humillacións, chegando a despedir a unha delas por ter chegado tarde e ter perdido as gafas.

O colectivo de traballadores e traballadoras da empresa está maioritariamente composto por persoas procedentes de países latinoamericanos, algunha persoa afroamericana e polo menos unha rapaza de orixe rusa. A solidariedade existente no grupo e os lazos de amizade e de axuda contrastan co trato recibido desde a xerencia da empresa de limpeza.

O berro colectivo da protesta, "Pan e rosas" lembra a frase pronunciada polas mulleres traballadoras americanas que, o oito de marzo de 1909, marcharon nas rúas de Nova Iorque denunciando a súa situación laboral, solicitando pan –traballo- pero tamén rosas –mellores salarios, xornadas máis curtas, protección social contra o despido e en ocasión de enfermidade. Foron violentamente reprimidas pero a súa lembranza renóvase ano a ano co gallo do Día da Muller que se celebra en todo o mundo precisamente o oito de marzo.

O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

As cuestións esenciais son :

-A posibilidade de ver a protagonista como un modelo de empoderamento, de liderado feminino. Maya é nova e ten pouca experiencia, pero a súa ilusión, constancia, intelixencia e ganas de mellorar convértena na mellor líder para a gran batalla que os limpadores e as limpadoras van comezar.



-As dificultades que as mulleres teñen que afrontar no seu acceso ao mercado de traballo cando a súa posición non se ve respaldada a través da protección social. Á explotación, os baixos salarios e os horarios enormes, engádese o acoso sexual e o acoso moral por razón de xénero.

-A situación da poboación inmigrante en todo o mundo occidental, traballando naquelas tarefas que os homes e mulleres dos nosos países non queren facer, e particularmente, a das mulleres, encargadas daquelas actividades máis vencelladas aos traballos realizados no fogar –limpeza, cociña- ou ao coidado de persoas, sexan nenos e nenas ou persoas maiores.

51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.


- Cal cres que é a razón que ten Maya para marchar de Tijuana aos Ánxeles?
- Por que cres que Maya non quere continuar traballando no bar e prefire limpar edificios?
- Como cualificarías a actitude do supervisor Pérez na entrevista que lle fai a Maya?
- Que sabes dos diferentes sistemas de protección social no mundo? Por que o marido de Rosa non ten diñeiro para pagar unha operación? Que ocorre con esa mesma situación en España?
- Por que pensas que a maioría dos limpadores e limpadoras da empresa na que traballan Rosa e Maya son estranxeiros/as?
- Como cualificarías a actitude do supervisor cando despide á traballadora que chega tarde? Cres que, se se tratase dun home, o tería tratado do mesmo xeito?
- Cal é a decisión do supervisor cando se entera de que se ten realizado una reunión con persoas do sindicato?



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- Cales son as reivindicacións principais dos limpadores e limpadoras?
- Cales son as razóns polas que algunhas persoas non queren participar na folga ou non queren sequera que se faga? Que farías ti no seu lugar?
- Que pensas das medidas que toman as persoas en folga? Cal cres que é a súa intención? Que outras medidas de presión cofeces? Cal se che ocorre que poderían ter tomado?
- Que pensas da existencia da prostitución? Paréceche unha profesión ou unha explotación dun ser humano por outro ser humano? Por que cres que a prostitución é maioritariamente feminina en todo o mundo?
- Sabes algunha cousa da situación das mulleres que exercen a prostitución no noso país? Cres que o exercicio desta actividade é unha decisión libremente tomada ou que vén imposta por unha serie de circunstancias vencelladas á falla de oportunidades e ás graves dificultades económicas? Está Rosa satisfeita co rumbo que tomou a súa vida?
- Por último, cal cres que vai ser o futuro de Maya? Imaxina que vai acontecer despois do final da película.



O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.deponevedra.es



A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



Quiero ser como Beckham
Bend it like Beckham

1. FICHA TÉCNICA

Directora: Gurinder Chadha
Guión: Gurinder Chadha, Guljit Bindra, Paul Mayeda Berges
Producción: Gurinder Chadha & Deepak Nayar
Duración: 108 min.
País: Gran Bretaña
Ano de produción: 2002
Elenco: Anupam Kher, Archie Panjabi, Frank Harper, Jonathan Rhys-Meyers, Juliet Stevenson, Keira Knightley, Parminder K. Nagra, Shaznay Lewis.

RESUMO

Jesminder é unha rapaza de 18 anos que vive coa súa familia hindú en Londres. O seu pai e a súa nai queren que sexa educada para ser a perfecta esposa india, pero ela non ten tempo para pensar nestas cousas porque o que lle gusta é xogar ao fútbol. Un día, mentres está a practicar no parque, fíxase nela Jules, unha rapaza que tamén xoga ao fútbol, pero nun equipo, e invítala a unirse ao equipo feminino local, adestrado por Joe.

A Jesminder xórdenlle de súpeto unha serie de oportunidades e problemas que farán que o seu pequeno mundo se remova. Ten ante os seus ollos a oportunidade de levar o seu equipo á final e gozar do que realmente lle gusta e se lle dá ben, pero entrará en conflito coa súa familia e a súa comunidade e terá dificultades para acadar o que verdadeiramente quere, sen ferir a ninguén.



Irma Alares, 28 leña
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Anda, García Barbo, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entresón
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Anda, Herrera Rúa s/n
36201 - Pontevedra
T 986 904 100
www.deponevedra.es



Polvoroso Baro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.cabanova.com



Heraclio Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.sagpolicia.org



Vicepresidencia de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 292
www.univigo.es

2. CUESTIONARIO

1) Cal é na túa opinión o tema máis importante que a película trata?

- As dificultades que teñen as persoas inmigrantes para seren aceptados/as na sociedade do país de acollida.
- As diferenzas que existen na sociedade sobre o que é "de rapazas" e o que é "de rapaces".
- A importancia do matrimonio para as rapazas.

2) Que opinas de que unha muller xogue ao fútbol?

3) Por que cres que no noso país o fútbol é un xogo case exclusivamente masculino?

- Porque os homes teñen mellores condicións físicas que as rapazas para xogar.
- Porque ás rapazas interésanlles máis outras cousas có fútbol, os mozos, os actores das películas e a TV, os cantantes.
- Porque sempre se pensou que non era un xogo de rapazas e por iso non se as anima a xogar.

4) Cres que o fútbol está relacionado con outras cousas –violencia entre grupos, alcohol- que son fundamentalmente masculinas?

5) Coñeces moitos nomes de deportistas masculinos? Cita oito e outros oito nomes, pero de deportistas mulleres.

+as

CUESTIONARIO . 2

6) Paréceche xusto que un deportista home cobre un 30% máis ca unha deportista muller? Dáse esa diferenza noutras profesións? Por exemplo, entre médicos/as, profesores/as ou condutores/as de autobús?

7) Cres que ten sentido que as profesións se organicen en "axeitadas para homes" e "axeitadas para mulleres"? Por que?

8) Cres que as mulleres non deben traballar cando casan ou cando teñen fillos/as? Quen debe atender á familia? Sabes que nalgúns culturas as mulleres son unha carga para a familia se non casan porque non van ter marido que as manteña (India, China)? Sabes que iso fai que moitas nenax sexan abandonadas ou incluso asasinadas e que as parellas prefiran sempre ter fillos varóns? Que solución podería darse a este problema?

9) Coñeces a alguén cuxa parella teña orixe diferente (de orixe sudamericana, de etnia xitana, de orixe marroquí ou subsahariana)? Como é aceptada esa parella?

10) E algunha parella do mesmo sexo? Como é aceptada esa parella?

11) Por último, nunha frase, explica cal cres que é a mensaxe que quere enviar esta película a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

A presentación a cargo da moderadora / moderador debe xirar información sobre a orixe cultural da protagonista –un medio moito máis conservador, con maior limitación dos dereitos das mulleres e no que a relixión e a familia teñen un papel preponderante- e ó enfoque que se debe dar á visión da película: o público debe prestar especial atención aos modelos de muller que as personaxes manexan, que contraponen unha muller "profesional" a unha muller "familiar", cal é a filla ideal para estas nais, que debe facer debe facer.

O debate nas nos mozas outros

individual
sociedade
familia

debe xirar arredor dese tema, e as súas decisións de tipo formativo e e mozas. Existe a posibilidade ademais

temas secundarios, para o noso obxectivo: o racismo, as relacións entre persoas de diferente orixe cultural ou relixiosa, os prexuízos contra as persoas homosexuais ou o deporte, e a súa diferente relación con mulleres e homes.

arredor da

cultura
relixión e familia
filla ideal

e que non

implicacións
profesional
de tratar

menos importantes

TEMA PRINCIPAL

orixe cultural da protagonista
decisións formativas e profesionais

TEMAS SECUNDARIOS

racismo
orixe cultural ou relixiosa
prexuízos contra a homosexualidade
deporte e mulleres

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Tenda Alameda, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Avda. García Barbón, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entresol
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Avda. Herrera 104 u/n
36201 - Pontevedra
T 986 804 100
www.deputacionpontevedra.es



Polvoroso Baro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.cabanova.com



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.sagpolitica.org



Vicepresidencia de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 292
www.univigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputacionpontevedra.es



Fondo Social Europeo



© Film Search, Film Financing Hamburg, www.filmsearch.de, Film Search, Hamburg



Dirixida por Gurinder Chadha

RIGHTLEY JONATHAN BOYS MYERS ANUPAM KHER ANCHAL PANDAY SHAZNAI LEKHA
lead: Camilla Mottet with Rajni Malik and others with Nick Ellis supported by Liza Kullander
r Sugan Ramya Andre Kilde and others with Ling Lin and others with Paul Kilduff
vowal: Russell Fletcher with Gurinder Chadha Gurinder Chadha Paul Mayeda Benges
Dirixida por Gurinder Chadha the production is Kinship Pictures Band N Films and Media

PRODUCED BY

PRODUCED BY

PRODUCED BY

PRODUCED BY

PRODUCED BY



Quiero ser como Beckham

Bend it like Beckham

1. FICHA TÉCNICA

Directora: Gurinder Chadha

Gulón: Gurinder Chadha, Guljit Bindra, Paul Mayeda Berges

Producción: Gurinder Chadha & Deepak Nayar

Duración: 108 min.

País: Gran Bretaña

Ano de produción: 2002

Elenco: Anupam Kher, Archie Panjabi, Frank Harper, Jonathan Rhys-Meyers, Juliet Stevenson, Keira Knightley, Parminder K. Nagra, Shaznay Lewis.

RESUMO

Jesminder é unha rapaza de 18 anos que vive coa súa familia hindú en Londres. O seu pai e a súa nai queren que sexa educada para ser a perfecta esposa india, pero ela non ten tempo para pensar nestas cousas porque o que lle gusta é xogar ao fútbol. Un día, mentres está a practicar no parque, fíxase nela Jules, unha rapaza que tamén xoga ao fútbol, pero nun equipo, e invítala a unirse ao equipo feminino ocal, adestrado por Joe.

A Jesminder xórdennlle de súpeto unha serie de oportunidades e problemas que farán que o seu pequeno mundo se remova. Ten ante os seus ollos a oportunidade de levar o seu equipo á final e gozar co que realmente lle gusta e se lle dá ben, pero entrará en conflito coa súa familia e a súa comunidade e terá dificultades para acadar o que verdadeiramente quere, sen ferir a ninguén.

2. CONTEXTOS

nos que se move a película, vencellados á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL


A opción individual, no caso da protagonista, Jesminder, é clara; existe unha vontade, que se vai fortalecendo ao longo da película, de facer do fútbol, para o que Jess ten grandes aptitudes, unha opción formativa e profesional, á marxe dos estereotipos que se manexan, que din que as mulleres non se dedican a ese xogo, tradicionalmente masculino. Esta decisión levará a conflitos no seo familiar, que actuarán como reforzo e conseguirán que a postura da nosa protagonista se faga máis firme.

CONTEXTO FAMILIAR

O contexto familiar, de cara á diversificación profesional (que Jesminder se forme para converterse nunha futbolista profesional) é bastante negativo. De novo nesta película son as mulleres –representadas na figura da nai de Jess– as que son as depositarias das tradicións, valores e principios dunha cultura, e por esa razón a actitude da nai de Jess é máis rixida, en contra da posibilidade de que xogue ao fútbol, cá do pai, un pouco máis aberta. Este feito reflíctese na escena da voda da irmá de Jess, cando o pai lle permite que marche no medio da voda para xogar a final co seu equipo.

CONTEXTO SOCIAL

Particularmente complexo neste caso, xa que se trata dunha historia que se move na intersección entre a cultura da familia extensa hindú sikh e as súas amizades, que pretenden preservar os seus costumes ante a invasión de innovacións procedentes da cultura occidental inglesa, dominante na vida das súas fillas, e a cultura do país de acollida, mais aberta no que se refire ao papel das mulleres e tamén á diversificación das súas actividades profesionais.




3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre os estereotipos de tipo sexista que na nosa sociedade inflúen de maneira poderosa sobre os mozos e mozas á hora de tomaren decisións sobre a súa vida profesional e persoal.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para as mulleres e os homes, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre de que maneira o traballo realizado no seo da familia (traballo reprodutivo) inflúe na capacidade das rapazas e mulleres para desenvolver unha actividade profesional.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material utilizado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación.



3b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre como o ser home ou muller determina as nosas vidas, incluso as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que están establecidas para homes e mulleres, e as que non están establecidas.
- Analizar diversas concepcións sobre a sexualidade, e os prexuízos existentes na nosa sociedade sobre a homosexualidade e o lesbianismo.
- Debater a importancia do racismo na nosa sociedade e de que maneira tamén determina as nosas expectativas educativas e profesionais.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO FAMILIAR

londres
hindú sikh
estudos universitarios
mellora social
matrimonios

A familia vive nun barrio modesto de Londres, Hounslow.

O elemento que permite visualizalo é a proximidade do aeroporto de Heathrow -avións que pasan por enriba das personaxes continuamente durante toda a película, ata que o derradeiro é o que conducirá a Jess e a Jules aos Estados Unidos na procura do seu soño de se converter en profesionais do fútbol- e o correspondente ruído que a familia ten que sufrir de cotío (que se imaxina, non se escoita na película).

A familia é de orixe hindú sikh. O pai leva o turbante sikh que recolle toda a súa cabeleira que non corta, turbante que representa o seu compromiso coas crenzas sikh; lembra nun determinado momento a súa procedencia de Kenia, Mombassa (onde foi campión de cricket).

Tamén lembra como, ao chegar a Inglaterra, non puido xogar en ningún equipo de cricket pola súa orixe étnica, foi rexeitado. Os futuros estudos universitarios -Dereito- da filla máis nova, Jesminder, parecen satisfacer os desexos de mellorar social e economicamente; todas as súas expectativas parecen postas neses estudos e nos matrimonios das fillas, o da máis vella xa a piques de ser contraído. O pai traballa de policía, a nai traballa na casa e encárgase da educación das dúas fillas.

+ds

CONTEXTO SOCIAL, ÉTNICO E CULTURAL

sikhs (Punjab)
2% da poboación india
matrimonio arranxado
enxoval
deporte

A familia pertence ao grupo dos sikhs, o que se pode ver pola presenza do retrato de Guru Nanak (nado arredor do ano 1500 AD), fundador do sikhismo, saudando desde o salón da casa, retrato ao que a nai prega en diversas ocasións durante a película. Os sikhs, procedentes da zona do Punjab, ao norte da India, non son máis ca un 2% da poboación india, pero teñen unha gran importancia, xa que o Punjab é unha zona de grande conflictividade na relación entre hindús e musulmáns. Por razóns políticas, ademais de económicas, moitas persoas sikhs viven no exilio, fundamentalmente en Inglaterra, Canadá e os Estados Unidos.

O matrimonio nas familias hindús é habitualmente arranxado pola familia, e é o acontecemento máis importante na vida dunha persoa e dunha familia. Moitas parellas comezan os acordos matrimoniais do seu fillo ou filla no momento do nacemento deste/desta.

O aspecto máis dramático, non mencionado na película máis que parcialmente, é o do ENXOVAL e os gastos da voda. Trátase da riqueza da esposa, xoiás, obxectos, mobles, propiedades, que leva ao seu matrimonio, e que van ser directamente desfrutados pola familia do noivo. Hoxe en día, a dote está prohibida legalmente pero esta prohibición non é atendida e acada cantidades enormes, supoñendo para a familia da noiva en ocasións o teren que se endebedar de por vida para seren capaces de casar a filla. En ocasións, a familia do noivo esixe diñeiro se este ten estudos universitarios, entendendo que eses estudos van supoñer un beneficio para a noiva en tanto que ela vai desfrutar da situación económica que os estudos do marido van posibilitar. En ocasións, o enxoval inclúe, ademais de diñeiro en metálico, coches, motos, aire acondicionado para a casa (que é a casa da familia do noivo e non da parella), etc. O trato da muller na casa da familia do noivo, onde vai vivir, vai depender da xenerosidade do seu enxoval.

Hoxe en día, ocorren "accidentes", particularmente nas cidades, cando non se paga todo o que se ten acordado previamente: as mulleres das que non se paga a dote sofren, supostamente, en moitas ocasións, accidentes domésticos, que as levan á morte ou a horribles mutilacións. O noivo é así de novo libre para casar outra vez e acadar un novo enxoval. Esta práctica, levada a cabo xeralmente no seo familiar, ten levado a mobilizacións feministas e á difusión de numerosos documentais e informacións en televisión que denuncian esta terrible situación.

Ademais, a familia da noiva paga todos os gastos da voda, non só o banquete, senón tamén as viaxes e o aloxamento, durante varios días, dun número ilimitado de parentes e amizades, xa que se tenta que concorran un número grande de persoas, ao tratarse do festexo máis importante para a familia.

Pasando a caracteres máis xerais, ningunha das mulleres adultas da película –hindú ou inglesa– parece ter tido un pasado deportista. A ningunha lle interesan os deportes. Concretamente, a nai de Jules parece aborrecer o feito de que a súa filla vista en chándal e zapatillas e desexaría unha filla "máis feminina". Este feito ponnos en evidencia a difícil relación entre as mulleres e os deportes. En xeral, as mulleres, por razóns moi variadas, abandonan a práctica do deporte a unha idade moito máis temperá cós rapaces, e parece que ese abandono ten que ver coa distribución diferente do tempo de lecer de mulleres e homes, a influencia do grupo de iguais, as decisións de pais e nais, etc. Os rapaces, pola contra, e por estas mesmas razóns, non abandonan a práctica do deporte, o que redonda nunha mellor condición física e saúde.

O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

Jess case perde a posibilidade de dedicarse profesionalmente ao fútbol pola oposición dos seu pai e da súa nai. Esa oposición baséase na idea de que o fútbol non é unha boa ocupación nin unha actividade axeitada para as rapazas. Estas deben aprender a cocifiar (esta idea repítese na película, con Jess cocifiando en varias ocasións e a súa nai mencionando a necesidade de que sexa unha boa cocifeira de comida india) e a seren boas esposas e nais, aínda que neste caso, ademais, o seu pai e a súa nai desexan que Jess vaia á universidade.

Os roles estereotipados e a dedicación prioritaria ás tarefas da casa vense en dou ambientes. Por unha banda, o da casa de Jess, onde a súa nai desexa que aprenda a cocifiar e deixe o fútbol. Tamén se ve na súa irmá, que non pensa máis ca en rapaces, vestidos, maquillaxes, noivos e vodas e non entende a paixón de Jess polo fútbol. O seu pai, ademais, a pesar de ser máis comprensivo coa situación de Jess, é un home que non colabora nin comparte as tarefas de casa (nunha escena, mentres le o xornal, comodamente sentado nunha cadeira de brazos,

solicita con apuro a súa cea xa que ten fame; non pensa en levantarse e ir á cocifia a prepararse algo el só). Por outra banda, está a familia de Jules. Neste caso, a súa nai, aínda que inglesa, comparte a maioría das ideas da nai e do pai de Jess. Tamén quere que a súa filla teña noivo, se case, compre roupa bonita e lencería sexy (sosténs que non sexan deportivos) e leva un gran desgusto cando sospeita que a súa filla pode ser lesbiana (no caso da familia de Jess esa sospeita non existe porque non pensan que tal comportamento poida ter lugar).



As cuestións esenciais son :

-¿en que medida inflúe o noso contorno á hora de decidirmos o que queremos facer profesionalmente? ¿Na elección de estudos? ¿Nas nosas afeccións? ¿Algún/ha de vós ou alguén que coñezades ten deixado de facer algo porque ten pensado que é impropio para el/ela (deporte, afección, vestimenta, estudo)? ¿Por que pensades que a xente deixa de facer cousas polo “que dirán” se ven que un rapaz/unha rapaza fai algo que non se corresponde co modelo habitual de mozo/moza?

-¿en que medida inflúe tamén a nosa familia? ¿En que medida inflúen os desexos do noso pai e da nosa nai sobre o noso futuro? Algún/ha coñece algún caso, actual ou antigo, no que alguén tefía tomado algunha decisión porque era a vontade do seu pai/nai? Esa vontade pode actuar sobre as decisións de tipo educativo, profesional, pero tamén persoal (casar ou non casar con alguén, ter fillos/as, casar ou non cando se está embarazada...) . ¿É bo que esa influencia sexa decisiva, ou non?

-A película amosa ademais como en Londres, a pesar de que viven multitude de persoas de diferentes orixes -inglesas, por suposto, pero tamén persoas indias, paquistanís, nixerianas, asiáticas, europeas do Leste- non casan entre si, senón só con persoas da súa mesma orixe. ¿Ocorre isto na nosa sociedade? ¿Como reaccionaría a nosa familia, o noso contorno, as nosas amizades se nos fixésemos noivos/noivas dunha persoa de etnia xitana, de orixe africana ou marroquí? ¿Cofecedes algunha parella no voso ambiente que tefía orixe racial ou cultural diferente? ¿Como ten sido a súa vida e a reacción do seu contorno social?


-A nai de Jules leva un gran desgusto cando cre que a súa filla mantén unha relación con Jess. Pola súa parte, o curmán de Jess é homosexual pero nunca llo ten dito a ninguén. ¿Por que existe este rexeitamento ás relacións entre persoas do mesmo sexo na nosa sociedade? ¿Cofecedes casos de personaxes históricas que tefían sufrido persecución por este motivo? (Oscar Wilde, Tchaikovski).



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.


- "Non é xusto que os rapaces non axuden na casa", di Jessminder ao principio da película. ¿A que se debe que os rapaces e os homes non realicen ningunha tarefa na cociña ou na casa? Esta situación, ¿está a cambiar? ¿Cambiará na película nas novas parellas que se crean, na da irmá de Jess, na da propia Jess? ¿Como afecta esa situación ás posibilidades que teñen as rapazas de ter un posto de traballo?
- "Nunca tiña visto xogar a unha india", di Joe, o adestrador, cando Jules lle pide que lle faga unha proba a Jess. ¿Por que non hai rapazas indias xogando ao fútbol?
- A voda da irmá de Jessminder convértese nun gran festexo ao que asisten innumerables persoas. Esa voda é pagada exclusivamente pola familia da noiva, que "tira a casa pola ventá". A propia nai da noiva dille á súa familia: "que saiban eses que non somos pobres". Esta situación provoca verdadeiros dramas familiares nalgúns das sociedades, como a india, xa que en moitos casos as familias das noivas non dispoñen de recursos para organizar este tipo de festas e se endebedan de por vida. ¿Que opinas deste tipo de tradicións? ¿Son xustas? ¿Para as mulleres, para os homes?
- "A spice girl deportista é a única que non ten noivo", di a nai de Jules. ¿Cal pode ser a razón? ¿Que hai detrás da frase da nai de Jules? ¿Aos homes non lles gustan as mulleres que fan deporte? ¿Por que as mozas non fan deporte máis que na etapa escolar e abandonan despois? ¿Por que os homes, pola contra, seguen reuníndose con frecuencia cos seus amigos e compañeiros para "xogar un partidinho" e manterse así en forma?
- "¿Podo levar chándal debaixo do uniforme?" pregúntalle Jess a Joe, o adestrador, cando lle dá o uniforme por primeira vez. ¿A que se debe esta pregunta? ¿Cal é a relación de Jess co seu corpo? ¿Gústalle, non lle gusta, acéptase como é ou pola contra desexaría realizar cambios?
- "Agora que a túa irmá se ten prometido, é diferente", di o pai de Jess a esta cando falan da súa vontade de xogar ao fútbol. ¿Que é o que é diferente unha vez que a súa irmá está prometida? Jess pasa a ser a irmá "por casar".



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- "Que escura se ten posto por xogar ao sol", di a nai de Jess queixándose dos efectos do fútbol na súa filla. ¿Por que non quere que se poña morena? ¿Cal é o tópico que subxace detrás? (que as peles brancas son máis fermosas, que as persoas de orixe caucasiano son superiores ás de cor, que deben tentar parecerse a estas). Véxase o caso de Michael Jackson, por exemplo, ou o número de actrices caucasianas e actrices de cor consideradas fermosas.
- "Es afortunada, unha rapaza tan fermosa, os teus pais casarante cun aposto médico", di a nai de Jules a Jess. ¿Deben as familias influir na elección de parella dos seus fillos e fillas?
- "Jess, ¿non queres isto? É o mellor día da túa vida". -"Eu quero MÁIS ca isto" contéstalle Jess. ¿Que quere dicir Jess con esta resposta? ¿Que é o que quere a maiores, ademais dun matrimonio e dunha voda fastosa? ¿Un traballo, unha carreira universitaria, unha afección apaixonante que se poda converter nunha carreira profesional, nunha independencia persoal?
- "Que vaia á universidade que queira. Temos parentes en Glasgow, Portsmouth..." di a nai de Jess cando fala da carreira universitaria da súa filla, coa que está de acordo. ¿Por qué esa vinculación da universidade cun lugar onde viven persoas da familia? ¿Que pensas do sistema universitario no que se escolle a universidade polas características dos seus estudos, en vez de elixir a máis próxima á residencia familiar do/da estudante?



O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego de iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.deputacionpontevedra.es



A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



Silkwood
Silkwood

1. FICHA TÉCNICA

Director: Mike Nichols.
Guión: Nora Ephron & Alice Arlen.
Duración: 128 min.
País: Estados Unidos.
Ano de produción: 1983.
Reparto: Meryl Streep, Kurt Russell, Cher, Craig T. Nelson, Diana Scarwid.

RESUMO

Karen Silkwood traballa, en 1974, como técnica metalográfica na central nuclear de Crescent, Oklahoma, nos Estados Unidos. É membro do sindicato que reúne a traballadores e traballadoras das plantas nucleares, químicas e de gas do país. Encargada dos temas de seguridade polo sindicato, preocúpase polos riscos que o persoal da planta sofre xa que sospeita que a empresa non dispón de medidas de seguridade suficientemente eficaces.

Durante un tempo, recolle evidencias destas graves carencias na empresa, pero cando todo está disposto para aportar as probas desta situación ao sindicato e á prensa, para dar publicidade á grave situación tanto do cadro como da poboación da área próxima á planta, Karen sofre unha serie de contaminación por plutonio e semanas despois morre nun extraño accidente.

2. QUESTIONARIO

1) Cal é, na túa opinión, o tema fundamental da película?

- As dificultades que existen para conseguir que os dereitos dos traballadores e as traballadoras se cumpran.
- As diferentes opinións sobre cal é o papel que deben ter as mulleres na sociedade.
- As dificultades para levar adiante unha vida profesional e familiar ao mesmo tempo.

2) Cres que as mulleres son iguais en todo aos homes na nosa sociedade? Que teñen as mesmas oportunidades? Cres que os problemas que ten Karen na película teríalos igual se fose un home?

3) "Non poderíamos facer as prácticas, habería que parar a produción dez minutos" dille un colega de traballo a Karen en relación coas prácticas relativas á seguridade que non se fan. Que opinas dos protocolos existentes en materia de prevención de riscos laborais que ás veces non se cumpren? (pensa nos cascos na cabeza das persoas que traballan nas obras, nos cintos de seguridade dos coches que moita xente non se pon, ou nos simulacros de incendio nos edificios públicos que o persoal toma ás veces a broma).

+as

QUESTIONARIO . 2

4) Cales son, na túa opinión, os trazos máis destacados da personalidade de Karen? Por que cres que é elixida polo sindicato para ser membro do comité de negociación? E por que compañeiros e compañeiras despois teñen receos sobre a súa actividade?

5) "-Para que queres ir a esa clase de ciencias? Preguntáballe a nai de Karen a esta cando era nova. -Non ves que non hai rapazas? Deberías ir a clase de Economía Doméstica. A que cres que se debe esta preocupación da nai de Karen sobre o interese educativo da súa filla que a levará despois a desenvolver unha profesión no eido técnico?

6) "Cando o seu colega de traballo Winston dille: "-ólloche a ti", que cres que quere dicir? Que sabes do acoso sexual no traballo?

7) "-Poderíamos ter os nosos propios fillos. Querémonos", di Drew. Pero Karen resposta: "-Non saerían normais". Por que resposta así? Que sabes dos riscos da enerxía nuclear? Cofeces algún dato sobre o desastre de Chernobyl?

8) Xa como final, explica nunha frase cal cres que é a mensaxe que a película quere enviar a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

A película presenta un caso de empoderamento e crecemento muller soa, a pesar dos apoios cos que conta, que traballa esforzadamente para conseguir unha mellora que non redunda só no seu propio beneficio, senón para acadar unhas condicións de traballo mellores e mais saudables para compañeiros e compañeiras. O prezo que finalmente ten que pagar é demasiado alto: sen decantarse claramente por ningunha das posibles causas do terrible final que lle espera a asasinato e película, Pero o seu súa morte a axeitadas enriquecido.

persoal dunha

mesmo o durante a protagonista. despois da de condicións de uranio

TEMA PRINCIPAL

liderado feminino
roles de xénero

TEMAS SECUNDARIOS

conciliación da vida persoal e profesional

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Tenda Aleras, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Anda, Garda Babilio, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entresón
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galicia.cig.es



Anda, Herrera Rúa s/n
36201 - Pontevedra
T 986 904 100
www.deputaciondepontevedra.es



Polígono Baro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.cabanova.com



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.iagepolicia.org



Vicesecretaría de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 592
www.unigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.depontevedra.es



Fondo Social Europeo



MERYL STREEP KURT RUSSELL

A MIKE NICHOLES FILM

SILKWOOD



"One of the best American film"

Silkwood Silkwood

1. FICHA TÉCNICA

Director: Mike Nichols.
Gulón: Nora Ephron & Alice Arlen.
Duración: 128 min.
País: Estados Unidos.
Ano de produción: 1983.
Reperto: Meryl Streep, Kurt Russell, Cher, Craig T. Nelson, Diana Scarwid.

RESUMO

Karen Silkwood traballa, en 1974, como técnica metalográfica na central nuclear de Crescent, Oklahoma, nos Estados Unidos. É membro do sindicato que reúne a traballadores e traballadoras das plantas nucleares, químicas e de gas do país. Encargada dos temas de seguridade polo sindicato, preocúpase polos riscos que o persoal da planta sofre xa que sospeita que a empresa non dispón de medidas de seguridade suficientemente eficaces.

Durante un tempo, recolle evidencias destas graves carencias na empresa, pero cando todo está disposto para aportar as probas desta situación ao sindicato e á prensa, para dar publicidade á grave situación tanto do cadro como da poboación da área próxima á planta, Karen sofre unha seriea contaminación por plutonio e semanas despois morre nun estraño accidente.

2. CONTEXTOS

nos que se move a película, vencellos á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL

Karen Silkwood é unha supervivente nun mundo hostil; cando se divorciou do seu marido, e a custodia das dúas fillas e do fillo da parella lle foi dada a el, Karen abandonou a cidade onde vivían para buscar novos horizontes persoais e profesionais. Os seus estudos técnicos permítille conseguir un traballo como técnica do laboratorio metalográfico na planta nuclear de Cimarron River, en Crescent, Oklahoma, pertencente á gran empresa Kerr-McGee. Alí comparte un piso cun compañeiro de traballo, Drew Stephens, co que manterá unha relación, e cunha compañeira, Dolly Baker. Karen é unha muller comprometida cos seus principios, rigorosa e cabal, que asume serios riscos persoais e profesionais para conseguir que as graves deficiencias da fábrica en materia de seguridade e saúde sexan solventadas: operarios e operarias están expostos/as á contaminación por plutonio, o equipo que utilizan non os protexa adequadamente, hai escaseza de duchas, non se seguen con rigor os protocolos de seguridade, desaparece plutonio da fábrica e mesmo existen serias dúbidas sobre o sistema utilizado para fabricar as barras de combustible para os reactores nucleares, que pode ter deficiencias. Karen é a única muller do sindicato que é elixida para formar parte do comité negociador: a súa asunción de responsabilidades é total, tendo un gravísimo custo para ela.

CONTEXTO FAMILIAR

Karen ten dúas fillas e un fillo que viven co seu ex marido en Texas. Ela vive en Oklahoma xunto co seu noivo Drew e unha compañeira de traballo, Dolly. Visita cando pode ás criaturas e soña con ter unha situación económica independente que lle permita quizais voltar a vivir con elas. A vida de Karen está centrada no seu traballo: as súas responsabilidades como sindicalista na fábrica e as pescudas que vai facendo sobre as condicións de seguridade no traballo, así como a alarmante información que vai recibindo sobre os riscos que supón para a saúde unha exposición incontrolada á radiación do plutonio, van concentrando toda a súa atención no traballo, asumindo moitos riscos, persoalmente no que se refire ao seu posto de traballo na fábrica, pero tamén entre os seus compañeiros e compañeiras, coa súa decidida actitude, xa que algúns pensan que pode pór en perigo o futuro da fábrica e os seus postos de traballo, e igualmente na súa vida privada, xa que a atención posta no desempeño da súa actividade sindical provoca conflitos coa súa parella.

CONTEXTO SOCIAL

Os feitos que a película relata tiveron lugar en 1974. Nese momento a polémica en torno á utilización da enerxía nuclear como alternativa á grave escaseza e carestía do petróleo estaba no seu punto ábido. A construción de centrais nucleares en moitos países do mundo, para evitar depender do petróleo, levou a unha mobilización mundial (no nukies) en torno aos perigos que para o medioambiente e para o ser humano leva consigo. O desastre da planta nuclear de Chernobyl, en Ucraína, en 1986, non tivera lugar aínda, e as terribles consecuencias que tivo para millóns de persoas eran polo tanto descoñecidas para a opinión pública. Mulleres e homes traballan na planta na que se desenvolve a película, planta que, por certo, foi pechada en 1976, tan só un ano despois dos acontecementos que se relatan na película. Como ocorre habitualmente nestes casos, os grandes intereses económicos da empresa, que pretenden o máximo beneficio, mestúranse nunha mesma dirección cos temores dos empregados e empregadas de que o aumento da tensión en torno aos problemas de seguridade que todos/as eles/as, como Karen, evidencian, poida levar ao peche da fábrica e á conseguinte desaparición dos postos de traballo que desempeñan. Karen sofre os receos, desconfianza e mesmo o rexentamento dalgúns compañeiros e compañeiras que non comparten a preocupación que ela manifesta polas consecuencias que a falla de seguridade na fábrica pode ter na saúde do persoal.




3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre os estereotipos de tipo sexista que na nosa sociedade inflúen de maneira poderosa sobre os mozos e mozas á hora de tomaren decisións sobre a súa vida profesional e persoal.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para as mulleres e os homes, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre de que maneira o traballo realizado no seo da familia (traballo reprodutivo) inflúe na capacidade das rapazas e mulleres de desenvolver unha actividade profesional.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material utilizado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación



3b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre cómo o ser home ou muller determina as nosas vidas, mesmo as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que están establecidas para homes e mulleres, e as que non están establecidas.
- Analizar os problemas que leva consigo, desde o punto de vista persoal e familiar, o desenvolvemento por parte de mulleres e homes de carreiras profesionais demandantes, en tempo e en esforzo.
- Reflexionar sobre as mulleres en posicións directivas e de liderado, o seu desempeño, as súas actitudes, os seus problemas ante os valores masculinos que habitualmente dominan as organizacións e a alternativa de adaptarse a ese entorno masculino ou rachar con el, creando un propio, e analizando o impacto dese liderado no contorno familiar e nas actividades de corresponsabilidade das tarefas do fogar.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO FAMILIAR

desempeño
liderado
seguridade no posto de
traballo

Karen Silkwood é unha persoa extraordinaria, é dicir, fóra do corrente. Con poucos trazos, a película debuxa a súa situación familiar. De pequena, a súa nai tería preferido que estudase economía doméstica en vez de ciencias, xa que pensaba que dese xeito coñecería rapaces interesantes e casaría mellor. Ela non atendeu ás suxestións maternas e desenvolveu os seus estudos no eido técnico, que lle permitiron despois exercer a súa profesión como técnica metalográfica nunha central nuclear.

Karen ten dúas fillas e un fillo que, sorprendentemente para os parámetros da sociedade patriarcal na que vivimos, non están con ela senón co seu ex marido, a quen se lle outorgou a garda e custodia despois do divorcio da parella. Karen visitaos cando pode, debido á distancia existente entre a localidade onde vive e traballa, en Oklahoma, e o lugar onde viven as criaturas, no estado de Texas. Vive cun compañeiro e unha compañeira de piso, Drew e Dolly, que tamén traballan na fábrica. A situación é claramente provisional, e así a viven os e as protagonistas. Karen e Drew soñan con trasladarse a un lugar mellor, con traballar noutra cousa, con construír unha casa na que houbese lugar de abondo para as fillas e o fillo de Karen, con ter fillos ou fillas propias no futuro. Para todo iso precisan traballar arreo.

Pero o futuro non lles será propicio. Debido ao compromiso asumido por Karen co sindicato para o que desempeña funcións executivas, un compromiso que pretende demostrar que a empresa *non cumpre coa normativa legal para a seguridade no posto de traballo do persoal*, a súa saúde reséntese gravemente. Nun período moi curto de tempo, os sensores da fábrica detectan elevados graos de actividade radiactiva no seu corpo, polo que é sometida a diferentes e dolorosos procesos de descontaminación. Marcha posteriormente a Los Alamos, acompañada de Drew e Dolly, onde será sometida a diferentes probas para avaliar os danos causados pola radiación na súa saúde. A preocupación é maior no caso de Karen; as probas médicas evidencian un alto grao de exposición á radiación, aínda que non excesivamente perigosos na opinión dos médicos que a ven. Karen, que ten vinteito anos, ve tambalearse o seu soño dun futuro familiar mellor: os efectos da radiación poden afectala tamén na súa capacidade de ter fillos/as de novo, e poderían tamén afectar ao feto, causándolle malformacións. Pero nada disto terá lugar, xa que, á saída dunha reunión con compañeiros e compañeiras da fábrica, e cando, levando unha serie de documentos comprometedores para a empresa, ia reunirse cun responsable do sindicato e un xornalista, coa intención de informarles sobre as probas conseguidas que confirman a falla de seguridade na planta, atopou a morte nun estraño accidente de coche, nunca esclarecido. A policía considerou que se trataba dun típico caso de accidente causado cando a condutora caeu durmida, saíndo da estrada e estampándose contra unha estrutura da rede de sumidoiros de cemento. Os documentos sobre a fábrica que levaba non apareceron nunca. As dúbidas sobre o que ocorreu continúan aínda hoxe.

CONTEXTO SOCIAL, ÉTNICO E CULTURAL

Estados Unidos 1974 igualdade sindicación

Karen Silkwood realiza estudos técnicos na universidade, o que a leva a atopar un traballo nun ámbito aínda hoxe claramente masculinizado, o da enerxía (hai moi pouco que o comisario europeo en materia de enerxía, Andris Piebalgs, fixo un encendido chamamento cara a incorporación de mulleres a este sector en Europa).

A súa capacitación profesional, xunto coa confianza inspirada nos seus compañeiros e compañeiras, a súa franqueza, o seu sentido da responsabilidade, o seu compromiso e capacidade de comunicación lévana a desenvolver unha importante tarefa executiva no sindicato para o que traballa. Estamos ante un exemplo de liderado exercido por unha muller, e os problemas que ese liderado lle ocasiona, tanto na empresa como na súa vida persoal. Karen asume riscos para perfeccionar o seu labor, ten como prioridade a seguridade e o benestar do persoal, e busca o desenvolvemento grupal, participando no traballo aínda que non sexa parte da súa función; estes son trazos que se consideran como específicos do liderado desempeñado por mulleres.

A pesar de que o persoal da central parece ter un certo equilibrio entre os sexos –hai unha porcentaxe equilibrada de homes e de mulleres– Karen atoparase cos típicos prexuízos contra as mulleres que acceden a un posto de responsabilidade. Cando se postula para compoñente do comité negociador do sindicato na planta, ten que xustificar a súa decisión ante o seu compañeiro Drew, incrédulo: “Son tan lista como Harry”. Cando se dedica con intensidade á súa actividade profesional, recibe as queixas da súa parella, quen a acusa de pasar todo o día e toda a noite colgada do teléfono, e a presiona para que renuncie e marche con el. Cando realiza unha viaxe a Nova Iorque para participar nunha xuntanza do sindicato, e presenta o negativo panorama da seguridade na planta, o seu superior dille con sorpresa: “Pareces unha rapaza con carácter”. É dicir, recibe a resposta dunha sociedade machista na que son os homes os que exercen habitualmente o liderado, e recibe as críticas que, a diferenza do que ocorre no caso dos homes, van máis dirixidas á súa parte emocional ou sexual cá parte racional.

+ds

O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

As cuestións esenciais son :

- O exercicio do **liderado por parte dunha muller**, as súas características e os problemas que o propio liderado conleva, tanto no eido profesional como no familiar e persoal. Quen ocupa os postos máis importantes nas profesións? Que dificultades atopan as mulleres cando ocupan postos tradicionalmente masculinos?

- As dificultades para **compatibilizar familia e traballo**, en aras de conseguir unha independencia profesional e económica por parte das mulleres.

51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.



- “-Ti no comité negociador do sindicato?” –pregunta Drew incrédulo cando Karen lle di que vai formar parte dese comité. “-Déixame darche un consello: non lles ensines as tetas”. Diselle algo parecido a un home que vai ocupar un cargo nunha organización? Por que?

- Cantas mulleres coñeces que traballen no eido da enerxía? E cantas no sindicalismo? Por qué non hai máis mulleres nesas áreas profesionais?

- “Pensaba que algún día renunciarías e te virías comigo”, di Drew. “-Xa sabes que agora non podo renunciar”, resposta Karen. Por que non pode renunciar?

- “-Non che importa que a todos os da central nos estean envelenando?” pregunta Karen a Drew. E el resposta: “-Non me cres un problema que non podo resolver”. Discutir a resposta de Drew pode ser interesante para debater o nivel de compromiso das persoas cos seus principios.

- “-Non hai outro sitio ao que ir. Se causades problemas, Mc Gee pechará a fábrica e entón que? Ti estarás en Washington traballando e nós aquí parados” dinlle os compañeiros de traballo a Karen. De novo a dualidade entre a defensa dos principios e as posibles consecuencias negativas que esa loita pode levar consigo.



O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego de iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.depontevedra.es



A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



*Ellos dan el golpe
A league of their own*

1. FICHA TÉCNICA

Directora: Penny Marshall.
Guión: Kim Wilson, Kelly Candaele.
Duración: 128 minutos.
País: Estados Unidos.

Año de producción: 1992.
Reparto: Geena Davis, Lori Petty, Tom Hanks, Anne Ramsey, Rosie O'Donnell, Madonna, Freddie Simpson, Megan Cavanagh, Bitty Sebring, Bill Pullman.

RESUMO

Cando a II Guerra Mundial ameaza con facer pechar a liga de béisbol masculino, xa que todos os xogadores están na fronte de guerra, decídese crear unha liga feminina para non baixar a subestanciosa recadación que os partidos proporcionan, mantendo ao público interesado.

Para iso había que atopar boas xogadoras, e os promotores dos equipos envían a Emie Capeline por varios estados do país a buscalas e recrútalas para os equipos. No estado de Oregón Emie atopa ás irmás Dotie e Kit Keller, que traballan nunha granxa. Consegue convencelas a pesar das reticencias de Dotie, que está contenta coa súa actividade. Outras rapazas boas xogadoras son recrutadas tamén e comezan a xogar no equipo Rockford

Peaches, de Chicago. Para adestralas, contrátase a Jimmy Dugan, unha antiga estrela do béisbol que amañara a súa carreira pola súa adición á bebida. Jimmy non se toma o seu novo traballo en serio, considera o béisbol feminino como unha broma e ás xogadoras como unhas rapazas sen experiencia que nunca farán nada que pegue a pena. Pero a profesionalidade de todas as xogadoras, a súa vontade de traballar arreo e o seu entusiasmo conseguirán que a liga feminina saza un gran éxito e que cada unha delas, individualmente, ecade unha interesante e novídoa experiencia profesional nun eldo que lles apasiona, pero que estivera tradicionalmente vetado ás mulleres.

2. CUESTIONARIO

1) Cal é na túa opinión o tema máis importante que a película trata?

- As diferenzas que existen na sociedade entre o que poden e deben facer os homes e as mulleres, e como as mulleres están ao marxe de moitas actividades só polo feito de seren mulleres.
- A importancia económica das ligas de deportes nos Estados Unidos.
- As tensas relacións existentes entre irmás.

2) Fai lembranza dos signos que se presentan na película do machismo imperante na sociedade norteamericana dos anos corenta.

3) Por que cres que en case todos os países o deporte masculino continúa sendo maioritario, igual que nos anos corenta, en comparación co feminino?

- Porque o deporte interésalle máis aos homes.
- Porque os homes xogan mellor a calquera xogo que as mulleres, e teñen máis forza física e resistencia.
- Porque arredor do deporte existe unha gran industria de lecer que está centrada nun público maioritariamente masculino.

4) Cres que o deporte está relacionado con outras cousas –violencia entre grupos, alcohol- que son fundamentalmente masculinas?



CUESTIONARIO . 2

5) Coñeces moitos nomes de deportistas masculinos? Nomea oito. Agora nomea outros oito, pero deportistas mulleres.

6) Pareceche xusto que un deportista home cobre un 30% máis que unha deportista muller? E se esa diferenza dáse noutras profesións? Entre médicos/as ou conductores/as de autobús?

7) Cres que ten sentido que as profesións/as aficións se organicen en “axeitadas para homes” e “axeitadas para mulleres”? Por qué?

8) Tes escoitado algunha vez que as mulleres teñen que amosar dun xeito diferente a un home a súa valía? Cres que na película se reflicte este feito? En que aspectos?

9) Por que cres que Dottie, sendo a mellor das xogadoras, abandona cando o seu marido volta da fronte? Cres que unha muller con familia debe ter a mesma actitude fronte ao traballo/emprego que unha muller soa?

10) Pensas que alguén debería ter insistido máis para convencer a Dottie de que era boa xogando ao béisbol e debía continuar, aínda que fosen tan poucas as mulleres que se dedicasen profesionalmente a esa tarefa? Quen podería ter apoiado a Dottie para tomar esa decisión?

11) Por último, nunha frase, explica cal cres que é a mensaxe que quere enviar esta película a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

A presentación a cargo da moderadora / moderador debe xirar en estereotipados que homes e mulleres tiñan e teñen aínda que determinada sociedade e como eses roles limitan as nosas posibilidades como persoas. No caso das mulleres, concretamente, debe reflexionar sobre como a capacidade biolóxica da maternidade e o seu papel de coidadoras ao longo da historia ten limitado a ese rol case exclusivamente a súa función na sociedade, impedíndolle ou limitando o desenvolvemento doutras capacidades.

O debate sociedade, debe e non limiten as

xirará en torno ao mantemento ou non, deses impedimentos e limitacións, e en artellarse sistemas que permitan que as súas actividades ás do coidado,

torno aos roles cumprir nunha

na nosa que medida mulleres non conseguindo a homes nas

nenos e nenas e dependentes e diversificando

os seus roles, rachando con estereotipos prefixados que fan que determinadas tarefas e ocupacións sexan só axeitadas para homes, ou, pola contra, para mulleres.

Existe a para o parte de

posibilidade ademais de tratar outros temas secundarios, menos importantes noso obxectivo: o racismo, o deporte e o diferente achegamento a el por mulleres e homes, a masculinización do entorno deportivo, etc.

TEMA PRINCIPAL

roles estereotipados

TEMAS SECUNDARIOS

racismo
deporte

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Tenda Aleros, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Avda. García Barbón, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entresó
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Avda. Herrera Rúa s/n
36001 - Pontevedra
T 986 804 100
www.deputaciondepontevedra.es



Polvoroso Barro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.cabanova.com



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.iagegalicia.org



Vicepresidencia de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 292
www.univigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputaciondepontevedra.es



Fondo Social Europeo



JOM HANKS IST JIMMY DUGAN
UNGEHÖRICH UNSENSIBEL. UNGEHÖRICH



GEENA DAVIS IST DOTTIE HUNG
UNABHÄNGIG. UNVERGLEICHBAR



MADONNA IST "ALLZWEIHEIT"
UNVERGLEICHBAR. UNVERGLEICHBAR



ERLEBEN SIE LIEBE UND
WIRTSCHAFTLICHE UNTERNEHMUNG

EINE KLASSIK

Ellas dan el golpe

A league of their own

1. FICHA TÉCNICA

Directora: Penny Marshall.

Guión: Kim Wilson, Kelly Candaele.

Duración: 128 minutos.

País: Estados Unidos.

Año de producción: 1992.

Reparto: Geena Davis, Lori Petty, Tom Hanks, Anne Ramsey, Rosie O'Donnell, Madonna, Freddie Simpson, Megan Cavanagh, Bitty Schram, Bill Pullman.

RESUMO

Cando a II Guerra Mundial ameaza con facer pechar a liga de béisbol masculino, xa que todos os xogadores están na fronte da guerra, decídese crear unha liga feminina para non baxar a substancial recadación que os partidos proporcionan, mantendo ao público interesado.

Para iso había que atopar boas xogadoras, e os promotores dos equipos envían a Ernie Capedino por varios estados do país a buscalas e recrútasas para os equipos.

No estado de Oregón Ernie atopa ás irmás Dottie e Kit Keller, que traballan nunha granxa. Consegue convencealas a pesar das reticencias de Dottie, que está contenta cos seus traballos. Outras rapazaas boas xogadoras son recrútasas tamén e comezan a xogar no equipo Rockford Peaches, de Chicago. Para adestralas,

contrátase a Jimmy Dugan, unha antiga estrela do béisbol que arruinara a súa carreira pola súa adición á bebida. Jimmy non se toma o seu novo traballo en serio, considera o béisbol feminino como unha broma e ás xogadoras como unhas rapazas sen experiencia que nunca farán nada que pague a pena. Pero a profesionalidade de todas as xogadoras, e o seu vontade de traballar arreo e o seu entusiasmo conseguirán que a liga feminina sexa un gran éxito e que cada unha delas, individualmente, acadase unha interesante e novidosa experiencia profesional nun eldo que lles apasiona, pero que estivera tradicionalmente vetado ás mulleres.

2. CONTEXTOS


nos que se move a película, vencellos á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL E FAMILIAR

Dúas protagonistas femininas, irmás, procedentes do mesmo contorno familiar, prantéxense futuros profesionais moi distintos en torno á mesma actividade, o deporte profesional das mulleres, nun momento no que esta posibilidade non era contemplada como unha saída profesional para as mulleres, e moito menos para aquelas casadas, orientadas cara á atención do núcleo familiar.

CONTEXTO SOCIAL

A época da Segunda Guerra Mundial nos Estados Unidos é un momento importante para a historia das mulleres en todos os eidos: a falta dos homes, que se atopan maioritariamente na fronte bélica en Europa, fai que se precise das mulleres para continuar desenvolvendo moitas actividades, desde o traballo nas fábricas ata o béisbol profesional. A ocasión será aproveitada por moitas mulleres, que verán abertas novas posibilidades de cara á súa vida profesional.




3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.

Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBEXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre os estereotipos de tipo sexista que na nosa sociedade inflúen de maneira poderosa sobre os mozos e mozas á hora de tomaren decisións sobre a súa vida profesional e persoal.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para as mulleres e os homes, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre de qué maneira o traballo realizado no seo da familia (traballo reprodutivo) inflúe na capacidade das rapazas e mulleres de desenvolver unha actividade profesional.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material utilizado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación dun/unha adulto/a.



3b) OBEXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre cómo o ser home ou muller pode chegar a determinar as nosas vidas, mesmo as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que deben realizar homes e mulleres, e as que non deben realizar.
- Analizar o machismo imperante na nosa sociedade, profundamente enraizado desde hai séculos, e de qué maneira se manifesta na vida persoal e laboral das mulleres.
- Debater a diversificación profesional como unha maneira de rachar estereotipos e de abrir novas expectativas a mulleres e homes.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO FAMILIAR

Oregón
matrimonio
actividade profesional
liga feminina de beisbol

As protagonistas principais da película, Dottie e Kit Keller, son irmás e traballan na granxa familiar en Oregón. Dottie está casada e o seu home está na guerra (estamos en 1941, en plena Segunda Guerra Mundial); as súas expectativas vitais vense colmadas pola súa situación e non contempla a posibilidade de ningún cambio inmediato; Kit, pola contra, está soa, e desexosa de abandonar a granxa e de albiscar novos horizontes vitais e profesionais.

Cando se lles presenta ás dúas a posibilidade de xogar na nova liga feminina de béisbol que se crea porque os homes, na guerra, non poden xogar, Kit convence á súa irmá, máis reacia, de que teñen que aproveitar esta oportunidade que se lles ofrece. E así enrólanse na aventura máis increíble das súas vidas.

+ds

CONTEXTO SOCIAL, ÉTNICO E CULTURAL

guerra estereotipos sobre as mulleres deporte

A película, centrada no contexto da vida estadounidense dos anos 40, amosa toda unha longa sucesión de tópicos e estereotipos vencellados á imaxe que sobre a función das mulleres na vida social, económica, cultural e deportiva do país existía neste momento, debido ao profundo machismo que impregnaba todos os aspectos da vida. Desde os primeiros momentos, cando o "scout" ou buscador de talentos Ernie elixe ás xogadoras non só polas súas boas calidades deportivas senón tamén polo seu físico agraciado, ata as tentativas dos promotores da liga por conseguir un maior número de seguidores dos partidos, facendo unha campaña que nada ten que ver coa capacidade deportiva das xogadoras, ou a retirada final de Dottie cando o seu marido volta da fronte, a lista de actitudes, frases e momentos de clara inspiración machista na película é longa.

Pero aínda así, o que resulta interesante é que nunha sociedade na que o papel das mulleres está tan restrinxido á súa función no eido familiar –esposa, ama de casa e nai- teñan existido mulleres que se teñan animado a dedicar a súa vida durante unha serie de anos a unha actividade predominantemente masculina como o deporte, e concretamente o béisbol. Mulleres con iniciativa, fortes, decididas, valentes, con diferentes circunstancias vitais e familiares –o tema da conciliación da vida familiar e profesional xorde tamén na película co caso dunha das xogadoras, que se ve obrigada a levar ao seu fillo en todos os desprazamentos deportivos porque non ten con quen deixalo- vense obrigadas a esforzarse moito máis que os seus colegas homes para poder continuar xogando, pois a falla de público e polo tanto de ganancias ameaza con desanimar aos promotores da liga feminina a continuar poñendo o seu diñeiro no mantemento desta.

A actitude deste grupo de mulleres está en consonancia con comportamentos doutras mulleres na sociedade americana do momento: mulleres competentes que teñen por primeira vez a oportunidade de pórse a realizar tarefas profesionais habitualmente realizadas por homes –nas fábricas, no campo- pola falla de brazos que traballen, ao estaren todos os homes na fronte. O caso máis coñecido é posiblemente o das fábricas de armamento, que traballan a pleno rendemento durante a guerra cunha maioría de persoal feminino. As mulleres amosan que, cando a situación o permite e se lles dá unha oportunidade, son tan capaces ou mais que os homes. O problema é que cando eles voltan, elas, como se ve moi ben na película no caso de Dottie, voltan a casa sen preguntarse tan sequera se é xusto, nin pensar na posibilidade doutro comportamento.

O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

Dottie, excepcionalmente **dotada para o béisbol**, terá unha oportunidade única para amosar que é unha gran xogadora.

Esa oportunidade xorde só porque se dá unha circunstancia determinada: o seu home está ausente. Dottie vive durante un tempo completamente dedicada ao béisbol, conseguindo resultados magníficos. Pero cando volta o seu home, e a pesar das tentativas do seu adestrador, Dottie abandonará o béisbol e voltará á granxa, sen unha dúbida.

A película amosa perfectamente a tesitura na que tantas mulleres se teñen visto durante a súa vida: o **antagonismo entre unha actividade profesional e a súa dedicación familiar**, xeralmente asumida en solitario, xa que non existe apolo por parte do marido ou compañeiro. Neste caso, a decisión de Dottie é aínda máis doada xa que o béisbol non é unha actividade "feminina", só circunstancialmente existe a posibilidade de xogar porque os homes deixan un oco que hai que encher. Dottie entende, debido ao proceso de socialización diferencial que ten vivido, que non existe outra alternativa: as mulleres deben ser antes que nada boas esposas e nais e deben antepór necesariamente esta tarefa a ningunha outra.

As cuestións esenciais son :


- **En que medida inflúen as nosas circunstancias familiares á hora de decidirmos sobre o noso futuro profesional?** En que medida inflúe tamén a nosa familia? É xusto que as circunstancias familiares e persoais inflúan de maneira diferente sobre homes e mulleres? Como asumimos o que se espera de nós e en que medida ese modelo se relaciona coa nosa propia vontade?

- A película permite albiscar ademais que existen na sociedade norteamericana do momento outras esferas, ademais da da sociedade branca e as diferenzas existentes entre mulleres e homes, nas que se viven desigualdades aínda máis profundas. Nun determinado momento, Dottie cruza unha bóla cunha muller de cor, que lle devolve a pelota cunha profunda ollada. Nesa ollada está presente a **discriminación** que, polo feito da cor da súa pel, lle impide xogar, aínda sendo tan boa coma Dottie.

51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.


- Cando Ernie Capadino está na procura de xogadoras, por que é reacto a contratar a Maria Hooch, sendo como é tan boa xogadora? As súas palabras son: "Por fin tes caído da burra" cando Dottie lle pregunta se non a elixe porque non é bonita. Que é o que se espera das xogadoras, ademais de que sexan boas no béisbol?
- A páxina de sociedade na radio envía a seguinte mensaxe: "As carreiras e a educación superior están levando á masculinización das mulleres. Que mulleres van atopar os nosos homes cando volten?" Que cambios se teñen dado, segundo a túa opinión, nas mulleres da sociedade occidental nos derradeiros cincuenta anos?
- Cando a liga feminina atrae pouca atención, pídeselles ás xogadoras que fagan cousas espectaculares diante dun fotógrafo da revista Life. Cales son esas cousas espectaculares? Que características teñen? Imaxínase algo similar se o equipo estivese composto de homes?
- Que pensas da formación que reciben as recrutadas xogadoras? É a formación axeitada para unhas deportistas ou, pola contra, reflicte a opinión que se tiña sobre os valores e principios que debían primar para as mulleres do momento?



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- "Non se chora no béisbol" é a frase de Jimmy Dugan. Que cres que se agocha detrás desta frase?
- "Dixémoslles que tiñan o deber patriótico de deixar a cociña e ir á fábrica e agora que voltan os homes as voltamos a mandar á cociña". "E que imos facer, mandar aos homes á cociña?" Por que esta idea resulta tan estraña aos ollos dos homes na película?
- Queres voltar a túa casa a Oregón e ter cen fillos? Esta é a frase coa que Jimmy resume o que será o futuro de Dotty se abandona o béisbol. Cres que é posible compatibilizar familia e traballo, familia e aficións? É mais doado para os homes ou para as mulleres? Por que?
- Por último, cres que o deporte é un eido profesional no que as mulleres teñen mais ou menos cabida cós homes? Menciona as profesións relacionadas con el: son profesións masculinas, femininas? Por que?



O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.deponevedra.es



A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



Billy Elliot
Quiero bailar

1. FICHA TÉCNICA

Director: Stephen Daldry.
Guión: Lee Hall.
Duración: 110 minutos.
País: Reino Unido.
Año de produción: 2000.
Reparto: Julie Walters, Jamie Bell, Jamie Draven, Gary Lewis, Jean Heywood, Stuart Wells, Mike Elliot, Janine Birkett, Nicola Blackwell.

RESUMO

No ano 1984, no condado de Durham (norte de Inglaterra), a crise económica e social provocada pola folga da minería ten graves consecuencias na situación de moitas familias. Nunha delas, a familia Elliot, composta polo pai, mineiro, a aboa, e dous fillos, un deles tamén mineiro e outro un rapaz de 11 anos, teñen sufrido hai pouco a perda da nai, morta cando só contaba con trinta e sete anos. A situación económica é moi mala porque hai tempo que se atopan en folga. Outro elemento vén crispas máis a situación: o fillo pequeno, Billy, abandona a práctica do boxeo para facer ballet, unha actividade que na cidade de

Everington, pequena e chea de prexuízos, onde vive a familia, só practican as nenas. Os homes da familia de Billy reaccionan violentamente, forzándoo a abandonar as clases, pero non contan coa súa determinación: co apoio da súa profesora, a señora Wilkinson, que ve nel grandes aptitudes para a danza, continuará a súa formación co obxectivo de conseguir unha bolsa para estudar na mellor escola de danza do país, a Royal Academy of Arts. Billy será quen de vencer os prexuízos sexistas do seu pai e o seu irmán e esforzarse por facer realidade o seu soño, dedicarse profesionalmente á danza.



Avda. Alameda, 28 baixo
36282 - Vigo
T 986 213 787
www.ccoo.es



Avda. Orosio Balleiro, 104-1
36201 - Vigo
T 986 429 411
www.cef.es



Callejo Espino, 47 - Barbadillo
36203 - Vigo
T 986 857 900
www.cig.es



Avda. Mestre Est. s/n
36001 - Pontevedra
T 986 854 188
www.deponevedra.es



Pedro Sarri, 24-26
36201 - Vigo
T 986 130 071
www.fundacionequal.es



Avda. Balleiro, 2
36201 - Vigo
T 986 423 225
www.ugt.es



Vozes do Barrio
Calle Alameda
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 812 892
www.vozes.org



2. CUESTIONARIO

1) Cal é, na túa opinión, o tema fundamental da película?

- A loita dun rapaz por conseguir levar adiante estudos nunha determinada materia, a danza, a pesar da oposición da súa familia, que considera que se trata dunha decisión trabucada xa que a danza é so unha cousa de mulleres.
- A crise económica do sector da minería, que afecta a moitas familias na Inglaterra dos anos oitenta do século XX.
- O esforzo, o tesón e a ilusión en calquera tarefa que unha persoa emprenda, xa que conseguen vencer todas as dificultades na nosa sociedade.

2) Podes mencionar algún nome de bailaríns homes? E de bailarinas mulleres?

3) Por que cres que existen tantos prexuízos sexistas contra o feito de que un home practique ou se dedique profesionalmente á danza?

4) Podes mencionar outros eidos nos que existan tantos prexuízos como no da danza en relación ao feito de que os homes os practiquen? E outras áreas nas que os prexuízos vaian contra as mulleres que as practiquen?

5) Como ves ao protagonista? Que cualidades persoais destacarías nel? Cales lle proporcionan posibilidades de cara ao seu desenvolvemento persoal e profesional?

6) Cal cres que vai ser a súa actividade profesional?



CUESTIONARIO . 2

7) Que profesións coñeces que teñan que ver co mundo da cultura, das artes, da música e das letras? Coñeces a homes e mulleres por igual nelas?

8) Cres que existe moita presión sobre os rapaces e rapazas á hora de elixir unha profesión e uns estudos, por parte da súa familia? Cal cres que é a razón? Que opinas que debe primar na decisión final?

9) Por que cres que hai tantas mulleres traballando nas garderías ou como mestras nas escolas? E tantos homes traballando na pesca ou na construción?

10) Podes citar algún sector profesional no que vexas que agora mesmo se están a introducir homes ou mulleres cando antes non había representación máis ca dun sexo?

11) A que cres que se debe que aínda haxa sectores completamente masculinizados e feminizados? Pensas que a escola e os estudos que se seguen teñen algo que ver?

12) Por que cres que en tantos sectores profesionais, os homes son os xefes? Coñeces mulleres xefas? En que profesións?

13) Xa como final, explica nunha frase cal cres que é a mensaxe que a película quere enviar a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

O poder dos estereotipos que nos afectan, a homes e mulleres, os nosos estudos, que nos abrirán a porta da nosa actividade profesional, son aínda hoxe poderosos e poden sê-lo aínda máis se as condicións sociais e económicas non son favorables. A loita por conseguir facer o que queremos pode ser moi difícil e dura, especialmente se temos en conta que os contendentes son rapaces e rapazas novas que teñen que enfrontarse ás súas familias, ás súas amizades, ao profesorado, á opinión da sociedade en xeral, para facer a súa vontade.

As calidades
problemas,
que sexa
todas as

tenacidade
automotivación
superación

estereotipos

á hora de elixir

xeral, para

difficultades e
conseguen
Salvando

cara a Londres, para
el revela, lle fai sentir libre

persoais de Billy –unha gran tenacidade,
automotivación, busca de solucións ás
vontade de superación, sinceridade-
capaz de saír exitoso da empresa.
difficultades, Billy marcha
bailar, aquilo que, como
e feliz.

TEMA PRINCIPAL

superación dos estereotipos de xénero

TEMAS SECUNDARIOS

prexuízos sexistas sobre a formación e as profesións
división social entre o masculino e o feminino
crise económica e social

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Tenda Aleros, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Avda. García Barbón, 104-1
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entresón
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Avda. Herrera Rúa s/n
36001 - Pontevedra
T 986 804 100
www.deputaciondepontevedra.es



Polígono Baro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.cabanova.com



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.sggp.galicia.es



Vicepresidencia de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 592
www.univigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputaciondepontevedra.es



Fondo Social Europeo



Billy Elliot

Quiero bailar

1. FICHA TÉCNICA

Director: Stephen Daldry.

Gulón: Lee Hall.

Duración: 110 minutos.

País: Reino Unido.

Año de produción: 2000.

Reparto: Julie Walters, Jamie Bell, Jamie Draven, Gary Lewis, Jean Heywood, Stuart Wells, Mike Elliot, Janine Birkett, Nicola Blackwell.

RESUMO

No ano 1984, no condado de Durham (norte de Inglaterra), a crise económica e social provocada pola folga da minería ten graves consecuencias na situación de moitas familias. Nunha delas, a familia Elliot, composta polo pai, mineiro, a aboa, e dous fillos, un deles tamén mineiro e outro un rapaz de 11 anos, teñen sufrido hai pouco a perda da nai, morta cando só contaba con trinta e sete anos. A situación económica é moi mala porque hai tempo que se atopan en folga. Outro elemento vén crispas máis a situación: o fillo pequeno, Billy, abandona a práctica do boxeo para facer ballet, unha actividade que na cidade de

Everington, pequena e chea de prexuízos, onde vive a familia, só practican as nenas. Os homes da familia de Billy responden violentamente, forzándoo a abandonar as clases, pero non contan coa súa determinación: co apoio da súa profesora, a señora Wilkinson, que ve nel grandes aptitudes para a danza, continuará a súa formación co obxectivo de conseguir unha bolsa para estudar na mellor escola de danza do país, a Royal Academy of Arts. Billy será quen de vencer os prexuízos sexistas do seu pai e o seu irmán e esforzarse por facer realidade o seu soño, dedicarse profesionalmente á danza.

2. CONTEXTOS

nos que se move a película, vencellados á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL

A historia de Billy Elliot é non só a historia da perseveranza e o esforzo persoal, capaz de sobreporse a calquera obstáculo, senón tamén un relato no que o protagonista se levanta fronte a un espeso entramado de crenzas machistas, estereotipos sexistas e modelos sociais predominantes que encadran ás persoas segundo o seu sexo. Billy, que ten tan só once anos, ten unicamente o apoio da súa avoa, unha ancá enferma, e da súa profesora, que é capaz de percibir grandes dotes nel e aposta pola súa formación, dándolle clases gratuitamente e ás agachadas da súa familia, para que non o seiban. Billy non sabe que é o que ten de malo o ballet, non entende por que para o seu pai e o seu irmán a danza é unha práctica "de nenas" e non comprende por que eles non son capaces de ver que para ser bailarín hai que ser tamén un gran atleta. A medida que a práctica da danza vai facendo feliz, a súa personalidade reforzase e a súa vontade de dedicarse ao ballet vai facendo máis clara. Deste xeito será capaz de demostrarlle ao seu pai o bo que pode chegar a ser, conseguindo que acepte que se presente ás probas para obter a bolsa de estudos e ingresar na academia.

CONTEXTO FAMILIAR

A familia debuxada na película é unha familia "de homes". Unha familia na que non existe figura feminina —a nai morreu hai pouco tempo— e a única imaxe, desdibuxada, é a da avoa, enferma, posiblemente de Alzheimer. O pai e o irmán maior traballan os dous nas minas e están en folga desde hai tempo. A situación económica da familia é moi mala, xa que non entra diñeiro na casa desde hai tempo. Nunha dramática secuencia, o pai vese obrigado a esnaquizar un plano pertencente á nai e que era un dos poucos recordos que Billy tiña dela, para ter leña coa que quentárase durante a triste festa de Nadal, na que se botó a chorar amargamente ante a contemplación das dificultades nas que se atopa a familia, a falta da nai, e angustiosa situación económica, a enfermidade da avoa e as, desde o seu punto de vista, peregrinas ocorrencias do seu fillo pequeno, empeñado en recibir clases de danza, algo completamente insólito na cidade —é clase de ballet asisten exclusivamente nenas— en vez de continuar adestrándose como boxeador, cuestionando así as decisións paternas.

CONTEXTO SOCIAL


A película presenta unha sociedade en crise, en dúas vertentes. Por unha banda, a crise económica e social que se vive na Inglaterra dos anos oitenta, cando a política do goberno de Margaret Thatcher conduce ao enfrontamento co sindicato mineiro, que leva adiante unha longa folga chea de episodios violentos entre os traballadores e as forzas da seguridade. Pero esa mesma sociedade vive outra crise que se percibe no eido familiar: a crise do modelo tradicional de masculinidade, duro, violento e machista, que se tambalea na película cando o cabeza de familia falla na súa tarefa de proporcionar recursos á familia e tamén cando o máis pequeno, da casa, Billy, decide rachar todos os estereotipos, elixindo como vocación e futura profesión unha actividade como a danza. A sociedade de Everington ve nos bailaríns a homes afeminados, homosexuais e alfeñiques. De nada serve que Billy tente convencer a seu pai de que para practicar o ballet hai que ter unha gran forza e exilidade físicas. A familia reacciona violentamente, en primeiro lugar, para asumir despois con gran entusiasmo as habilidades de Billy; o apoio da familia chegará tarde, unha vez que o neno leña amosado ao seu pai, nunha magnífica escena, o bo que é bailando e o feliz que se sente ao facelo.

3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre os estereotipos de tipo sexista que na nosa sociedade inflúen de maneira poderosa sobre os mozos e mozas á hora de tomaren decisións sobre a súa vida profesional e persoal.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para homes e mulleres, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre a influencia que o xénero ten na elección de profesións, aficións e estudos en mulleres e homes, a través das opinións das nosas familias, os nosos amigos e amigas, o noso contorno.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material empregado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación.



3b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre como o ser home ou muller determina as nosas vidas, mesmo as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que están establecidas para homes e mulleres, e as que non están establecidas.
- Analizar como a toma de decisións nun momento temperá das nosas vidas pode ser decisivo no noso futuro, aínda que esa decisión vaia en contra da opinión do noso contorno.
- Reflexionar sobre a maneira en que se ensina na nosa sociedade a ser "home" ou "muller" e como se penaliza a aquelas persoas que rachan co que se espera delas.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO PERSOAL E FAMILIAR

sexo
xénero
estereotipos de xénero

No contexto familiar e persoal, a película móvese fundamentalmente na descrición dun proceso de ruptura cos estereotipos de xénero que funcionan na sociedade occidental e que limitan e encadran a homes e mulleres a desenvolver tarefas e roles acordes coas actividades que ao longo da historia teñen desenvolvido prioritariamente.

Polo que se refire á actividade física, desde hai séculos ten parecido máis acorde para os homes a práctica de deportes, especialmente duros ou violentos (boxeo, fútbol, loita) e para as mulleres a danza e actividades que combinaban o exercicio físico e a expresión estética (ballet, patinaxe artística, ximnasia rítmica). Cando algunha persoa sae dos comportamentos previstos, entón prodúcese a desaprobación do grupo, que ve na súa actitude unha ameaza ao sistema preestablecido. No caso dos rapaces que queren practicar ballet, algo non caracterizado como "masculino", entón inmediatamente son tachados de "maricas".

A película demostra que esas divisións entre o que é masculino e feminino só serven para restrinxir a nosa liberdade, as nosas posibilidades de desenvolvemento persoal. Billy só estará contento se baila, xa que bailar faillle sentirse ben, independentemente da opinión que teña a súa familia ou a sociedade en xeral en torno a esa actividade.

Billy vese sometido a unha grande presión por parte da súa familia para manter unha actitude tradicional e converterse na persoa que o seu pai quere que sexa, alguén que destaque no boxeo pois pode ser mesmo unha oportunidade laboral, para mellorar a crítica situación económica da familia. Pero non é iso o que Billy quere facer: a través dun proceso de maduración persoal, de perseveranza, traballo e crecemento da súa autoestima, o rapaz toma a súa propia decisión sobre o seu futuro en contra da opinión do seu entorno e conseguirá facerse coas rendas da súa propia vida.

+ds

CONTEXTO SOCIAL E CULTURAL

Reino Unido 1984
crise económica e social
crise do modelo de
masculinidade
influencia familiar e social
na elección de profesión
e aficións

Os anos oitenta son anos difíciles no Reino Unido para o sector mineiro, cunha folga que comeza en marzo de 1984 e que non conseguiu o seu obxectivo, modificar a política do goberno sobre a reconversión do sector. A familia Elliot é unha familia que sofre dobremente eses efectos da crise, xa que os dous salarios que percibe proceden da mesma mina. Mentres Billy desenvolve a súa loita por conseguir controlar o seu futuro, o pai e o irmán loitan por un futuro mellor na mina. Billy gaña e eles perden. Pero ademais, a propia familia ten sufrido a recente morte da nai, e a aboa comeza a sufrir unha demencia senil ou enfermidade de Alzheimer que lle fai repetir continuamente: "eu podería ter chegado a ser unha gran bailarina".

O ambiente da cidade, imaxinaria, onde a película se desenvolve, non é o mais axeitado para fomentar a creatividade e as oportunidades de cara ao futuro das persoas máis novas. Moito menos se as vontades se orientan cara a eidos que son considerados como propios exclusivamente de mulleres. Tampouco a situación económica da familia é a mellor para que Billy poida formarse naquelas materias que lle interesan.

En primeiro lugar, o obxectivo para Billy é convencer ao seu pai para que lle deixe formarse como bailarín. En segundo lugar, o obxectivo está na consecución dunha bolsa de estudos como única posibilidade para solventar a necesidade de recursos cos que realizar unha formación como a que se precisa para ser bailarín, fóra da cidade onde vive a familia, en Londres. A falla de oportunidades preséntase baixo dúas vertentes: falla de oportunidades polas limitacións impostas polos estereotipos de xénero, particularmente fortes nunha cidade pequena e nunha familia como a de Billy, e falla de oportunidades pola carencia de recursos económicos para formarse no que se desexa.

É interesante centrar o noso ollar na figura do pai, no que se exemplifica a crise do modelo de varón sustentador da familia que se vive na sociedade occidental desde os anos setenta, cando a crise económica acabou co sistema socioeconómico no que non existía o paro. O pai de Billy ve a súa posición ameazada desde moitas fronteas: por unha banda, a morte da nai ten producido un cambio nos roles dentro do fogar. A aboa, única muller da familia, non está en condicións de encargarse das tarefas domésticas, polo que son os homes, o pai e os dous irmáns, os que se teñen que pór á fronte na cocíña, en pasar o ferro, no coidado da aboa –tarefa que, por certo, lle encargan a Billy-.

Por outra banda, a súa tarefa principal, a do varón que sustenta economicamente á familia, está en crise debido á folga; o salario non chega xa que os mineiros non cobran. E finalmente, a súa incontestada autoridade vese ameazada pola rebelión de Billy, quen se atreve a abandonar as clases de boxeo sen dicirlle nada ao pai. E, ademais, para aprender, en cambio, ballet! Resulta importante resaltar a maneira na que o pai de Billy acepta, despois de moito esforzo, a decisión do seu fillo e, silenciosamente, se pon do seu lado á hora de xuntar esforzos para a batalla seguinte, a consecución do ingreso na Academia.

O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

As cuestións esenciais son :

-A posibilidade de ver ao protagonista como un modelo de toma de decisións formativas e profesionais, de automotivación, de ruptura de estereotipos vencellados ao papel dos homes no mundo, logrando unha autoafirmación, unha maior confianza en si mesmo cando ve con claridade que, independentemente do que pense o seu contorno, a súa vocación cara á danza é firme.

-As dificultades que saír dos moldes que nos impoñen os estereotipos de xénero teñen para calquera, home ou muller. Un home que quere dedicarse ao ballet é alcumado "marica", e unha muller que prefire o fútbol a outro deporte é "marimacho".

-As dificultades, á marxe dos estereotipos, de tipo socioeconómico que existen no mundo occidental para conseguir formarse e dedicarse profesionalmente a unha tarefa vencellada ao mundo cultural ou artístico. Aínda que os gobernos se esforzan en levar adiante políticas de bolsas que axuden ás persoas a desenvolver a súa vocación, segue sendo moi difícil realizar determinados estudos se non se ten unha situación económica desafiada.


-O sistema que na nosa sociedade se segue para ensinar a rapaces e rapazas a "seren homes" ou "seren mulleres", asociando a eses tipos determinadas actividades, valores, crenzas e comportamentos.

-A importancia que ten na adolescencia perseguir con firmeza e perseveranza o noso dereito a elixir aquilo que queremos estudar, sen deixarmos presionar por familia, amigos, profesorado ou as crenzas sobre determinados estudos son axeitados para os homes ou para as mulleres.

51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- Por que cres que a xente pensa que Billy é homosexual? Por que a xente pensa que os bailaríns homes son homosexuais?
- Que condicións e aptitudes físicas e psicolóxicas cres que debe ter unha persoa, home ou muller, que se queira dedicar profesionalmente á danza?
- Que profesións podes mencionar que teñan vencellamento co mundo da cultura, as artes ou as letras?
- Por que pensas que a profesora Wilkinson decide darlle clases a Billy, aínda sen o consentimento da súa familia?
- Cal cres que é a causa do cambio de opinión do pai de Billy sobre a vocación do seu fillo?



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- A que cres que se debe a pelexa que Billy provoca nos vestiarios da Academia cando vai a facer os exames de ingreso?
- Cal cres que é a causa de que Billy sexa aceptado na Academia?
- Cal pensas que é a relación existente entre os dous irmáns durante a película? Vese algunha transformación nela?
- Cal é a túa opinión do personaxe feminino da película, a profesora Wilkinson? Cres que é unha muller realizada profesionalmente? E persoalmente?



O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.deponevedra.es



A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



El Círculo
Dayereh

1. FICHA TÉCNICA

Director: Jafar Panahi.
Guión: Zambozia Partovi.
Duración: 90 minutos.
País: Irán.
Ano de produción: 2000.
Reparto: Fereshteh Sadr Orafai, Nargess Mamizadeh, Elham Sabokatkin, Monir Arab.

RESUMO

Unha muller acaba de dar a luz a unha filla nunha vila de Irán e a familia do seu marido tiña as súas esperanzas postas en que o recen nacido fose un neno...a nai corre o risco de ser repudiada...dúas mulleres acaban de saír do cárcere, unha volta a casa e é obxecto da violencia dos seus irmáns varóns, tendo que volver a marchar; a outra non pode chegar ata a súa casa pois non é capaz de tomar o autobús ata a vila onde vivía...outra muller escapa do cárcere porque está embarazada e non pode ser nai soa dadas as condicións nas que viven

as mulleres en Irán; busca quen lle axude a abortar...outra nai soa abandona á súa filla de cinco anos na rúa, xa que espera que sexa adoptada por unha boa familia e teña mellores oportunidades que quedando con ela...Os camiños de todas elas, tortos pola angustia e o sufrimento, acaban atopándose, presentando un vívido retrato da difícil supervivencia das mulleres nunha sociedade machista e patriarcal como a do Estado relixioso islamita de Irán.



Irma Alvario, 28 bis
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Anda García Barbo, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entradón
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Anda Herrera Rúa u/n
36201 - Pontevedra
T 986 904 100
www.deponevedra.es



Polvoroso Saru, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.cabanova.com



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.sspgpolicia.org



Vicerrectorado de Relaciones
Institucionales
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 292
www.unvigo.es

2. QUESTIONARIO

1) Cal é na túa opinión o tema máis importante que a película trata?

- O establecemento dun réxime clerical nun determinado país, que oprime á cidadanía.
- A determinación que o sexo imprime ás persoas desde o seu nacemento e que condiciona o desenvolvemento da vida en todos os seus aspectos.
- As tensas relacións existentes entre homes e mulleres nalgúns sociedades.

2) Fai lembranza dos signos que se presentan na película do machismo imperante na sociedade iraniana actual.

3) A que cres que se debe a obriga da estrita separación dos sexos na vida pública iraniana?

4) E a obriga de que as mulleres se cubran completamente en público? Cal cres que é a razón?

5) Por que as mulleres non poden fumar en público? E os homes? Que pasa con eles?

6) Cofieces datos sobre a situación das mulleres en España durante os anos cincuenta do século XX? Sabes que cousas podían facer e que cousas non? Aseméllase nalgo esa situación á descrita pola película? Por que?



QUESTIONARIO . 2

7) Cres que a muller que abandonou á súa filla volta a buscala cando escapa da policía, ante a vista da outra muller detida? Conseguirá que lla devolvan? Cales poden ser as consecuencias da súa acción, tanto para a pequena como para ela mesma?

8) Cales cren que poden ser as razóns que levan a unha nai a abandonar aos seus fillos ou fillas? Lembra cales son as culturas e países onde este tipo de abandonos se dan máis frecuentemente.

9) Cal é a túa opinión sobre a prostitución? Pensas que se trata dunha opción de vida, libremente elixida por unha muller, ou que detrás desa elección hai toda unha serie de circunstancias que remiten novamente á discriminación, á desigualdade e á falla de oportunidades?

10) Por que os familiares homes de Pari, os seus irmáns, chegan a casa do pai e lle piden que lles deixe entrar porque queren vela, preguntándose como teñen podido deixala saír do cárcere? Que pretenden facer?

11) Por que a muller que buscaba diñeiro para pagar o seu billete de autobús non sobe despois a el para viaxar á súa aldea, despois de ter conseguido o diñeiro para o billete, de telo pagado e de ter convencido ao vendedor de que tiña carné de estudante, aínda que non o levaba con ela?

12) Por último, nunha frase, explica cal cres que é a mensaxe que quere enviar esta película a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

A presentación a cargo da moderadora / moderador debe xirar en mantemento, en moitos países e culturas, de sistemas patriarcais oprimen e manteñen ás mulleres na máis seria das discriminacións, pois o seu valor como persoas está determinado xa desde o seu nacemento polo seu sexo, tal e como se ve na primeira escena da película.

Ademais, deberá reflexionarse tamén sobre o mantemento de resabios desta cultura patriarcal na nosa sociedade, e de qué evolucionando nas últimas décadas cara á similares no noso país ao descrito na película.

torno
que

certos
maneira se foi
desaparición de

TEMA PRINCIPAL

superación dos estereotipos de xénero

TEMAS SECUNDARIOS

prexuízos sexistas sobre a formación e as profesións
división social entre o masculino e o feminino
crise económica e social

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Torres Alamo, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Avenida García Barbón, 104-1
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.ccp.es



Gregorio Espino, 47 - Entrecán
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Avenida Mosteiro Rías s/n
36001 - Pontevedra
T 986 804 100
www.deputaciondepontevedra.es



Policarpe Sarz, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.caixanova.com



Heradio Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 428
www.ugtgalicia.org



Viceministerio de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 592
www.uvigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO
www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputaciondepontevedra.es



Fondo Social Europeo



El círculo



El Círculo

Dayereh

1. FICHA TÉCNICA

Director: Jafar Panahi.

Guión: Zambozia Partovi.

Duración: 90 minutos.

País: Irán.

Año de producción: 2000.

Reparto: Fereshteh Sadr Orafi, Nargess Mamizadeh, Elham Sabokatkin, Monir Arab.

RESUMO

Unha muller acaba de dar a luz a unha filla nunha vila de Irán e a familia do seu marido tiña as súas esperanzas postas en que o recen nacido fose un neno...a nai corre o risco de ser repudiada...dúas mulleres acaban de saír do cárcere, unha volta a casa e é obxecto da violencia dos seus irmáns varóns, tendo que volver a marchar; a outra non pode chegar ata a súa casa pois non é capaz de tomar o autobús ata a vila onde vivía...outra muller escapa do cárcere porque está embarazada e non pode ser nai soa dadas as condicións nas que viven

as mulleres en Irán; busca quen lle axude a abortar...outra nai soa abandona á súa filla de cinco anos na rúa, xa que espera que sexa adoptada por unha boa familia e teña mellores oportunidades que quedando con ela...Os camiños de todas elas, tortos pola angustia e o sufrimento, acaban atopándose, presentando un vívido retrato da difícil supervivencia das mulleres nunha sociedade machista e patriarcal como a do Estado relixioso islamita de Irán.

2. CONTEXTOS

nos que se move a película, vencellados á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL E FAMILIAR

Nunha sociedade rixidamente segregada por sexos, son as mulleres as que sofren de maior maneira a desigualdade e a falta de oportunidades para desenvolver as súas vidas, tanto persoais como profesionais. A película evidencia claramente esa falta de oportunidades: as protagonistas, todas elas en difíciles situacións vitais, vencelladas á súa condición de mulleres, loitan por sobrevivir nun mundo no que os únicos que teñen dereito a tomar decisións, a seren autónomos, son os homes. Nesta pale dominado exclusivamente por homes, a maternidade é a tarefa fundamental das mulleres, a causa do seu valor dentro da sociedade e tamén a consecuencia das maiores discriminacións e inxustizas.

CONTEXTO SOCIAL

A película é unha dura crítica á situación das mulleres en Irán; sen darnos demasiados detalles sobre cal é a vida das protagonistas, a súa profesión, ou as razóns que levaron a varias delas ao cárcere, nembargantes todas elas están relacionadas por unha mesma desgraza: a súa condición de mulleres, que as fai cidadás de segunda clase, vulnerables, imposibilitadas para realizarse como persoas, e, ao mesmo tempo, valentes, fortes e decididas.

A historia da primeira das mulleres é unha especie de prólogo que abre e pecha o círculo da vida das diferentes mulleres que se describe na película: nese prólogo, unha muller da a luz. A médica que a atende é tamén unha muller; a separación de sexos no hospital é, como en todos os sectores da vida en Irán, moi estrita. Ten unha nena. A aboa da criatura nacida, Incredula, non se amosa satisfeita; á súa filla fíxoaselle unha ecografía durante o embarazo e o resultado indicou que o recen nacido sería un neno. Agora que non é así, prevé problemas coa familia do pai da nena. Cre que o pai repudiará á nai ou pedirá o divorcio. Volta a pedir ao persoal médico que lle confirme que a recen nacida é unha nena. E o persoal confirmallo de novo. A muller marcha do hospital presa da certidume do negro futuro que se ceme sobre a súa filla e a nenita recen nacida. Por que? Porque a recen nacida non é un neno. Simplemente por iso.




3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre as desigualdades que afectan en diferentes sociedades do mundo ás mulleres e aos homes, e moi particularmente a aquelas, vencellados a crenzas relixiosas ou culturais.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para as mulleres e os homes, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre de qué maneira a maternidade e as responsabilidades que conleva pode converterse na primeira causa de desigualdade para as mulleres en moitas sociedades.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material utilizado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación dun/unha adulto/a.



3b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre cómo o ser home ou muller pode chegar a determinar as nosas vidas, mesmo as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que deben realizar homes e mulleres, e as que non deben realizar.
- Analizar o machismo imperante en diferentes sociedades do mundo, profundamente enraizado desde hai séculos, e de qué maneira se manifesta na vida persoal e laboral das mulleres.
- Debater as posibles maneiras de rachar estereotipos e de abrir novas expectativas a mulleres e homes.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO FAMILIAR

discriminación das mulleres sociedade patriarcal

As mulleres das que se van debullando as historias na película teñen algo en común: a falla de protección por parte das súas familias, e, particularmente, por parte dos seus parentes varóns. Por diferentes razóns. Nun país onde ás mulleres non se lles permite saír “soas”, é dicir, non acompañadas por un home que sexa o seu parente, non se lles permite viaxar soas –a menos que teñan carné de estudantes- ou non se lles practica un aborto –legal- se non é coa aprobación escrita do seu marido ou o seu pai, a falla desa protección familiar masculina convértese na orixe das súas desgrazas.

A película proporciona pouca información sobre cada unha das mulleres protagonistas; nembargantes, podemos entrever que lles falla a protección familiar na que se basea a vida das mulleres en Irán. No primeiro caso, a muller que da a luz a unha nena pode, tan só por ter traído ao mundo a unha nena cando a familia do marido tiña postas as súas ilusións nun varón, ser repudiada; das amigas que saen de prisión, unha delas pasou un par de anos na cadea e non tivo novas durante todo ese tempo da súa familia nin do seu fillo –signo evidente de que non conta xa como membro desa unidade familiar-, a outra ten aínda ilusións posto que merca unha camisa de home, para un marido ou un noivo, pero non chegaremos a saber se pode entregar o regalo ou non, é dicir, se vai contar con ese apoio masculino ou non.

A terceira muller saída do cárcere volta á casa da súa familia, pero ten que saír de alí no mesmo día cando os seus irmáns varóns pretenden exercer a vinganza familiar da que son obxecto as mulleres que, por razón de condutas de tipo sexual, son culpabilizadas por ter manchado a honra familiar. Embarazada, verá negada a posibilidade de abortar xa que non conta coa autorización nin do seu marido ou compañeiro –axustizado no cárcere- nin do seu pai –ao que, evidentemente, non lle pode contar a nova do seu embarazo.

A seguinte historia é a da muller nai soa que xa tentou abandonar á súa filla, de cinco anos, en tres ocasións diferentes, convencida de que estará moito mellor con outra familia que con ela, que está soa e ten que soportar o rexeitamento social que esa condición de nai soa trae consigo e non pode proporcionarlle na vida as oportunidades que quere para a pequena.

Finalmente, temos a historia da última muller, que exerce a prostitución, “porque ten que pagar as facturas”; desencantada e irónica, ve como os homes que van no mesmo furgón policial que ela, detidos, a desprezan e a ignoran, sen ofrecerlle tabaco; ela fuma, os seus propios cigarrillos. Un signo de independencia, de afirmación, dunha muller que non ten nada que perder xa, nun mundo no que as outras mulleres teñen medo e se agochan, mentres agardan tempos mellores.

CONTEXTO SOCIAL E CULTURAL

maternidade liberdade sexual

A revolución islámica que acabou co goberno do Shah do Irán, e que tivo lugar no ano 1979, instaurou no país un réxime no que a corrente chiita do islamismo, que considera que a comunidade de crentes só pode ser gobernada por descendentes do profeta Mahoma, instaurou a visión relixiosa como único enfoque do goberno: os homes versados en teoloxía e ciencias sagradas son os que deben tomar o mando do país, supervisando a vida pública e as decisións en materia política, social e económica.

Así, o ayatollah Jomeini pasou a ser a figura clave nesta nova etapa do país, e declarou a súa vontade de “expandir a soberanía divina no mundo”. Confirmou a súa independencia das grandes potencias nomeando aos Estados Unidos “o gran Satán” e á URSS “o pequeno Satán”.

Curiosamente, as mulleres, que tiñan tido un papel decisivo na loita contra o réxime do Shah, foron as máis afectadas pola nova política implantada. A pesar de conservar os seus dereitos políticos –dereito ao voto, dereito a seren elixidas representantes populares no réxime, a diferenza doutros países islámicos como Arabia Saudí- e manter unha importante participación laboral no país –son unha porcentaxe importante nas facultades universitarias, tanto entre o alumnado como entre o profesorado, ou no exercicio de moitas profesións como o xornalismo ou a avogacía- a total submisión á vontade familiar masculina fai que o país teña as máis elevadas taxas de mulleres que escapan das casas familiares para tentar vivir doutro xeito, sendo donas do seu propio destino, un destino absolutamente incerto debido á falla de oportunidades para as mulleres soas.

En 1979 declarouse obrigatorio o velo: o ayatollah consideraba que a muller debía ocultar ao home, e incluso aos rapaces impúberes, a súa cabeleira e o seu corpo. As leis que afectan á familia son completamente discriminatorias para as mulleres –elas non poden pedir o divorcio pero os homes si, aos homes estalles permitida a poligamia, o castigo para a infidelidade é moito máis grave no caso dunha muller que no caso dun home- as mulleres non poden acudir aos estadios para asistir aos partidos de fútbol, unha verdadeira paixón nacional, “por razóns de seguridade”. En 1989 Jomeini morreu, pero o réxime aínda non ten cambiado o suficiente desde aquela como para poder falar dunha liberalización real.



O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

A película amosa perfectamente as dificultades na vida das mulleres no Irán actual, inmersas nunha sociedade que só as valora pola súa capacidade de traer criaturas ao mundo. As mulleres non teñen outra misión ca esa, e as varias historias que se relatan na película amósano perfectamente. Incluso para aquelas que exercen unha profesión, como é o caso da médica do hospital, o máis importante continúa sendo manter ao seu marido na ignorancia con respecto ao pasado dela, protexendo o nexo conxugal como o máis valioso, aínda fundamentado no descoñecemento e na ocultación.

Unha xanela nunha porta ábrese ao principio da película e outra se pecha ao final. As mulleres do Irán viven ocultas tras velos, portas, segredos e hipocrísias. Pero ademais viven temerosas: a presenza da policía é unha constante, patrullan as rúas e son a imaxe máis clara dun réxime opresivo e agobiante, que oprime ás mulleres.

As cuestións esenciais son :

-En que medida inflúe o noso sexo á hora de desenvolver a nosa vida? Na película plantéxase con claridade que o futuro que poden esperar mulleres e homes en Irán é completamente diferente. Mesmo aquelas mulleres que desenvolven unha actividade profesional independente teñen que refuxiarse na protección dun varón, sexa o marido ou o pai. Esa desigualdade ten que ver coa intolerancia, a cerrazón e o medo á diferenza. Ten que ver co mantemento dunha sociedade patriarcal na que as mulleres teñen un escaso papel, que viven ocultas, tristes e agobiadas. En que medida a nosa sociedade se parece aínda a esta reflectida na película?

-Debater sobre por qué as mulleres sofren discriminación e desigualdade en case todas as sociedades do mundo. Cales poden ser as razóns para que se produza esta situación, e cales son as diferentes manifestacións desta discriminación segundo as diferentes culturas e países.

51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- Por que a muller que aparece ao principio da película, en vez de sentirse feliz polo nacemento da súa neta, se preocupa polo futuro da súa filla e considera seguro o divorcio da parella que acaba de ter á nena?
- Na segunda das historias, a das amigas recen saídas do cárcere, imaxina quen son esas persoas ás que van ver para conseguir o diñeiro para pagar os billetes de autobús e por que llo prestan ou llo dan.
- Por que unha das mulleres que estivo no cárcere non tivo novas da súa familia nin do seu fillo durante os dous anos que pasou na cadea?
- Por que está prohibido que as mulleres viaxen soas en Irán? Imaxina cáles son as razóns polas que se prohibe tal cousa.



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- Por que a muller, finalmente, non sobe ao autobús para viaxar á súa vila, despois de ter conseguido o diñeiro para o billete, de telo pago e de ter conseguido convencer ao vendedor de que tiña camé de estudante aínda que non o levaba con ela?
- Por que os familiares homes de Pari, os seus irmáns, chegan a casa do pai e lle piden que lles deixe entrar porque queren vela, preguntándose como teñen podido deixala saír do cárcere? Que pretenden facer?
- Por que o soldado lle pide á protagonista que chame por teléfono a un número e pregunte por unha tal Sara?
- "Unha muller sen un home non é ninguén", di a nai que abandona á súa filla na rúa. Reflexionar sobre as decisións que poden levar a unha muller a abandonar á súa criatura na rúa.



O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.deponevedra.es



A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



La Costilla de Adán
Adam's rib

1. FICHA TÉCNICA

Director: George Cukor
Guión: Ruth Gordon & Gerson Kanin
Duración: 101 min.
País: Estados Unidos
Año de produción: 1949
Reparto: Spencer Tracy, Katharine Hepburn, Judy Holliday, Tom Ewell, David Wayne, Jean Hagen, Hope Emerson, Eve March

RESUMO

Unha muller, Doris Attinger, é xulgada por tentar matar o seu home, ao que atopa con outra muller.

entre en crise e que pensen en moitos dos seus principios como persoas e como profesionais.

O fiscal Adam Bonner, que pide a condena para Doris, e a avogada defensora da acusada, Amanda Bonner, que solicita a súa absolución, son marido e muller; as posturas encontradas que terán durante o xulgo, en torno á igualdade ante a lei das mulleres, farán que a súa relación

2. CUESTIONARIO

1) Cal é, na túa opinión, o tema fundamental da película?

- A rivalidade entre mulleres e homes no traballo.
- A desigualdade que as mulleres sufriron e aínda sofren na nosa sociedade, e a necesidade continuada de amosar que son igualmente intelixentes e capaces que os homes.
- As dificultades para levar adiante unha vida profesional e familiar ao mesmo tempo.

2) Cres que as mulleres son iguais en todo aos homes na nosa sociedade? Que teñen as mesmas oportunidades? Se non o cres así, podes pór algún exemplo da existencia de desigualdade? E de diferenzas?

3) Cofeces o nome dalgunha/dalgunhas mulleres destacadas no mundo da avogacía/xudicatura? E na política? Escribe dez nomes de homes e dez de mulleres.

4) Cres que ten sentido que as profesións se organicen en "axeitadas para homes" e "axeitadas para mulleres"? Por que? Como desenvolve Amanda a súa actividade profesional? Ben, regular? Cres que un home o tería feito mellor? E distinto?

5) Cres que Adam e Amanda teñen fillos/as? Por que?



CUESTIONARIO . 2


6) Quen debe encargarse do coidado dos nenos e nenas pequenas cando nunha parella traballan muller e home? Que solucións poden darse para atender os fillos e fillas se ambos membros da parella traballan?

7) ¿Que opinas da outra parella que se presenta na película, a de Doris e o seu marido? ¿Que cres que debe facer Doris ante o maltrato do seu marido? Pensar nela mesma, nos seus fillos e fillas?

8) "Un home pode facer unha serie de cousas que aos ollos da sociedade están ben vistas, mentres que se fai unha delas unha muller, todo o mundo censuraría a súa acción" di Amanda ao principio da película. Coidas que ten razón? Podes pór algún exemplo?

9) Como cres ti que debería rematar a película? Cal debería ter sido o veredicto do caso de Doris? Cal o futuro da súa familia? E no caso de Amanda e Adam?

10) Xa como final, explica nunha frase cal cres que é a mensaxe que a película quere enviar a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

A película é unha comedia de situación sobre unha parella que profesionalmente ás mesmas tarefas, a avogacía, pero en postos diferentes e con responsabilidades contrapostas.

A un nivel máis profundo, nembargantes, hai unha seria reflexión sobre a igualdade entre mulleres e homes na nosa sociedade, que, aínda que ten lugar en 1949, pode ser perfectamente traspasada ao noso momento histórico. Amanda cuestiona o liderado sociedade e está determinada a demostrar a evidencia dos mulleres, para probar a súa igualdade cos homes. Pero os escrupulosos métodos provocarán a reprobación profesional marido, e a crise do matrimonio. Para conseguir convencer Amanda emprega un dos métodos que o actual enfoque de aconsella para determinar se existe algún prexuízo sexista comentario: darlle a volta aos personaxes; onde hai un home, nunha situación ou por unha muller, onde hai un masculino, por un feminino. E isto é o que aconsella Amanda ás mulleres e homes que forman o xurado que tomará unha determinación sobre o caso: que no canto de ver unha muller na acusada, vexan un home; que en vez de ver un marido e á súa amante, vexan unha muller e ao seu amante. Así logra que se decaten dos prexuízos sexistas que se agochaban na súa visión dos feitos. Aínda que salpicada de momentos que hoxe consideraríamos sexistas ou machistas, é innegable a modernidade e a actualidade de moito do que se presenta en La Costilla de Adán.

se dedica

masculino na
logros das
seus pouco
do seu
o xurado,
xénero

nunha situación ou
pór unha muller, onde hai

TEMA PRINCIPAL

igualdade ante a lei de mulleres e homes
liderado feminino

TEMAS SECUNDARIOS

feminismo
violencia de xénero
conciliación da vida persoal e profesional

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Trada Alameda, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Avda. García Barbón, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entresón
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Avda. Herrera Rúa s/n
36001 - Pontevedra
T 986 804 100
www.deputaciondepontevedra.es



Polvoroso Baro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.fundacioncabanova.es



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.sagpolicia.org



Vicepresidencia de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 292
www.univigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deponevedra.es



Fondo Social Europeo





La Costilla de Adán

Adam's rib

1. FICHA TÉCNICA

Director: George Cukor

Gulón: Ruth Gordon & Garson Kanin

Duración: 101 min.

País: Estados Unidos

Año de produción: 1949

Reparto: Spencer Tracy, Katharine Hepburn, Judy Holliday, Tom Ewell, David Wayne, Jean Hagen, Hope Emerson, Eve March

RESUMO

Unha muller, Doris Attinger, é xulgada por tentar matar o seu home, ao que atopa con outra muller.

O fiscal Adam Bonner, que pide a condena para Doris, e a avogada defensora da acusada, Amanda Bonner, que solicita a súa absolución, son marido e muller; as posturas encontradas que terán durante o xuízo, en torno á igualdade ante a lei das mulleres, farán que a súa relación

entre en crise e que pensen en moitos dos seus principios como persoas e como profesionais.

2. CONTEXTOS

nos que se move a película, vencellos á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL

A película presenta dúas protagonistas femininas, moi diferentes. Unha é Doris Attinger, a acusada de tentar asasinar o seu home. Doris traballa na realización das tarefas do fogar, coíde ás súas tres criaturas e sofre sen expectativas unha situación de violencia de xénero no seu matrimonio, casada cun home violento que a maltrata. A outra é Amanda Bonner. Amanda é unha exitosa avogada, licenciada nunha das facultades máis prestixiosas dos Estados Unidos, Yale. Amanda, muller, móvese con decisión nun mundo masculino, o dos tribunais norteamericanos; respéctase a si mesma, é consecuente coas súas crezas, e é respectada, escoitada e atendida. Amanda consegue un éxito importante facendo que o xurado declare inocente á súa defendida: cambia a lei e cambia tamén, dalgún xeito, o mundo.

CONTEXTO FAMILIAR

A película presenta dous mundos contrapostos, os dous contextos familiares de ambas as dúas protagonistas. Doris vive para a súa familia, para os seus fillos e fillos. Cando o fiscal lle pregunta durante o xuízo cal é a súa profesión, ela contesta: "non teño profesión". "Ama de casa?" -pregunta o fiscal novamente. "Sí, iso é" - di ela, "anóteo, e que son na". Pola contra, Amanda recibe apoio do seu marido para desenvolver a súa carreira profesional. Tanto el coma ela son independentes, e a súa harmonía como parella é o contexto perfecto para que ambas as dous crezan profesionalmente, acepten novos retos, se promocionen e continúan adquirindo experiencia e coñecemento.

CONTEXTO SOCIAL

A película foi rodada en 1949. Trátase dun momento no que a situación de desigualdade entre mulleres e homes era moi evidente, non téndose conseguido nin sequera a igualdade formal ou de dereitos. Aínda que en teoría a lei era igual para todos e todas, a reflexión fundamental da película xira en torno ao feito de que o trato dado a mulleres e homes que cometen o mesmo delito non é igual. Un home que comete un crime ou un delito "en defensa" da unidade da súa familia ten moitas posibilidades de saír sen condena porque o xurado vai pensar que existen razóns para ese comportamento violento; sen embargo, unha muller na mesma situación será condenada polo feito de que os prexuízos de xénero dos e das membros do xurado actuarán en contra dela.




3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre os estereotipos de tipo sexista que na nosa sociedade inflúen de maneira poderosa sobre os mozos e mozas á hora de tomaren decisións sobre a súa vida profesional e persoal.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para as mulleres e os homes, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre a maneira en que o traballo realizado no seo da familia (traballo reprodutivo) inflúe na capacidade das rapazas e mulleres de desenvolver unha actividade profesional.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material empregado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación.



3b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre cómo o ser home ou muller determina as nosas vidas, mesmo as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que están establecidas para homes e mulleres, e as que non están establecidas.
- Analizar como as leis, malia a súa teórica neutralidade, poden transmitir e reproducir prexuízos, ademais de seren utilizadas de maneira diferente a favor de homes ou mulleres.
- Reflexionar sobre as mulleres en posicións directivas e de liderado, o seu desempeño, as súas actitudes, os seus problemas ante os valores masculinos que habitualmente dominan as organizacións e a alternativa de adaptarse a ese entorno masculino ou rachar con el, creando un propio, e analizando o impacto dese liderado no contorno familiar e nas actividades de corresponsabilidade das tarefas do fogar.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO FAMILIAR

maltrato
igualdade de dereitos
ante a lei
desempeño
parella de profesionais

A película xira en torno a dúas familias: a familia da acusada e a familia da avogada defensora.

A primeira está composta por un marido maltratador e infiel, a muller, e varios fillos e fillas. A muller denuncia durante o xuízo a súa condición de maltratada; resposta a unha pregunta do fiscal dicindo que o seu home comezou a pegarlle once meses atrás. O marido tamén explica ao seu xeito a situación da parella: "Deixei de querer á miña muller cando comezou a engordar". A pesar da mala relación, a suposta seguridade familiar e económica vese ameazada cando Doris ten a sospeita de que o seu home se ve con outra muller. Ségueo ata o domicilio desta, onde, cos ollos pechados, dispara contra os dous e é detida. Enfróntase a unha dura condena, a de tentativa de asasinato. Para ela, e para a súa defensora, o fundamental é facer ver que actuou pensando exclusivamente na seguridade e futuro das súas criaturas, cando veu en perigo a estabilidade familiar. Non deixa de ser chamativo, para a nosa perspectiva actual, que unha vez absolta, ao final da película, Doris se deixe retratar pola prensa acompañada novamente polo seu marido, ao que tentou matar, e os seus fillos e fillas, nunha inverosímil imaxe de familia feliz.

No caso da familia da avogada, Amanda Bonner, a situación é moi diferente: un matrimonio con alto poder adquisitivo, entre dous profesionais, el axudante do fiscal do distrito, ela avogada, que comparten o amor pola súa profesión, similares conviccións sobre a importancia do seu *desempeño profesional* e unha sólida relación persoal, que se vai deteriorando a medida que Amanda, moi lonxe dos estereotipos que amosan ás mulleres como compracentes e sumisas, vai desenvolvendo o seu cometido profesional neste caso —convencer o xurado da necesidade de impor a igualdade ante a lei das mulleres, xa que as mulleres son igualmente intelixentes e capaces que os homes— de maneira enérxica e eficaz, ata chocar frontalmente co seu marido, que propugna unha concepción máis positivista da función da lei: "a lei é a lei". Un día, Amanda, na seu empeño por demostrar que as mulleres son iguais aos homes, leva a unha trapezista ao estrado. Esta, para amosar a súa enorme forza física, similar á dun home, agarra ao fiscal polos pés e o levanta como se tratase dunha pluma. Humillado diante do xurado e do público, avergonzado pola perda da súa dignidade durante a circense escena, estala e acusa a súa muller de ter sobrepasado a liña do soportable. Pode ter conseguido algo a favor dos dereitos das mulleres durante o xuízo, di Adam, pero o que si ten logrado é acabar co matrimonio. Ese día colle as maletas e marcha da casa. Amanda acabará convencendo ao xurado e gañando o xuízo, Doris sairá libre de culpa, pero Adam artellará a maneira de amosar a súa muller que a premisa que ela defende —a inocencia de Doris— é falsa, cando se presenta en casa de súpeto e ameaza a Amanda, que pasaba a velada cun veciño, cunha pistola, de regalicia, por certo: "¡Non tes dereito, Adam!" di ela. "¡Ningún ten dereito!" E el contesta: "Iso era o que quería oír. Non teño dereito. Ningún ten dereito a incumplir a lei. A túa cliente non ten dereito". E con esas palabras, come tan contento a pistola de regalicia coa que ameazou a súa muller.

CONTEXTO SOCIAL E CULTURAL

igualdade formal
igualdade de feito
estados unidos 1949
violencia no seo da parella

Toda a crítica cinematográfica ten subliñado a singularidade desta película, co seu tema principal –a igualdade entre mulleres e homes-, sen precedentes, e co modelo positivo da muller avogada, que leva adiante un xuízo particularmente difícil no que pretende sobrepasar o propio caso para demostrar a inxustiza das leis contra as mulleres, ademais da necesidade de reformar o sistema para dotar ás mulleres do mesmo tratamento legal. Na película amósase un modelo de muller profesional –Amanda Bonner- perfectamente integrada no sistema, comprometida coa súa carreira e defensora, por enriba de todo, das súas ideas e conviccións: a lei debe ser igual para todos e todas.

A igualdade formal –a igualdade ante a lei de todas as persoas, sen distinción de sexo, raza, cultura, crenzas- é un logro non moi lonxano. Na maioría dos países democráticos estableceuse despois da primeira guerra mundial, concedendo ao mesmo tempo ás mulleres o dereito á educación, ao traballo retribuído e ao voto. En España, nembargantes, é un principio que se instaura coa constitución de 1978. Sen embargo, non por modificar as leis modifícase o mundo. Como a película amosa moi ben, a igualdade de dereitos pode darse na teoría pero non na práctica. Os dereitos das mulleres segúanse vulnerando e a soa promulgación da igualdade legal non foi abondo para cambiar os costumes, crenzas e prexuízos dunha sociedade. As estruturas da desigualdade perviven e é cómpre un esforzo máis fondo para chegar á igualdade de feito.

Ao mesmo tempo, resulta chocante que un problema tan grave como o da violencia no seo da parella, contra as mulleres, sexa tratado na película, pero sen lle dar ningún relevo, como algo cotián que non merece a atención das persoas vencelladas ao xuízo, e que nin sequera é empregado na defensa realizada por Amanda Bonner para pór de relevo a situación vivida pola acusada na súa vida familiar. Pola contra, todo o xuízo xira en torno á infidelidade do marido, e á contraposición entre a acusada, Dorothy, -unha muller abnegada, unha boa nai, unha esposa fiel- e a "outra", unha muller mala, que pretende rachar unha familia: Eva e Liliith, a muller boa e a muller mala.

+ds

O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

As cuestións esenciais son :

-A Igualdade formal é unha conquista da constitución de 1978 en España, salvo nun punto, a sucesión á Coroa, onde se segue preferindo aos varóns. O debate sobre a consecución da igualdade formal e real en España, en todos os aspectos, pode fomentarse propoñendo exemplos no ámbito laboral, no político, no deportivo, no cultural.

-A película presenta unha protagonista avogada, que consegue gañar o xuízo e demostrar ao xurado que **as mulleres son iguais aos homes e polo tanto merecen o mesmo trato ante a lei**. Tense conseguido a igualdade na avogacía, na xudicatura, no noso país? Quen ocupa os postos máis importantes destas profesións? Que dificultades atopan as mulleres cando ocupan postos tradicionalmente masculinos?


-Amanda Bonner é unha profesional con éxito, capaz, preparada. Moitas veces dise que as mulleres que desenvolven tarefas de responsabilidade ou de dirección asumen rasgos masculinos por consideralos máis axeltados co perfil da persoa directiva. Debe reflexionarse sobre a maneira en que Amanda desenvolve o seu labor, cales son as características da súa actuación profesional, e se son masculinas ou femininas.



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.


- “Un home pode facer unha serie de cousas que aos ollos da sociedade están ben vistas, mentres que se fai unha delas unha muller, todo o mundo censuraría a súa acción” é a frase de Amanda ao comezo da película. Pódese tentar comezar a discutir sobre aqueles aspectos que aínda hoxe están ben vistos nos homes e mal nas mulleres (liberdade sentimental e sexual, relacións con persoas máis novas ca un/unha, competitividade e ambición no ámbito profesional, vencellamento co entorno familiar, etc.).
- Podes mencionar algún nome dunha xuíza, dunha fiscal, dunha avogada? E de homes nas mesmas profesións? E nas facultades de Dereito? Son maioría as mulleres ou os homes?



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- “Profesión? –“Ningunha, non teño profesión”. –“Ama de casa?”. –“Si, iso é, e anote que son nai”. Esta é a conversa entre o fiscal e Dorothy. Debe aproveitarse este diálogo para resaltar a importancia da presenza das mulleres na realización das tarefas do ámbito reprodutivo (coidados a persoas, etc.), relacionados tradicionalmente con elas, tarefas invisibilizadas e infravaloradas, onde os homes ata o de agora tiñan escasa presenza. A realización destes traballos vencellados á atención ás outras persoas pode chegar nalgúns casos a influir á hora de tomar decisións relativas á dedicación profesional, o cal é un grave problema para acadar a plena incorporación das mulleres ao mundo do emprego. Esta situación non se pode solucionar se non se dá unha verdadeira incorporación ao mundo do coidado dos homes, a través da corresponsabilidade nas tarefas familiares e de coidado a persoas dependentes.
- “Non é a unha muller á quen se xulga aquí, é a todas as mulleres”, dille Amanda ao seu marido. Reflexionar sobre esta frase e por qué Amanda pensa que é tan importante este xuízo.
- “Quero unha esposa e non unha competidora”, dille Adam a Amanda en plena crise do seu matrimonio. A cuestión do liderado feminino, das parellas nas que as mulleres teñen máis éxito profesional ou un salario máis elevado, é obxecto moitas veces de problemas no seo da familia. A que se pode deber este feito?



O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.depontevedra.es



Fondo Social Europeo



albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



Erin Brockovich
Erin Brockovich

1. FICHA TÉCNICA

Director: Steven Soderbergh

Guión: Susannah Grant

Duración: 130 minutos.

País: Estados Unidos.

Año de produción: 2000

Reparto: Julia Roberts, David Brisbin, Albert Finney, Aaron Eckhart, Valente Rodríguez, Conchata Ferrell, Dawn Oldenwick, Peter Coyote.

RESUMO

Baseada nunha historia real, Erin Brockovich pesou á historia dos Estados Unidos por conseguir que en 1993 a compañía Pacific Gas & Electric pagase unha elevadísima indemnización ás persoas afectadas pola contaminación das augas de toda unha vila mediante cromo hexavalente. Erin, divorciada tres veces e nai de dous fillos e unha filla, levou a cabo unha brillante investigación que rematou

coa vitoria nos tribunais de demanda. Julia Roberts conseguiu o Premio Oscar á mellor actriz principal pola súa interpretación nesta película. A Erin Brockovich real tamén participou na película, nun pequeno papel como camareira.

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Avda. Alameda, 28 baixo
36282 - Vigo
T 986 213 787
www.poboa.es



Avda. Oreste Ballea, 104-1
36201 - Vigo
T 986 429 411
www.cef.es



Calvo Sotelo, 47 - Barbadillo
36203 - Vigo
T 986 857 900
www.cig.es



Avda. Mestre Ros, 1/6
36001 - Pontevedra
T 986 854 188
www.deputacion.es



Pedro Sarri, 24-26
36201 - Vigo
T 986 130 071
www.fundacioncalvo.es



Avda. Ballea, 2
36201 - Vigo
T 986 423 225
www.ayuntamiento.es



Viceministro de Educación
Calvo Sotelo
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 892
www.vigo.es



2. CUESTIONARIO

1) Cal é, na túa opinión, o tema fundamental da película?

- As dificultades dunha muller soa, nai de criaturas, para conseguir un traballo que lle permita lograr a súa independencia económica e atender ás necesidades da súa familia.
- A desigualdade que as mulleres sufriron e aínda sofren na nosa sociedade, e a necesidade continuada de amosar que son igualmente intelixentes e capaces que os homes.
- O esforzo, o tesón e a ilusión no traballo, que conseguen vencer todas as dificultades na nosa sociedade.

2) Cal é a razón pola que Erin Brockovich se atopa nunha situación tan complicada ao principio da película? Cales cres que son as razóns polas que non atopa traballo?

3) Cando empeza a traballar, por que cres que as compañeiras lle fan o baleiro?

4) Unha profesión de tipo administrativo, como a que Erin desenvolve na película, é tipicamente masculina ou feminina? E a de investigador/a?

5) Como ves a protagonista? Que cualidades persoais destacarías nela? Cales lle proporcionan posibilidades de cara ao seu desenvolvemento profesional?

6) Como cres que se debe promocionar profesionalmente?



CUESTIONARIO . 2

7) E como ves a figura do moteiro, George? Que cualidades destacarías nel?

8) – “Non queres que mamá sexa boa no seu traballo?” pregunta Erin ao seu fillo maior Matthew. Que ocorre cando Erin comeza a investigar o caso da compañía Gas e Electricidade do Pacífico?

9) – “Beth ten comezado a falar, ten sido xenial, algo grande”, George chama a Erin por teléfono para llo contar. Cal cres que é a sensación de Erin cando o escoita?

10) Quen debe encargarse do coidado dos nenos e nenas pequenas cando nunha parella traballan muller e home? Que solucións poden darse para atender os fillos e fillas se ambos membros da parella traballan?

11) “O único que teño feito foi adaptar a miña vida ao que os homes decidían que necesitaban, pero agora non” dille Erin a George. Que ten cambiado en Erin como persoa? Por que non quere que a súa vida sexa igual agora que antes?

12) Por que cres que os xefes no traballo de Erin, e os xefes de bufetes que saen na película, son homes? Cales son as razóns, segundo a túa opinión, de que as mulleres non accedan a postos de responsabilidade?

13) Xa como final, explica nunha frase cal cres que é a mensaxe que a película quere enviar a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

A película amosa as dificultades das mulleres na busca da súa económica a través dunha carreira profesional: nun mundo no que a paixón por unha profesión non é o máis frecuente, a historia de Erin Brockovich preséntanos un exemplo do poder que ten unha muller cando cre no que fai e lle pon interese, tempo e tenacidade. As calidades persoais de Erin –afán de superación, automotivación, busca de solucións ás dificultades e problemas, capacidade de comunicación– crean un clima de confianza para o desenvolvemento dunha carreira. Salvando todas as dificultades, Erin descobre as súas grandes calidades para con outras persoas e é capaz de conseguir independencia económica, costa dun gran esforzo no persoal.

básico
exitosa.
mesma,
relación

Independencia

que é o factor
profesional
próbase a si
o traballo en
a súa
aínda que a
plano da súa vida

TEMA PRINCIPAL

liderado feminino
proxección profesional

TEMAS SECUNDARIOS

conciliación da vida persoal e profesional
corresponsabilidade
prexuízos sexistas contra as mulleres

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Tenda Aleras, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.cc.oo.es



Avda. García Barbón, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entresó
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Avda. Herrera Rúa s/n
36201 - Pontevedra
T 986 804 100
www.deputaciondepontevedra.es



Pedroso Baro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.fundacioncabanova.es



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.iagepolicia.org



Vicería de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 292
www.univigo.es

PROXECTO



conta
CONeLas

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputaciondepontevedra.es




Fondo Social Europeo



Stand Up and Cheer





Erin Brockovich

Erin Brockovich

1. FICHA TÉCNICA

Director: Steven Soderbergh

Guión: Susannah Grant

Duración: 130 minutos.

País: Estados Unidos.

Año de produción: 2000

Reparto: Julia Roberts, David Brislin, Albert Finney, Aaron Eckhart, Valente Rodríguez, Conchata Farrell, Dawn Dickewick, Peter Coyote.

RESUMO

Baseada nunha historia real, Erin Brockovich pasou á historia dos Estados Unidos por conseguir que en 1993 a compañía Pacific Gas & Electric pagase unha elevadísima indemnización ás persoas afectadas pola contaminación das augas de toda unha vila mediante cromo hexavalente. Erin, divorciada tres veces e nai de dous fillos e unha filla, levou a cabo unha brillante investigación que rematou

coa vitoria nos tribunais da demanda. Julia Roberts conseguiu o Premio Óscar á mellor actriz principal pola súa interpretación nesta película. A Erin Brockovich real tamén participou na película, nun pequeno papel como camareira.



2. CONTEXTOS

nos que se move a película, vencellados á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL

A historia de Erin Brockovich amósanos cómo a tenacidade e o esforzo persoal poden chegar a vencer case todas as dificultades que unha muller pode atopar na súa traxectoria profesional no mercado laboral. Erin, sen parella, divorciada e con un fillo e dúas fillas, unha delas aínda bebé, esforzase denodadamente para conseguir calquera traballo que lle permita posuír a súa independencia económica e o mantemento da súa familia; cando o consegue, como encargada do arquivo dun bufete, traspasará esa vontade de traballo e de esforzo a un caso en concreto, o das adquisicións de terras na cidade californiana de Hinkley por parte da empresa Pacific Gas & Electric. Nunha profesión tradicionalmente feminizada, de tipo administrativo, Erin é capaz de trasladar as súas capacidades profesionais para o seu desenvolvemento á investigación do caso. Sen estudos universitarios de avogada —ela mesma conta durante a película que casou moi nova e foi nai “demasiado cedo”, feitos estes que lle impidiran facer unha carreira universitaria—, a súa personalidade, positiva e aberta, a capacidade de motivación, empatía e comunicación interpersonal, convencerán as persoas afectadas pola contaminación da auga con cromo hexavalente a levar adiante as súas demandas contra a gran empresa e a gañar a maior indemnización conseguida nos Estados Unidos por contaminación ambiental. Axudando aos demais, Erin consegue tamén acadar o seu obxectivo profesional: atopa un traballo que lle gusta e para o que está dotada, converténdose nunha profesional de éxito, crescendo persoalmente e fortalecendo as súas capacidades profesionais nun proceso de empoderamento que vemos desenvolverse ao longo da película.

CONTEXTO FAMILIAR

A nosa protagonista, como tantas mulleres no mundo, está soa. Divorciada en dúas ocasións, dependen dela tres criaturas, un rapaz e dúas nenas. Non recibe apoio económico nin persoal de ningunha das súas ex parellas. Os problemas laborais que a súa situación familiar lle ocasiona son postos de relevo en varias ocasións durante a película: unha vez perdeu un traballo debido á imposibilidade de atender o seu fillo, enfermo de varicela, e cando empeza a traballar de encargada do arquivo no bufete verase en grandes dificultades para poder atender ás criaturas e ao traballo, que, debido ao descubrimento duns expedientes médicos incluídos nun dossier que debería conter só documentación de compravendas inmobiliarias, fai sospeitar a Erin de que merece unha especial atención e farase cada vez máis absorbente, ocupando todas as horas da vida da protagonista. Erin atopa un gran apoio familiar nun primeiro momento en George, que se amosa disposto a facerse cargo da atención das criaturas; dese xeito Erin poderá dedicarse plenamente á súa nova actividade profesional, sen limitacións horarias.

CONTEXTO SOCIAL

A película pon en evidencia as dificultades existentes para a conciliación da vida familiar e laboral, especialmente no caso das familias monomarentais, como é a de Erin. A falla de servizos públicos de apoio ao coidado de nenos e nenas é clara; Erin pide axuda á veciña, e cando esta se traslada de domicilio, atopa unha canguro que coida á nena no domicilio propio. Sempre correndo para chegar a tempo a todos os sitios, sofre a ansiedade das nais traballadoras ata que George, o seu veciño, que temporalmente está no paro, se ofrece para coidar dos cativos, e particularmente da pequena, Beth. A actitude de George é salientable, por presentar o exemplo do “home coidador”, encargado do traballo doméstico e da atención aos e ás menores, tan infrecuente aínda na sociedade americana e tamén na nosa.


A película presenta tamén o rexeitamento que sofre Erin por optar por unha vestimenta considerada polo seu xefe e tamén polo resto das mulleres da empresa como “non axeitada”, por demasiado provocativa. Os prexuízos en torno á súa persoa, centrados no seu aspecto, no seu comportamento, que non é o que o seu contorno espera, e na súa naturalidade, máis que na súa valía profesional, reflíctense na conflitiva relación que mantén coas compañeiras de traballo, pero serán, pola contra, os valores máis apreciados polos seus clientes e clientas, que a prefiren pola súa proximidade e capacidade de resolución de problemas. É importante salientarmos esta cuestión xa que o contorno social ten un papel primordial na promoción profesional, e a existencia destes prexuízos entre compañeiros e compañeiras de traballo pode converterse nun serio problema a hora de levar adiante unha traxectoria homoxénea.

3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBIECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre os estereotipos de tipo sexista que na nosa sociedade inflúen de maneira poderosa sobre os mozos e mozas á hora de tomaren decisións sobre a súa vida profesional e persoal.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para as mulleres e os homes, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre a maneira en que o traballo realizado no seo da familia (traballo reprodutivo) inflúe na capacidade das rapazas e mulleres á hora de desenvolveren unha actividade profesional.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material empregado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación.



3b) OBIECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre como o ser home ou muller determina as nosas vidas, mesmo as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que están establecidas para homes e mulleres, e as que non están establecidas.
- Analizar como a actividade profesional afecta ás responsabilidades familiares, nun mundo no que cada vez resulta máis difícil compatibilizar ambas as dúas actividades, moi especialmente no caso das familias monoparentais ou monomarentais.
- Reflexionar sobre as mulleres en posicións directivas e de liderado, o seu desempeño, as súas actitudes, os seus valores e problemas ante os valores masculinos que habitualmente dominan as organizacións; a alternativa de adaptarse a ese entorno masculino ou rachar con el, creando un propio, analizando o impacto dese liderado no contorno familiar e nas actividades de corresponsabilidade das tarefas do fogar. corresponsabilidade das tarefas do fogar.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO FAMILIAR

conciliación
empatía
liderado

No contexto familiar, a película móvese fundamentalmente na descrición e na reflexión dos cambios que a institución social da familia ten sufrido durante os últimos anos nos países occidentais. Eses cambios teñen favorecido ás mulleres, en primeiro lugar, posto que teñen desaparecido as leis que as unían de por vida ás vontades e destinos dos seus homes, pero ao mesmo tempo teñen levado ao establecemento dun importante número de familias monoparentais e monomarentais, a maioría encabezadas por mulleres soas, con graves dificultades laborais e económicas para sacar adiante aos fillos e fillas.

Erin Brockovich é unha nai soa, de tres criaturas nadas cada unha dunha relación diferente; nos tres casos esas relacións chegaron ao seu fin, provocando na nosa protagonista certo receo ante novos compromisos sentimentais. Erin non pode contar con ningún deses tres homes en momentos de dificultade: non lle axudan economicamente nin mantén contacto con eles. As dificultades para acadar un posto de traballo que lle permita atender axeitadamente á súa familia levan a Erin á depresión, a unha pobre opinión sobre si mesma e as súas capacidades e a unha baixa autoestima: -"Eu fun Miss Wichita, por amor de Deus- dílle a George nun momento da película-. -la facer algo importante na miña vida, ía a ser alguén...".

Cando por fin consegue ese posto de traballo, as dificultades para seguir atendendo á súa familia multiplícanse. É imposible conciliar os seus horarios cos horarios escolares do seu fillo e filla maior, non resulta doado atopar a alguén que se ocupe de Beth, a pequena, aínda un bebé. Todo mellora cando Erin establece unha relación co seu veciño, George. É el quen pasa a encargarse da familia, mentres ela traballa e mantén uns horarios cada vez máis absorbentes. E será George o que non será capaz de soportar a situación, abandonando a Erin despois de que esta non acepte o ultimato que el lle lanza: "o emprego ou eu". Trátase dunha curiosa situación na que se teñen dado a volta os papéis habituais: a capacidade de George para aguantar na casa, unha situación moi frecuente entre os homes, pero que se da na súa muller -un traballo de horarios moi esixentes, desprazamentos e viaxes, que a mantén completamente afastada da vida familiar- é limitada, e marcha.

Pero ao mesmo tempo a autoestima e o crecemento persoal de Erin desenvólvense a través dunha actividade que lle gusta, que posibilita a súa proxección profesional a través de aspectos como a motivación de cara a un logro, na busca de xustiza para as persoas que están en situacións difíciles. O seu emprego pasa a ser fundamental na súa vida. A relación con esas persoas e o apoio e estímulo que nace a raíz desa comunicación con elas fomenta o seu enriquecemento persoal, facendo de Erin unha persoa cun desenvolvemento profesional satisfactorio, consciente da súa valía e desexosa de dar o mellor de si neste caso transcendental.

CONTEXTO SOCIAL ÉTNICO E CULTURAL

Estados Unidos 1993 familias monoparentais- monomarentais empoderamento

A película presenta o primeiro gran caso exitoso dos chamados "class action", ou demandas dunha colectividade contra unha gran compañía por razóns medioambientais, neste caso a contaminación da auga de todo un pobo a través do envelenamento con cromo. A demanda, levada por Erin Brockovich, conseguiu unha indemnización de 333 millóns de dólares, que foron repartidos entre todas as persoas afectadas na súa saúde pola polución.

O esforzo que supuxo convencer a todas estas persoas para presentar conxuntamente as súas reclamacións contra a empresa foi obra de Erin. Coa súa capacidade de empatía, a súa entrega profesional ás familias afectadas por diferentes enfermidades, e tamén cunha gran cantidade de traballo, conseguiu convencer a un grupo de seiscentas persoas para que loitasen polos seus dereitos ante a gran compañía eléctrica.

Este traballo supuxo para Erin unha gran satisfacción persoal e profesional; o traballo desenvolvido tiña un froito fundamental, que era axudar a outras persoas nun momento crítico das súas vidas, no momento da enfermidade deles/delas ou dos seus seres queridos. É certo que o diñeiro non devolve a saúde, pero si pode axudar a conseguir o mellor dos tratamentos médicos posibles.



O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

As cuestións esenciais son :

-A posibilidade de ver a protagonista como un **modelo de toma de decisións profesionais**, de automotivación, de ruptura de estereotipos vencellados ao papel das mulleres no ámbito do emprego, logrando unha independencia económica e a motivación persoal a través do traballo, e converténdose nun modelo de carreira profesional.

-**As dificultades que as mulleres habitualmente sofren na busca de emprego**, a través do mantemento na nosa sociedade de estereotipos e prexuízos que se manifestan moi especialmente nas entrevistas de traballo.

-**As dificultades que teñen as familias monoparentais e monomarentais**, xeralmente compostas por unha muller e as súas criaturas, para saír adiante nunha sociedade na que o modelo utilizado para conformar o patrón de comportamento é un modelo de familia nuclear tradicional, na que as responsabilidades se comparten entre ambos membros da parella.

-A complexidade de levar adiante satisfactoriamente as tarefas de coidado e de atención no seo da familia e un posto de traballo cada vez máis demandante en número de horas diarias.


-O **modelo de home coidador** que aparece na película, a través do caso de George, que racha estereotipos coa súa actitude, favorecendo o desenvolvemento profesional de Erin.



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- “Cando te tes pasado os seis últimos anos da túa vida parindo, custa moito convencer a alguén para que che dea un traballo que pague a pena”, di Erin en referencia a súa situación. Por que a maternidade penaliza ás mulleres de xeito tan duro no ámbito laboral?
- “Quizais podería cambiar o seu vestuario, xa que coido que algunha das rapazas se sente incómoda con como se viste vostede”. –“Quizais queira vostede cambiar as súas garavatas”. A que se debe a frialdade que amosan as compañeiras de traballo cara a Erin?
- “Vostede marchara, dei por sentado que estaba por aí divertíndose, ten pinta de alguén que se divirte moito”. A que fai referencia este comentario do xefe de Erin? Vestimenta, vida persoal, vida laboral...
- “Non queres que mamá sexa boa no seu traballo? Onte ceamos xuntos”. –“Pasaches todo o tempo lendo”. Esta é a conversa entre Erin e seu fillo cando este se queixa de que ela nunca está na casa. Por que Erin se sente culpable? Sentiríase culpable un home na mesma situación, non vendo aos seus fillos e fillas en días por razóns de traballo?




51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- “-Beth comezou a falar, foi xenial, algo grande”, cóntalle George por teléfono a Erin. Tense perdido as primeiras palabras da súa filla. De novo séntese culpable. Cal é habitualmente a situación nunha familia cando se produce este acontecemento?

- “Neste traballo por primeira vez na miña vida hai xente que me respecta. Todo o mundo cala para escoitar o que teño que dicir. Nunca me tiña ocorrido nada igual. Non me pidas que renuncie ao meu traballo”. Esta é a frase que Erin lle di a George cando George se queixa de que ela dedica demasiadas horas á súa actividade profesional. A que se refire Erin? Cal é o porqué da súa satisfacción? Cal é o porqué da insatisfacción de George? Como remata a situación?



O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.deponevedra.es



A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



*Las mujeres de verdad
tienen curvas*
Real women have curves

1. FICHA TÉCNICA

Directora: Patricia Cardoso

Guión: Josefina López & George LaVoo

Duración: 90 min.

País: Estados Unidos

Año de producción: 2002

Reparto: América Ferrera, Lupe Ontiveros, Ingrid Oliu, George López, Brian Sites, Soledad St. Hilaire, Lourdes Pérez, Jorge Cervera Jr., Felipe de Alba.

RESUMO

Ana, nacida nos Estados Unidos pero de familia mexicana, vive na zona leste da cidade dos Anxeles, onde está a rematar o bacharelato. Ten moi boas cualificacións e sen ningunha dúbida conseguirá unha bolsa para poder estudar nunha boa universidade, pero atoparase coa oposición da súa nai, que prefire que traballe no taller téxtil que posúe a irmá máis vella, Estela; que adelgace, que atope un noivo e que case. Ana aceptará axudar durante o verán no taller da súa irmá, onde se dedicará a pasar

o ferro aos vestidos antes de que sexan enviados aos grandes almacéns onde serán vendidos por un prezo moito máis elevado do que lles van pagar ás que os confeccionan. Alí coñecerá un mundo habitado por mulleres traballadoras, solidarias e divertidas, como a súa nai Carmen e a súa irmá Estela, ao que ela aporta a súa propia visión do mundo. Pero esta etapa só será unha paréntese: Ana é obstinada e decidida e conseguirá dirixir a súa propia vida, á marxe da opinión da súa familia.



Irma Alarín, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Ana. García Barbo, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entredón
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Ana. Herrera Rúa u/n
36201 - Pontevedra
T 986 904 100
www.deponevedra.es



Polanco Baro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.cabanova.com



Heraclio Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.sagpolicia.org



Vicepresidencia de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 292
www.unvigo.es



2. CUESTIONARIO

1) Cal é, na túa opinión, o tema fundamental da película?

- A discriminación que sofren as mulleres con respecto aos homes no eido laboral.
- As diferenzas sobre cal é o papel que deben ter as mulleres na sociedade e que se dan sobre todo en persoas de diferentes xeracións.
- As dificultades para levar adiante unha vida profesional e familiar ao mesmo tempo.

2) Cres que as mulleres son iguais en todo aos homes na nosa sociedade? Que teñen as mesmas oportunidades? Cres que os problemas que ten Ana na película teríalos igual se fose un rapaz?

3) "Vostede deixou o seu país en busca de mellores oportunidades, agora tócalle a Ana", dille o profesor do instituto de Beverly Hills a Carmen, a nai de Ana. Cales son esas oportunidades que pode ter Ana? En que pode ser diferente a vida de Ana da do seu pai e a súa nai?

4) Cales son, na túa opinión, os trazos máis destacados da personalidade de Ana? Cal cres que pode ser a súa orientación profesional? Que pensas que vai estudar na universidade e que profesión desenvolverá no futuro?

5) "Se adelgazases, serías preciosa" dille Carmen a Ana. Cres que Carmen está moi preocupada pola saúde de Ana e polas posibles repercusións que o sobrepeso poida ter sobre ela? Ou son outras as preocupacións de Carmen en relación co sobrepeso de Ana?

+as

CUESTIONARIO . 2

6) "Ti estás igual de gorda ca nós" dille Estela a Carmen. –"Pero eu estou casada", resposta a nai. Cal é, na túa opinión, a razón desa resposta? Por que non importa o peso dunha muller cando está casada?

7) Bota unha ollada ás etiquetas da roupa que levas posta e escribe a listaxe dos países onde foi confeccionada. Tes algunha información sobre a situación laboral das mulleres neses países? Sabes algo sobre as condicións da industria téxtil no mundo?

8) "É demasiado tarde para Estela (para que case). Debo concentrarme en Ana" di Carmen nun determinado momento da película. Por que cres que a nai quere que as dúas fillas casen? Por que é demasiado tarde para Estela?

9) Xa como final, explica nunha frase cal cres que é a mensaxe que a película quere enviar a todas as persoas que a ven.



A MODO DE CONCLUSIÓN

Entre a rebelión e a resignación ante as profundas diferenzas súa concepción do mundo e na da súa familia, móvese a protagonista de As mulleres de verdade teñen curvas. Pero ao final, a súa propia decisión, o respecto por si mesma e a autoconfianza nas posibilidades de forxarse un futuro mellor, no persoal e no profesional, farán que se atreva a contradicir á súa familia perseguindo os seus obxectivos formativos e profesionais. Ana está contenta con como é, non

adolescente momento de xeracional, sexo, o

aspira a mellorar fisicamente, senón a intelectualmente e como persoa, converténdose así nun interesante que se enfrenta aos problemas deste cambio —a necesidade de liberdade, a diferente concepción da feminidade, valor da formación e da problemas culturais— con da súa familia, pero firmemente enraizados nas súas propias conviccións.

que observa na

crecer

modelo de difícil o choque o amor e o educación, os valores contrapostos aos

TEMA PRINCIPAL

diversificación profesional
familia
formación

TEMAS SECUNDARIOS

inmigración
relacións entre proxenitores e fillos-as

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Tenda Alameda, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Anda, Garda Babilio, 104-I
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entradón
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Anda, Herrera Rúa s/n
36201 - Pontevedra
T 986 904 100
www.deputacionpontevedra.es



Polvoroso Baro, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.fundacioncabanova.com



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.iagegalicia.org



Vicepresidencia de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 292
www.univigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputacionpontevedra.es



Fondo Social Europeo





Las mujeres de verdad tienen curvas

Real women have curves

1. FICHA TÉCNICA

Directora: Patricia Cardoso

Guión: Josefina López & George LaVoo

Duración: 80 min.

País: Estados Unidos

Año de producción: 2002

Reparto: América Ferrera, Lupe Ontiveros, Ingrid Olguín, George López, Brian Sitea, Soledad St. Hilaire, Lourdes Pérez, Jorge Cervera Jr., Felipe de Alba.

RESUMO

Ana, nacida nos Estados Unidos pero de familia mexicana, vive na zona leste da cidade dos Anxeles, onde está a rematar o bacharelato. Ten moi boas cualificacións e sen ningunha dúbida conseguirá unha bolsa para poder estudar nunha boa universidade, pero atoparase coa oposición da súa nai, que prefire que traballe no taller téxtil que posúe a irmá máis vella, Estela; que adelgace, que atope un noivo e que case. Ana aceptará axudar durante o verán no taller da súa irmá, onde se dedicará a pasar

o ferro aos vestidos antes de que sexan enviados aos grandes almacéns onde serán vendidos por un prezo moito máis elevado do que lles van pagar ás que os confeccionan. Alí coñecerá un mundo habitado por mulleres traballadoras, solidarias e divertidas, como a súa nai Carmen e a súa irmá Estela, ao que ela aporta a súa propia visión do mundo. Pero esta etapa só será unha paréntese: Ana é obstinada e decidida e conseguirá dirixir a súa propia vida, é marxe de opinión da súa familia.

2. CONTEXTOS

nos que se move a película, vencellados á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL

A protagonista feminina, Ana, atópase nun momento importante da súa vida. Debe decidir se vai á universidade a estudar unha carreira, algo que a ela lle atrae, xa que é unha estudante aplicada que mesmo ten conseguido praza nun prestixioso instituto moi afastado do seu domicilio, ou queda na casa e dedica os vindeiros anos a axudar na empresa familiar, que dirixe a súa irmá maior, Estela, un pequeno taller téxtil, Estela's Fashion Design, no que un grupo de mulleres inmigrantes latinas, coma elas, confecciona elegantes vestidos para mulleres máis delgadas e ricas ca elas. A súa nai, Carmen, que tamén traballa no taller, presenta unha feroz batalla para conseguir que a súa filla se decante por esta segunda opción, adelgace e atope un noivo co que casar. Así non terá que se afastar da familia. Ana afronta unha complicada toma de decisións sobre o seu futuro profesional, sen apoio da súa familia, que prepara outro destino para a súa vida, pero a axuda dun profesor do seu instituto será importante para decatarse de que a súa propia opinión é a que verdadeiramente conta no que se refire á toma de decisións sobre a súa vida: polo menos, ten que ingresar na universidade. Ana é intelixente, curiosa, divertida e decidida: conseguirá que a súa opinión prevaleza e partirá rumbo a un futuro de mellores oportunidades que as que se abran para a súa nai e as mulleres latinas da xeración desta.

CONTEXTO FAMILIAR

A película está localizada na zona leste da cidade dos Anxeles, en Boyle Heights, unha das de maior concentración de poboación mexicana e latina en xeral de todos os Estados Unidos. Ademais do pai, a nai e os irmáns e irmás de Ana, vive tamén no fogar o avó, ao que Ana ten un especial cariño, o único co que fala en español –ela, como inmigrante de segunda xeración, foi escolarizada en inglés e prefire expresarse nesta lingua-. O choque entre os costumes das rapazas novas de cidade nos Estados Unidos e a tradición cultural do país de orixe da súa familia, México, evidénciase na conflitiva relación que Ana mantén coa súa nai, Carmen. Esta só quere que a súa filla encauce a súa vida, traballando na empresa familiar, axudando á súa irmá co deseño e costura dos elegantes modelos que confeccionan, e rebaixando o seu peso, para que desta forma sexa capaz de atopar un noivo e casar con el, formando unha nova familia preto dela. Pero, coa axuda dun profesor do instituto que cre nas súas posibilidades, e a actitude máis aberta do seu pai e do seu avó, Ana tomará as súas propias decisións sobre moitas cousas: a primeira, o seu peso, unha cuestión á que dá a importancia que ten, sen sobrevalorala; a segunda, as relacións de parella e a virxindade, unha cuestión sagrada para a súa nai e vencellada exclusivamente ao matrimonio, e que Ana vive con naturalidade a través da súa relación cun compañeiro de instituto, Jimmy; a terceira, a marcha á universidade de Columbia, coa conseguinte ruptura co futuro deseñado pola súa nai e a apertura dun horizonte persoal e profesional máis amplo que o que o taller de costura pode proporcionar.

CONTEXTO SOCIAL


A familia de Ana é unha de tantas que emigra desde México aos Estados Unidos en busca de mellores oportunidades persoais e laborais. A base dun gran esforzo, conseguen unha situación relativamente estable na que botan unha man todos os membros da familia. O pai ten unha pequena empresa de xardinaría, a irmá máis vella, Estela, é propietaria do taller onde tamén traballa a nai, Carmen. Espérase de Ana que tamén aporte o seu grao de area, a través do seu traballo, en canto remate a escola e pase á idade adulta. Carmen leva traballando desde a idade de trece anos, Ana ten dezaioito: chegoulle xa o momento de se pór mans á obra. Pero en Ana personifícase o cambio que tantas familias inmigrantes viven unha vez chegada a segunda xeración: a filla, educada xa no país de acollida, non acepta de maneira automática os patróns e modelos que sobre o rol das mulleres –boas e sumisas esposas, nais entregadas ás demais persoas no fogar- teñen os membros das xeracións anteriores. Vivirá na confrontación entre os patróns culturais da familia e os modelos de comportamento das rapazas do seu contorno social, particularmente do instituto no que estuda. Con firmeza, intelixencia e moito humor, Ana conseguirá que a súa familia acepte a súa marcha, o que supón o definitivo abandono dos roles de xénero que manexa o seu contorno familiar.

3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre os estereotipos de tipo sexista que na nosa sociedade inflúen de maneira poderosa sobre os mozos e mozas á hora de tomaren decisións sobre a súa vida profesional e persoal.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para as mulleres e os homes, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre de que maneira o traballo realizado no seo da familia (traballo reprodutivo) inflúe na capacidade das rapazas e mulleres de desenvolver unha actividade profesional.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material empregado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación.



3b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Reflexionar sobre cómo o ser home ou muller determina as nosas vidas, incluso as profesionais.
- Identificar estereotipos e prexuízos relacionados coas actividades que están establecidas para homes e mulleres, e as que non están establecidas.
- Analizar a influencia das familias e do contorno máis próximo nas decisións da xente máis nova, particularmente no que se refire ao futuro profesional.
- Reflexionar sobre o traballo das mulleres en determinados sectores, como o téxtil, en moitos países do mundo, un traballo caracterizado pola precariedade, a explotación laboral, os baixos salarios e as malas condicións sanitarias e hixiénicas.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO FAMILIAR

inmigración
empoderamento
familia
cualificación profesional

A película xira arredor da vida dunha familia.

Os personaxes máis definidos son os femininos: a nai, Carmen, e as dúas irmás, Estela e Ana. Carmen leva traballando desde os trece anos, trinta e oito anos cosendo prendas, estes últimos no taller que é propiedade da súa filla maior, Estela, que segue os seus pasos. Estela parece continuar co mesmo esquema de vida da nai. A pesar de ser a propietaria do negocio, as dificultades para chegar a fin de mes e pagar os salarios das empregadas son frecuentes.

As mulleres vense obrigadas moitas veces a traballar longas horas para seren capaces de entregar os pedidos a tempo. Pero aínda que o traballo é monótono e esgotador, o clima laboral é moi bo: as mulleres son amigas, comentan as novidades no traballo, ríen e cantan durante a xornada laboral, apóianse as unhas nas outras nos momentos de dificultade. A chegada de Ana será un catalizador para que as traballadoras do taller demostren que se aceptan como son, co seu físico, o seu sobrepeso e os seus problemas familiares e económicos, nun verdadeiro proceso de empoderamento colectivo, de autoafirmación e de mellora da súa autoestima.

+ds

CONTEXTO SOCIAL, ÉTNICO E CULTURAL

Estados Unidos 2002 educación perspectivas profesionais

Dous modelos de sociedade, dúas xeracións, diferenciadas polo distinto papel que realizan as mulleres, enfróntanse na película a través das discrepancias entre unha nai e a súa filla.

Carmen é ante todo unha muller dedicada á súa familia, unha nai que gaña un salario a través do seu traballo fora do fogar, pero cuxa opinión sobre a súa propia aportación á economía familiar e a valoración da súa actividade laboral é mais ben secundaria en relación co seu rol como responsable do coidado de toda a familia, do futuro das súas fillas e como preservadora das súas tradicións culturais, vencelladas ao país que deixaron atrás en busca de mellores oportunidades.

Carmen dá unha gran importancia ao matrimonio, á virxindade –requisito esencial para ese matrimonio– e á maternidade, e moita menos á formación e á realización dunha actividade profesional satisfactoria e quizais diferente á tradicionalmente levada a cabo polas mulleres no seu México natal.

Ana, a súa filla mais nova, xa ten unha opinión diferente sobre moitas cousas: en primeiro lugar, quere continuar formándose, a través do paso pola universidade; as súas elevadas cualificacións permítenlle ingresar nunha boa universidade, a de Columbia, situada en Nova Iorque, demasiado lonxe dos Anxeles, segundo a opinión da súa familia.

En segundo lugar, ten ideas propias sobre o matrimonio e a virxindade, establece unha relación cun compañeiro de estudos que non é de orixe latinoamericana e é ela a que decide, responsablemente, sobre as relacións sexuais entre eles.

E finalmente, non deixa que a súa nai a anule tampouco na cuestión do seu físico; cun problema de sobrepeso, Ana acéptase a si mesma tal e como é; coa súa naturalidade e simpatía, é unha rapaza moi atractiva e axuda ás outras mulleres a facer o mesmo, a desinhibirse en relación co seu aspecto físico e o seu peso, burlándose da obsesión da nai polo delgadeza nas mulleres, debida ao modelo de muller estereotipada existente na sociedade occidental.

O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

As cuestións esenciais son :


- O desenvolvemento da carreira profesional a través da cualificación e a toma de decisións con respecto a ela. Na película preséntase a opción da formación universitaria como unha verdadeira posibilidade para que o futuro profesional de Ana sexa distinto ao da súa nai e da súa irmá mais vella.
- As diferenzas e choques culturais entre as diferentes xeracións que conviven nun proceso de inmigración familiar, e que se evidencian con máis crueza no caso das mulleres, que en moitas culturas soñan unha maior presión para que sexen as encargadas da preservación dos valores e tradicións, como forma de identidade persoal e familiar, converténdose nunha especie de "conciencia étnica".
- O mantemento de sectores profesionais claramente feminizados, xeralmente os que soñan maior precarización, salarios máis baixos e unha escasa valoración social.



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.


- “Ana, tes que facer o almorzo para os homes” é a frase da nai, Carmen, á súa filla ao comezo da película. A división sexual de roles na familia vese moi claramente durante a película, na preocupación da nai sobre a falla de disposición da filla para a limpeza, a cociña... Por que se mantén esta rixida segregación, aínda nos casos, como é o da película, nos que as mulleres teñen empregos moi demandantes, tanto en materia de horario como de esforzo físico?
- Por que a industria téxtil está claramente feminizada en todo o mundo? Por que en cambio os modistos mais coñecidos son homes? ¿Coñeces outros casos de profesións feminizadas nas que nos postos de dirección ou liderado estean fundamentalmente homes?



51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- "Eu traballo desde a idade de trece anos. Ana ten dezaioito. Agora tócalle a ela. Que traballe" di Carmen. Por que cres que Carmen desexa para a súa filla un futuro profesional similar ao seu, a pesar de recoñecer durante a película que leva moitos anos matándose a traballar?
- "Un home quere unha rapaza virxe; por que perdiches o teu valor?", dille Carmen á súa filla Ana. Cres que se Ana fose un rapaz a súa nai estaría tan preocupada por esta cuestión?
- "Quero que me respecten polo que son, e non polo que parezo", di Estela nun momento da película. Desde o punto de vista do físico, que modelos de mulleres, reais e ficticias, entran en contraposición na historia? Por que cres que a película se chama "as mulleres de verdade teñen curvas"?



O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.



www.deponevedra.es



A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

albanelas
fontaneiras
escaiolistas
chapistas
mecánicas
ferrallistas
electricistas
canteiras
carpinteiras
soldadoras
xefas de obras
oficiais
serradoras
encofradoras



Ni uno menos
Yi qe dou bu neng shao

1. FICHA TÉCNICA

Director: Zhang Yimou.
Guión: Shi Xiangsheng.
Duración: 106 minutos.
País: China.
Ano de produción: 1999.
Reparto: Minzhi Wei, Hulke Zang, Zhenda Tian, Fanfan Li, Yuying Feng, Enman Gao.

RESUMO

O mestre Gao, encargado dunha pequena escola rural unitaria na aldea de Shuiquan, na provincia de Hebei, ten que ausentarse por un mes debido á enfermidade da súa nai. Non atopa quen o substitúa no seu labor, tan só unha rapaza de trece anos, Minzhi Wei, á quen convence para que queda, ofrecéndolle cincuenta yuans como salario e dez máis se consegue que ningún alumno ou alumna abandone a escola durante ese mes. O mes rematará e cando retorne o profesor, o número de alumnos e alumnas -vinteolto- deberá ser o mesmo.

Minzhi Wei, sen gran preparación como mestra debido á súa idade, preocúpase cando unha das alumnas é recrutada como atleta polas súas grandes aptitudes, e marcha a estudar fóra cunha bolsa de estudos. Pero a súa preocupación será moito maior cando un alumno, o máis revoltoso, Hulke Zhan, marcha á cidade de Jiangleikou debido á mala situación económica da súa nai, yüva. A mestra decide marchar á cidade, na que nunca estivo, para atopalo. Alí vivirá unha verdadeira aventura, sen diñeiro, contactos nin información para atopar ao cativo. Pero a solidariedade e a sensibilidade de algunhas persoas, e o seu empeño e decisión conseguirán que teña éxito na difícil misión.

2. CUESTIONARIO

1) Cal é na túa opinión o tema máis importante que a película trata?

- A extrema dificultade da situación das escolas na China rural.
- A responsabilidade, a tenacidade e o valor, que conseguen vencer moitos obstáculos en calquera situación.
- A probenza que afecta á infancia en tantos países do mundo.

2) Por que cres que o mestre Gao non atopa a ninguén máis ca Wei Minzhi para substituílo durante a súa ausencia? Cales poden ser as razóns para que non se atope a un mestre ou unha mestra substituta?

3) Cal é a razón, segundo a túa opinión, de que o mestre Gao insista tanto en que debe atopar ao mesmo número de alumnos e de alumnas que deixou cando marchou?

4) Cales son os trazos máis característicos da personalidade de Wei Minzhi ao principio da película? Cales as súas potencialidades como profesional? E as súas carencias? E cando Huike Zhang marcha e comeza a organización da operación da súa busca, que cambios se producen en Wei Minzhi? Suxire cales son os rasgos da nova mestra Wei que comeza a revelarse.



CUESTIONARIO . 2

5) Que ocorre co proceso de aprendizaxe do alumnado cando se poñen a traballar, baixo a dirección da mestra Wei, na procura de fontes de financiamento para a expedición á cidade? Continúa igual que antes, mellora? Por que?

6) Que pensas que ten movido a Wei Minzhi a marchar á cidade a buscar a Huike Zhang? A necesidade do diñeiro que lle teñen prometido se todo o alumnado se mantén na escola, o sentido de responsabilidade que ten no seu novo posto de mestra, a preocupación pola situación de Huike Zhang na cidade onde non coñece a ninguén?

7) Tiveches na túa vida máis mestres ou mestras? En España, a educación está maioritariamente en mans das mulleres. Cales cres ti que poden ser as razóns para que se dea esa situación?

8) Cres que ten sentido que as profesións/as aficións se organicen en "axeitadas para homes" e "axeitadas para mulleres"? Por que?

9) A que profesións cres que se poderá dedicar Wei Minzhi no futuro? Enumera as profesións para as que pensas que as súas aptitudes son axeitadas.



A MODO DE CONCLUSIÓN

A película, un pedazo de vida na China rural actual, proporciona valiosas leccións. Trátase dunha verdadeira imaxe da vida de nenos e nenas, coas grandes dificultades que atopan no seu proceso formativo, pero tamén con momentos de alegría e de diversión como os que ten calquera infancia. Fainos reflexionar sobre o inmenso abismo que existe entre as oportunidades de nenos e nenas nun país ou outro; mentres no noso país o profesorado introduce as cualificacións do

alumnado en programas informáticos ad que pais e nais podan tamén consultar polo profesorado sobre o progreso e en China a preocupación na escola é o gasto dun xiz ao día, escribindo a para non gastar xiz, nin moi pequena,

numerosas e

hoc as anotacións actitudes de non caligrafía nin tan pequena

ben. Ao mesmo chineses vense obrigados/as a abandonar a escola a idades moi temperás para axudar á familia na casa, na granxa, no negocio familiar, ou como Hulke Zang, para buscar traballo na cidade e axudar co seu salario á economía doméstica.

TEMA PRINCIPAL

acceso e dereito á formación e a educación
igualdade de oportunidades

TEMAS SECUNDARIOS

desenvolvemento das capacidades persoais
inmigración

A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



Terre Alameda, 28 baixo
36202 - Vigo
T 986 213 707
www.galicia.ccoo.es



Avda. García Barbón, 104-1
36201 - Vigo
T 986 439 611
www.cep.es



Gregorio Espino, 47 - Entresó
36205 - Vigo
T 986 827 900
www.galiciacig.com



Avda. Herrera 10a u/n
36201 - Pontevedra
T 986 804 100
www.deputaciondepontevedra.es



Pedro Barja, 24-26
36201 - Vigo
T 986 120 071
www.fundacioncabanova.es



Heraldo Botana, 2
36201 - Vigo
T 986 443 438
www.iagepolicia.es



Vicepresidencia de Relacións
Institucionais
Campus Universitario de Vigo
36310 - Vigo
T 986 813 592
www.unvigo.es

PROXECTO
+as
conta
CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

www.contaconelas.org

O proxecto

CONTA CON ELAS é un proxecto de emprego da iniciativa comunitaria EQUAL, promovido pola Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo" e cofinanciado polo FONDO SOCIAL EUROPEO.

Está integrado no Eixo IV de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes na área temática dirixida a reducir os desequilibrios entre homes e mulleres e apoiar a eliminación da segregación no traballo.




DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.deputaciondepontevedra.es



Fondo Social Europeo



nador del Oscar por "La Lintern



NO ME



Ni uno menos *Yi qe dou bu neng shao*

1. FICHA TÉCNICA

Director: Zhang Yimou.

Guión: Shi Xiangsheng.

Duración: 106 minutos.

País: China.

Ano de produción: 1999.

Reparto: Minzhi Wei, Hulke Zang, Zhenda Tian, Fanfan Li, Yuying Feng, Enman Gao.

RESUMO

O mestre Gao, encargado dunha pequena escola rural unitaria na aldea de Shulquan, na provincia de Hebei, ten que ausentarse por un mes debido á enfermidade da súa nai. Non atopa quen o substitúa no seu labor, tan só unha rapaza de trece anos, Minzhi Wei, á quen convence para que quede, ofrecéndolle cincuenta yuans como salario e dez máis se consegue que ningún alumno ou alumna abandone a escola durante ese mes. O mes rematará e cando retorne o profesor, o número de alumnos e alumnas –vinteolto- deberá ser o mesmo.

Minzhi Wei, sen gran preparación como mestra debido á súa idade, preocúpase cando unha das alumnas é recrutada como atleta polas súas grandes aptitudes, e marcha a estudar fóra cunha bolsa de estudos. Pero a súa preocupación será moito maior cando un alumno, o máis revoltoso, Hulke Zhan, marcha á cidade de Jiangjiekou debido á mala situación económica da súa nai, viúva. A mestra decide marchar á cidade, na que nunca estivo, para atopalo. Alí vivirá unha verdadeira aventura, sen diñeiro, contactos nin información para atopar ao cativo. Pero a solidariedade e a sensibilidade de algunhas persoas, e o seu empeño e decisión conseguirán que teña éxito na difícil misión.

2. CONTEXTOS

nos que se move a película, vencellos á diversificación profesional:

CONTEXTO INDIVIDUAL

A figura principal da película, Minzhi Wei, acepta o encargo que se lle fai de responsabilizarse da escola rural de Shulquan posiblemente polas circunstancias económicas xerais que se viven no rural chino e que fan a proposta moi atractiva. O mestre Geo e o alcalde non teñen moitas esperanzas postas nas cualificacións, aptitudes ou formación didáctica da rapaciña; tan só pretenden que os cativos e cativas continúen escolarizadas durante este mes de ausencia do profesor e que non deban de asistir, xa que a antiga subvención que recibe a escola do Estado, e que non da case nin para xiz, depende do número de estudantes que esta teña.

A mestra Wei limítase polo tanto a copiar textos na pizarra para que o alumnado os copie á súa vez, mellorando a súa caligrafía, e a tentar con todas as súas forzas que ningún marche. A desaparición dun dos rapaces, o máis rebuldeiro, Hulka Zang, supón un cambio radical na actitude da mestra, e tamén, como consecuencia disto, da totalidade da clase. As súas calidades de planificación, toma de decisión, busca de recursos, coordinación de equipos, e por riba de todo a responsabilidade sobre a totalidade do grupo comezan a desenvolverse a partir deste momento, creando novas lezoas de pertenza a un equipo entre todos os rapaces e rapazas e a súa mestra, ata ese momento non existentes. Minzhi Wei actuará como unha adulta enfrontándose a todas as dificultades ata o momento en que, vencida polo nerviosismo e o cansazo, reflicte o desamparo e a debilidade dunha nena esgotada polo esforzo desenvolvido.

CONTEXTO FAMILIAR

Nada se nos di sobre o contexto familiar da protagonista, pero si do outro personaxe principal, Hulka Zang. A película amosa con claridade as dificultades para a supervivencia diaria vividas nalgunhas zonas rurais do país máis grande do mundo. Hulka Zang é posiblemente fillo único dunha muller soa, con problemas de saúde. Por decisión propia ou por mandato da súa nai, marcha á cidade en busca de algún traballo que lle permita sobrevivir, tanto a el como a súa nai, a pesar da súa idade, apenas dez anos. A pobreza das familias no medio rural queda posta en evidencia con toda claridade cando se presenta o contraste cos cidades, que aparece aos nosos ollos como un mundo diferente, cheo de xente, globalizado, modernizado e despersonalizado, como se reflicte na longa escena na que Minzhi tenta convencer á funcionaria da televisión de que lle permita ver ao director.

CONTEXTO SOCIAL

A película trasládenos non só a outro país, senón que, mentalmente, parece levamos a outra época, a un pasado que asociamos ás privacións supostamente superadas no noso mundo, pero non tan afastadas no tempo. Remítenos a unha sociedade que non se ten desenvolvido ao compás do desenvolvemento económico occidental.

A pobreza, a carencia de oportunidades no medio rural, a emigración cara aos núcleos urbanos e o traballo infantil son presentados como fenómenos cotiáns: a loita pola supervivencia e pola mellora das condicións de vida é unha tarefa na que se empeñan persoas adultas, nenos e nenas, todos os días. O campo parece abandonado en contraste co desenvolvemento das cidades; nembregantes, rapaces e rapazas viven xa os efectos da globalización que comeza a envolverlos, como se pode ver nesa escena na que van gastar os diñeiros conseguidos co traballo na fábrica de ledniños en comprar dous botas de Coca-Cola... para compartirlas entre vinte ou trinta nenos e nenas.



3. FICHA DIDÁCTICA

Persoas destinatarias: alumnado de Secundaria e Bacharelato, de 14 a 18 anos.
Áreas de traballo: Ética, Ciencias Sociais.

3a) OBXECTIVOS XERAIS:

- Reflexionar sobre os estereotipos de tipo sexista que na nosa sociedade inflúen de maneira poderosa sobre os mozos e mozas á hora de tomaren decisións sobre a súa vida profesional e persoal.
- Debater sobre modelos tradicionais de vida (identidade de xénero) para as mulleres e os homes, e sobre aqueles que transgreden o estereotipo, rachando moldes.
- Concienciar sobre de qué maneira o noso contorno –familiar, socioeconómico, cultural- inflúe poderosamente á hora de conseguir a igualdade de oportunidades entre as persoas.
- Desenvolver a capacidade de análise sobre o material utilizado (películas) e o debate construtivo en grupo, a partir da moderación.



3b) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Identificar aptitudes, destrezas e coñecementos que, orientados cara ao futuro profesional, poden abrir as portas a unha maior diversificación de tarefas a desenvolver por mulleres e homes.
- Reflexionar sobre as capacidades das persoas que se poñen en evidencia en situacións de dificultade, analizando as perspectivas que abren á hora de canalizalas de cara ao desempeño profesional.
- Debater sobre as desigualdades sociais existentes no mundo globalizado e as posibles solucións a esta situación de profunda discriminación para unha boa parte da humanidade.

4) CLAVES DE TRABAJO PARA A MODERADORA /O MODERADOR

CONTEXTO FAMILIAR, SOCIAL E CULTURAL

traballo infantil
desarraigo
solidariedade
empeño
responsabilidade

Toda a crítica cinematográfica ten subliñado a singularidade desta película, a súa beleza formal e de contido, conseguida mediante o traballo de actrices e actores non profesionais e a utilización da cámara oculta. Deste xeito convértese nun magnífico documental da situación actual no mundo urbano e rural de China, e dos seus contrastes. Os diálogos, mínimos, acompañan as verídicas imaxes e proporcionan un precioso relato dunha fazaña, humana e pequena, pero cun resultado gratificante e marabilloso que nos permite crer na solidariedade entre as persoas.

As difíciles condicións de vida da xente na China rural, e particularmente da infancia, póñense de relevo; as carencias do sistema educativo e as estreitezas no eido familiar dificultan enormemente a adquisición por parte de nenos e nenas da formación axeitada para levar adiante unha carreira profesional, e moitos rapaces e rapazas vense obrigadas a pórse a traballar moi cedo para axudar á supervivencia do núcleo familiar, abandonando os estudos.

Nembargantes, na película destaca a importancia de valores como a responsabilidade, o compromiso ou a tenacidade como principios que se resisten a marchar dunha sociedade como a chinesa, a pesar da súa crecente occidentalización e das modificacións que a marchas forzadas vai sufrindo.

Ni uno menos reflicte o crecemento do sentido da responsabilidade nunha rapaza encargada dunha tarefa que lle sobrepasa, o coidado de vinteito nenos e nenas que teñen case a súa mesma idade. Nin ela mesma é capaz de calibrar ata onde ten que chegar esa responsabilidade que ten asumido obrigada polas difíciles condicións económicas e a promesa dun salario puntual. Ao mesmo tempo, a busca de solucións ao problema que ten diante –a volta de Huike Zang– convértea nunha verdadeira mestra, o que non tiña sido ata ese momento. Esa busca conxunta de solucións achégaa ao seu alumnado, que se pon a colaborar de xeito entusiasta. E, finalmente a determinación, a tenacidade e teimosía que amosa para conseguir solventar todas as dificultades que atopa na súa visita á cidade terán unha sorprendente recompensa grazas á súa intervención nun popular programa de televisión, no que, co relato da súa odisea, logrará emocionar ao público, que se volcará na axuda a Huike Zang e á escola de Shuiquan, onde, por primeira vez, poderán usar moito xiz de cores, sen ter que racionalo.

O TEMA CRUCIAL DO NOSO DEBATE

As cuestións esenciais son :

destrezas
educación
cooperación internacional

- O **xurdimento**, en momentos de dificultade ou de crise, de **destrezas e aptitudes** nas persoas que poden ser de gran valor se se toman como punto de partida para un desempeño profesional no que sexan precisas. Entre elas, a tenacidade, a paciencia, o valor, a perseveranza, a responsabilidade...

- A necesidade de apostar polo **desenvolvemento dun sistema educativo** que permita que alumnas e alumnos consigan desenvolver todo o seu potencial e conseguir mellorar a situación de partida.

- A necesidade de **colaborar conxuntamente entre todos os gobernos e organismos internacionais** para a erradicación de prácticas que atentan contra a dignidade das persoas e contra os dereitos da infancia, como o traballo infantil, tendo en conta que nesa tarefa todos e todas podemos participar dun xeito activo e importante, obrigando a empresas e organizacións a asumiren ese principio no desenvolvemento das súas actividades.

+ds

51 PREGUNTAS PARA FOMENTAR O DEBATE

Preguntas sobre as escenas e diálogos da película.

- Contrapón as actitudes e metodoloxías de aprendizaxe utilizadas pola mestra Wei ao principio da película e cando se poñen a traballar para conseguir o diñeiro para a viaxe á cidade. Que diferenzas ves? Cales son os resultados dunha e outra?
- Cal é a razón pola que Minzhi Wei marcha á cidade? Cal é a túa opinión ao respecto?
- Que traballo cres ti que, de ter sorte, poderá desenvolver Huike Zang na cidade? Menciona algún país que coñezas no que os nenos e nenas traballen e as tarefas que realizan.
- Que pensas da chegada da televisión á aldea da escola?
- Que pensas que pasou co resto dos alumnos e alumnas mentres Minzhi Wei está fóra da aldea, na cidade?

